

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de agosto de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día vinte e un de agosto de dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o secretario xeral do Pleno, por ausencia do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e o interventor xeral acctal., Sr. Suárez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1077).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 30.06.06. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1078).- SENTENZA DO XULGADO DO CA Nº 1 DE VIGO NO RCA NÚM. 210/05 PA, INTERPOSTO POR D. JOSÉ CAMPOS VILA CONTRA RESOLUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10.10.05 DESESTIMATORIA DA RECLAMACIÓN EN CONCEPTO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS SOFRIDOS NO SEU VEHÍCULO. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 27.06.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia interposto contra resolución da Xunta de Goberno local do Concello de Vigo de 10.10.05 desestimatoria de reclamación en concepto de responsabilidde patrimonial formulada por José Campos Davila en data 24.06.04 por danos sufridos no vehículo da súa propiedade, matrícula

6.499BXW o día 14.10.03 con motivo dun accidente provocado por unha fendedura existente en plena calzada que non pudo evitar a tempo e que lle ocasionou danos nun neumático e nunha llanta. A sentenza falla o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de José Campos Davila fronte ao Concello de Vigo seguido como p.a. 210/05 contra a resolución arriba indicada, que se declara contraria a Dereito, coa condena ao Concello de Vigo a aboarlle á actora a cantidade de 360,07 €, mailos xuros legais dende a data da reclamación en vía administrativa, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta aos departamentos de Patrimonio e Contratación e Intervención-Fiscalización.

3(1079).-SENTENZA DO XULGADO DO CA Nº 1 DE VIGO NO RCA NÚM. 229/06 PA, INTERPOSTO POR Dª PILAR COUÑAGO RIVERA CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENZO DA RECLAMACIÓN EN CONCEPTO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS E PREXUÍZOS SOFRIDOS POR CAÍDA. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 15.06.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 21 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo estimar e estimo en parte a demanda formulada pola letrada Dª Patricia Alvarez Alonso, en nome e representación de Pilar Couñago Rivera, contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola demandante o día 11 de outubro de 2004, pola caída sufrida o día 7 do mesmo mes, sobre as 18,00 horas, a consecuencia de introducir o pé nun socavón situado na calzada da avenida da Florida, á altura do número 51, cando intentaba acceder ao seu coche que o tiña estacionado en dito lugar, anulando a mesma e condenando ao Concello demandado a que aboe á actora a cantidade de 2.837,40 €, que devengará o xuro legal dende a data de formulación da reclamación en vía administrativa ata o seu completo pagamento, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta aos departamentos de Patrimonio e Contratación e Intervención-Fiscalización.

4(1080).-SENTENZA DO XULGADO DO C.A. Nº 2 DE VIGO NO RCA NÚM. 233/06 PA, INTERPOSTO POR NOCHE Y DÍA, S.L. CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE SEGURIDADE DO 19.01.06 DESESTIMANDO RECURSO DE SANCIÓN DE 301 € POR NON IDENTIFICAR Ó CONDUCTOR QUE ESTACIONOU Ó SEU VEHÍCULO O DÍA 27.06.05 NA PARADA DO BUS. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 15.06.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 21 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo desestimar e desestimo integramente a demanda formulada polo letrado D. Abraham Tenoria Reina, en nome e representación de Asistencia y Reglaje Noche y Día S.L., contra resolución do concelleiro delegado de seguridade de 19 de xaneiro de 2006, pola que se desestimou o recurso de reposición interposto pola demandante contra a sanción de 301 € imposta por acordo de 4 de novembro de 2005, pola suposta infracción de non identificar ao conductor que estacionou o Land Rover matrícula PO-1343-H, o día 27 de xuño de 2005, na parada de bus da Porta do Sol, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ao Departamento de Seguridade.

5(1081).-SENTENZA DO XULGADO DO CA Nº 1 DE VIGO NO RCA NÚM. 3/06 PA, INTERPOSTO POR D^a M^a TERESA LÓPEZ BLANCO CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 31.10.05 DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR CAÍDA NA RONDA DE D. BOSCO. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 20.06.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por M^a Teresa López Blanco, contra resolución do Concello de Vigo de data 31 de outubro de 2005, pola que se desestima a reclamación patrimonial efectuada pola actora en data 8 de xullo de 2003, no expte. nº 16407/240, por razón dos danos persoais e materiais sufridos o día 6 de xullo de 2003, ao esbarar no paso de peóns existente á altura do nº 25 da rúa de Don Bosco, desta cidade, a consecuencia da existencia de piltura fresca non sinalizada e delimitadora da zona da ORA, colindante con dito paso de peóns; resolución que anulo, ao entendela contraria a dereito, condenando á Administración demandada a aboar á actora a cantidde de 4.819,44 €, máilos xuros legais dende a data da reclamación en vía administrativa.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse aos servizos de Contratación e Intervención-Tesourería.

6(1082).-SENTENZA DO TSXG NO RCA NÚM. 02/5051/2001 P.O., INTERPOSTO POR D. DIEGO LUIS QUINTA LORENZO E OUTROS, POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACIÓN, DESESTIMACIÓN “PRESUNTA” DA RECLAMACIÓN DO 11.05.01 POR ACCIDENTE NA PISCINA MUNICIPAL DAS TRAVESAS. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 18.05.06, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por Diego Quinta Lorenzo, Serafín Quinta Caamaño, Antonia Lorenzo Patiño contra desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial por accidente D. Diego Luis Quinta Lorenzo o 23.07.98 na piscina municipal “As Travesas”, o que anulamos, respecto do Concello, por ser contrario a dereito, e, na súa virtude, declaramos a responsabilidade patrimonial da Administración demandada en relación coa parte dos danos e perdas xa indicada causados polo anormal funcionamento do servizo público da piscina de que se trata, e, en consecuencia, condenamos solidariamente ao Concello de Vigo e á entidade Gimnasio Pazos, na súa calidade de concesionaria da mesma, a que indemnicen a Diego Luis Quintá Lorenzo pola lesións sufridas e secuelas que lle quedaron na suma de dez millóns trinta e tres mil novecentas sesenta e dous pesetas (sesenta mil trecentos catro euros), e aos seus pais Serafín Quintá Caamaño e Antonia Lorenzo Patiño, na de seiscentas oitenta e una mil setecentas cincuenta e dous pesetas (catro mil noventa e sete euros), todo iso sen especial mención en canto ao pagamentos das custas procesuais.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

7(1083).-SENTENZA DO XULGADO DO CA Nº 1 DE VIGO NO RCA NÚM. 467/05 PA, INTERPOSTO POR Dª BERTA GUARNER GONZÁLEZ CONTRA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 26.08.05 DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA OUTRA ANTERIOR DO 24.06.05 QUE ORDEOU O SEU CESE NO CARGO DE INTERVENTORA XERAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 12.06.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Berta Guarnes González fronte ao Concello de Vigo contra a resolución da alcaldesa-presidenta do concello de Vigo de 26.08.05 desestimatoria do recurso de reposición interposto por Dª. Berta Guarnes González contra o acordo municipal de 24.06.05 polo que se ondenou o seu cese no cargo de interventora xeral do Concello e a súa adscrición ao posto de interventora adxunta, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ao Departamento de Persoal.

8(1084).-SENTENZA DO XULGADO DO CA Nº 1 DE VIGO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 119/05, INTERPOSTO POR D. JORGE ARJONES GIL CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA POR SILENZO DO RECURSO INTERPOSTO FRONTE Ó CONCELLO CONTRA RESOLUCIÓN EN EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA EN OBRAS EN FRAGOSIÑO, SÁRDOMA. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 12.06.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia interposto contra desestimación presunta, por silencio, do recurso de reposición interposto por Jorge Arjones Gil fronte ao Concello de Vigo contra a resolución adoptada no

expediente de reposición da legalidade urbanística seguido co número 12640/423 en data 16.12.04. A sentenza falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Jorge Arjones Gil fronte ao Concello de Vigo no P.O. nº 119/05 contra a resolución arriba indicada, que se declara conforme a dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

9(1085).- SENTENZA DO XULGADO DO CA Nº 1 DE VIGO NO RCA NÚM. 70/05 P.O., INTERPOSTO POR D^a ANGELA MILLOS CAMPOS CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN EN CONCEPTO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DE DATA 03.12.03 POR CAÍDA NAS GRADAS EXISTENTES NA URBANIZACIÓN RIVERA ATIENZA. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 12.06.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia interposto contra acordo do Concello de Vigo de 10.01.05 desestimatorio de reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial formulada pola recorrente ante o Concello en data 3.12.03 pola súa caída o día 7.02.00 nas gradas existente na urbanización Rivera Atienza de Vigo a consecuencia do mal estado de mantemento e conservaición das losetas ou placas dun chanzo de ditas gradas. A sentenza falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Angela Millos Campos fronte ao Concello de vigo seguido como P.O. 70/05 contra a resolución arriba indicada que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio.

10(1086).- SENTENZA DO XULGADO DO CA Nº 1 DE VIGO NO RCA NÚM. 337/05 P.A., INTERPOSTO POR D^a M^a TERESA CARRERA TORRE-MARÍN E AQUALIA CONTRA RESOLUCIÓN DO 23.11.05 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN RECLAMACIÓN EN CONCEPTO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 29.06.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia interposto contra resolución estimatoria da Xunta de Goberno local do Concello de Vigo de 23.11.05 no expediente de responsabilidade patrimonial número 16488/240 que imputa a responsabilidade dos danos a UTE Aqualia-FCC S.A. A sentenza falla o seguinte:

Desestimo os recursos interposto pola representación de Aqualia y María Teresa Carrera Torre-Marín fronte ao Concello de Vigo seguidos como acumulados baixo o número de Procedimento Abreviado 337/05 contra a resolución arriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio.

11(1087).- AUTO DO TSXG, SECCIÓN 2ª, NO RCA NÚM. 02/4015/2000, INTERPOSTO POR D. FRANCISCO JAVIER BUGARÍN ROMÁN, CONTRA O CONCELLO E OUTRO, POR DESAFECTACIÓN DE USO PÚBLICO DE CAMIÑO VECIÑAL A GUADIÑA-SAMPAIO. ACORDO PLENARIO DO 15.04.1999. INADMITIDO.

Dáse conta do auto de data 20.10.05, dictado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declarar a inadmisión do recurso de casación interposto pola representación procesual de D. Francisco Javier Bugarín Román contra a sentenza de 19 de decembro de 2003, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sección Segunda), dictada no recurso nº 4015/00, resolución que se declara firme; con imposición ao recorrente das custas procesuais causadas. Requirase á Sala de Galicia para que aporte copia traducida ao castelán da sentenza dictada.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio.

12(1088).- SENTENZA DO TSXG NO RECURSO NÚM. 02/5405/2003, INTERPOSTO POR POMPAS FÚNEBRES DE PONTEVEDRA, S.A., IMPUGNACIÓN INDIRECTA DOS ARTIGOS 5, 17, 18 E 22 DA ORDENANZA XERAL REGULADORA DA ACTIVIDADE FUNARIARIA NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 11.05.06, dictado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debemos declarar e declaramos a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo interposto por Pompas Fúnebre Pontevedra S.A. contra os artigos 5, 17, 18 e 22 h. da Ordenanza Xeral Reguladora da Acividade Funeraria do termo municipal de Vigo, aprobada polo Pleno do Concello de dita cidade de data 30 de setembro de 2000; sen facer especial condena en custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

13(1089).- AUTO DO TSXG NO RECURSO DE APELACIÓN NÚM. 000.4097/2006, INTERPOSTO POR ASTILLEROS Y CONSTRUCCIONES LAGOA, S.A., CONTRA AUTO DE DATA 23.12.05 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE VIGO NO PROCEDIMENTO PSS (PEZA SEPARADA DE SUSPENSIÓN RCA. P.O. NÚM. 267/05). DESESTIMADO.

Dáse conta do auto de data 08.06.06, dictado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestímase o recurso de apelación interposto por Astilleros y Construcciones S.A. contra Auto de data 23.12.05 dictado no procedemento PSS 0000001/2005 polo Xulgado do Contencioso nº 001 de Vigo, confírmase dita resolución. Impónse ao apelante as custas devengadas na segunda instancia.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto..

14(1090).- AUTO DO XULGADO DO CA Nº 1 DE VIGO NO RCA NÚM. 72/05 P.A., INTERPOSTO POR D. JOSÉ Mª LOUZAO BOQUETE E AXA SEGUROS, CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN EN CONCEPTO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO POLA CAÍDA DUNHA POLA O 06.06.03. DESISTIDO.

Dáse conta do auto de data 1.02.06, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Debía acordar e acordaba ter ao procurador D. Ricardo Estévez Cernadas, en nome e representación de D. José María Louzao Boquete e da entidade Axa Aurora Ibérica de Seguros y Reaseguros S.A. por desestido na prosecución do presente procedemento. Sen facer declaración en canto a custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto do que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio e o de Parques e Xardíns.

15(1091).- SENTENZA DO XULGADO DO CA Nº 2 DE VIGO NO RCA NÚM. 177/06 P.A., INTERPOSTO POR Dª ROSA MARTÍNEZ BARROS, DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN EN CONCEPTO DE RESPONSABILIDADE MUNICIPAL POR CAÍDA NA RÚA. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 18.05.06, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo estimar e estimo en parte a demanda formulada polo procurador dos tribunais D. Manuel Castells López, en nome e representación de Rosa Martínez Barros, contra a resolución de 16 de xaneiro de 2006, pola que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola actora o 19 de xaneiro de 2004, polas consecuencias da caída sufrida na rúa Aragón o día 16 de xaneiro de 2004, anulando a mesma e condenando ao Concello demandado a que aboe á actora a cantidade de 4062,34 €, que devengará o xuro legal dende a data de presentación da reclamación en vía administrativa (19 de xaneiro de 2004) sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza do que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio.

16(1092).- AUTO DO XULGADO DO CA Nº 1 DE VIGO NO RCA NÚM. 315/05 P.A., INTERPOSTO POR D. CÁNDIDO FRANCISCO VILLAR PORTAS CONTRA RESOLUCIÓN DO 14.06.05 EN PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO. AUTO NÚM. 96 DO 20.03.06 DE DESESTIMENTO. ACEPTA O DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 20.03.06, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debía acordar e acordaba ter ao procurador D. José Francisco Vaquero Alonso en nome e representación de Cándido Francisco Villar Portas, por desistido na prosecución do presente procedemento.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto do que deberá darse conta do departamento de Seguridade, Tráfico e Transportes.

17(1093).- AUTO DO XULGADO DO CA Nº 1 DE VIGO NO RCA NÚM. 359/05 P.A., INTERPOSTO POR D. FELIPE A. ESTÉVEZ VILA CONTRA RESOLUCIÓN DO 13.07.05 EN PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO. AUTO NÚM. 154 DO 27.06.06 DE DESESTIMENTO. ACEPTA O DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 27.06.06, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debía acordar e acordaba ter ao recorrente D. Felipe Angel Estévez Vila, por apartado e desistido na prosecución do presente procedemento.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto do que deberá darse conta do departamento de Tráfico e Recadación municipal.

18(1094).- AUTO DO XULGADO DO CA Nº 1 DE VIGO NO RCA NÚM. 304/05 P.A., INTERPOSTO POR D. ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, DE DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL POR DANOS NUN VEHÍCULO. AUTO DO 10.01.06 DE DESESTIMENTO. ACEPTA O DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 10.01.06, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debía acordar y acordaba ter á produradora dona María Auxiliadora Ruíz Sánchez, en nome e representación de don Antonio Raimundo Rodríguez Fernández, por desistido na prosecución do presente procedemento. Sen imposición das custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto do que deberá darse conta do departamento de Patrimonio.

19(1095).- AUTO DO XULGADO DO CA Nº 1 DE VIGO NO RCA NÚM. 147/05 P.A., INTERPOSTO POR D. JOSÉ LUIS FONTÁN NOYA CONTRA O CONCELLO DE VIGO E AQUALIA, DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL POR DANOS NUN VEHÍCULO POR TAPA DA REDE DE SUMIDOIROS. AUTO NÚM. 119 DO 28.04.05. ACEPTA O DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 28.04.06, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debía acordar e acordaba ter a Procurador D. José Fernández González en nome e representación de José Luis Fontán Noya, por desistido na prosecución do presente procedemento.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto do que deberá darse conta do departamento de Patrimonio.

20(1096).- LISTADO DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS PARA O CURSO 2006/7. EXPTE. 16920/301

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica responsable das AMES, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o listado das Axudas Municipais Escolares de libros – Curso 2006/07 (Anexo I que consta no expediente)

AXUDAS DE LIBROS:

- Cursos: Educación infantil (2º etapa) 3a, 4a, 5a.
ESO: 1º y 3º.
- Orzamento: 60.000,00 €.
- Solicitudes recibidas: 712 (pais, nais, titores)
- Alumnos/as: 837.

1.a. CONCEDIDAS: 592 (pais, nais, turores)

As solicitudes concedidas figuran no listado que consta no expediente (Anexo I) que comeza con 23,50 puntos, en Alen López, Mª Luisa, ata Psicoya López, Miriam Requilia con 2 puntos.
Sendo o importe adxudicado nas axudas de libros 54.894,00 € e corresponde a 699 alumnos/as.

RESUMEN DAS AXUDAS POR CURSOS

CURSOS	Nº AXUDAS	CONCEDIDAS	IMPORTE
Educación infantil 3, 4 e 5 anos	3a	142 alumnos/as	30.070,00 €
	4a	134 alumnos/as	
	5a	209 alumnos/as	
	total	485 alumnos/as	
Educación secundaria 1º e 3º	1º	alumnos/as	24.824,00 €
	3º	alumnos/as	
	total	214 alumnos/as	
Totais		699 alumnos/as	54.894,00 €

1.b. LISTA DE ESPERA: 0

1.c. DENEGADAS: 120 (pais, nais, titores) e corresponden a 138 alumnos.

As solicitudes denegadas figuran no listado que consta no expediente (Anexo I) comenzando na páxina 261 con Martinez Cobian, Pilar ata Covelo Alonso, Natividad, especificando o motivo da sua denegación en cada unha delas, dacordo co recollido na cláusula sexta das bases da convocatoria.

Resumo dos motivos das denegacións:

- Solicitudes presentadas fora de prazo:.....4
- Solicitudes que non aportan la documentación requerida:.....10
- Solicitudes non están empadronadas:4
- Solicitudes alumnos matriculados nun centro privado:.....1
- Solicitudes todo los alumnos repiten curso:2
- Solicitudes denegadas por superar ingresos:99

1.d. RESUMO AXUDAS DE LIBROS – Segundo a sua resolución

RESOLUCIÓN	SOLICITANTES	ALUMNOS/AS	IMPORTE
Concedidas	592 pais, nais ou titores	699	54.894,00 €
Lista de espera	0	0	0
Denegadas	120 pais, nais ou titores	138	---
TOTAL	712	837	

2º.- Aprobar o listado das Axudas Municipais Escolares de comedor – Curso 2006/07 (Anexo I do expediente)

AXUDAS DE COMEDOR:

- Cursos: *Educación infantil (2º etapa), Educación primaria (de 1º a 6º), Educación secundaria (de 1º a 4º).*

- Orzamento: 340.000,00 €.
- Solicitudes recibidas: 979.
- Alumnos/as: 1.512.

2.a. CONCEDIDAS: 673 (pais, nais ou titores).

As solicitudes concedidas figuran no listado que consta no expediente (Anexo I) que comenza con 23,50 puntos en Alen López, Mª Luisa ata Costas Ucha, Mª Luz con 6,5 puntos.

Concedense axudas de comedor a todos los solicitantes ata 7 puntos, e os 82 primeiros de 6,5 puntos e a menor renta percápita dentro desta puntuación, ata completar o orzamento disponible.

Sendo o importe mensual concedido das axudas de comedor 40.087,00 € e os alumnos/as 1.065 que se beneficiaran del comedor dende o mes de outubro 2006 ata maio 2007, ambolos dous incluídos.

2.b. LISTA DE ESPERA: 149 (pais, nais ou titores).

As solicitudes que están en lista de espera figuran no listado que consta no expediente (Anexo I) páxina 210 con 6,5 puntos dende Quiñoy Cao, Mª Ángeles ata Cabadas Rial, Verónica con 2,5 puntos e corresponden a 229 alumnos/as sendo o importe das mesmas 8.390,00 €/mes.

2.c. DENEGADAS: 157 (pais, nais ou titores).

As solicitudes denegadas figuran no listado que consta no expediente (Anexo I) pax. 260 dende Martinez Campo, Patricia ata Lago Lago, Mª Ángeles e corresponden a 208 alumnos/as, especificando o motivo da sua denegación en cada una delas, segundo o estipulado na cláusula sexta das bases da convocatoria.

Resumo dos motivos das denegacions:

- Solicitudes presentadas fora de prazo:.....9
- Solicitudes que non aportan la documentación requerida:.....17
- Solicitudes non están empadronadas:4
- Solicitudes alumnos matriculados nun centro privado:.....1
- Solicitudes denegadas por superar ingresos:120
- Solicitudes denegadas o centro non conta con o servicio:.....5
- Solicitudes denegadas os alumnos incumplen algún requisito:.....1

2.d. RESUMO AXUDAS DE COMEDOR – Segundo a sua resolución

RESOLUCIÓN	SOLICITANTES	ALUMNOS/AS	IMPORTE/MES
<i>Concedidas</i>	<i>673 pais, nais ou titores</i>	<i>1.075</i>	<i>40.087,00 €</i>
<i>Lista de espera</i>	<i>149 pais, nais ou titores</i>	<i>229</i>	<i>8.390,00 €</i>
<i>Denegadas</i>	<i>157 pais, nais ou titores</i>	<i>208</i>	<i>---</i>
TOTAL	979	1.512	

Achéganse no expediente o listado Anexo III ca relación de axudas de comedor concedidas por colegio, en Anexo VI relación de prezos/subvención municipal/mes/alumno nos centros con servizo de comedor e Anexo V resumo estadístico por zona/alumnos/as.

3º.- Aprobar as solicitudes *non admitidas* reflexadas no Anexo II que consta no expediente, que comenza por Barrul Barrul, Mª Ángeles ata Vila Pérez, Mónica, correspondendo a alumnos/as que solicitaron axudas para libros, en cursos da gratuidade da Xunta de Galicia. Estes cursos son na educación primaria (de 1º a 6º), na educación secundaria (2º e 4º).

4º.- Informe das solicitudes dos alumnos/as segundo a súa nacionalidade.

<u>PAIS</u>	<u>Total alumnos solicitantes</u>
1. España	1.389
2. Uruguay	68
3. Bolivia	63
4. Argentina	57
5. Brasil	46
6. Colombia	43
7. Venezuela	34
8. Ecuador	16
9. Portugal	15
10. Perú	11
11. Cuba	8
12. Rumania	6
13. México	5
14. Marruecos	4
15. Bélxica	3
16. Suiza	3
17. República Dominicana	3
18. Paraguay	3
19. Senegal	2
20. Reino Unido	2
21. Eslovenia	2
22. Argelia	2
23. Angola	2
24. Alemania	2
25. Africa	1
26. Andorra	1
27. Canadá	1
28. Chile	1
29. China	1
30. Francia	1
31. Guinea Ecuatorial	1
32. Italia	1

5º.- O aboamento das axudas concedidas farase con cargo a partida 31304810000 “becas, libros e comedor” por un importe total de 400.000,00 €, dos cales 60.000,00 destinaranse as axudas de libros e 340.000,00 as axudas de comedor.

6º.- Ordear a publicación no taboleiro de anuncios do Concello e das Unidades Básicas de Acción Social dos listados coa resolución das Axudas Municipais Escolares que figuran no expediente. (Anexos I y II)

21(1097).- AUTORIZACIÓN Ó CC MEIXOEIRO DA ORGANIZACIÓN DO XI TROFEO CICLISTA FESTAS DE VIGO.EXPTE. 6329/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 7.08.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o C.C. Meixoeiro a organizar o vindeiro día 26 de agosto de 2006 a proba ciclista denominada XI Trofeo Ciclista Festas de Vigo, que está previsto que se desenvolva no barrio do Meixoeiro nun circuíto formado polas rúas Fontiñas, Avda. Vella de Madrid, Meixoeiro e camiño Tixolo, entre as 17:30 h. e as 19:30 h.

22(1098).- PROPOSTA DE SANCIÓN A TRABALLADORA BENEFICIARIA DO BIAL VANESA COSTAS ECHEGOYEN. EXPTE. 3850/077.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emrpego, do 26.07.06, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

Con data 06 de xullo de 2006, incoouse expediente disciplinario a Dona Vanesa Costas Echegoyen co DNI 53184293J, beneficiaria do Programa BIAL na categoría de peón, dándoselle á interesada trámite de audiencia e que transcurridos os dez días hábiles non presentou ningunha alegación.

Polo tanto e segundo o Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do P.M.E. 2004-2007 os feitos relatados son constitutivos de dúas faltas graves e unha moi grave. As faltas graves atópanse tipificadas no artigo 7.3 apartados f): “A desobediencia aos superiores en calquera materia de traballo,...” e q): “Reincidencia en calquera falta leve”, e dunha falta moi grave recollida no artigo 7.4 apartado l), que tipifica como falta moi grave: “ A desobediencia continuada e persistente”, o equipo técnico considera cometidas as devanditas faltas mencionadas polos feitos descritos no expediente, e ante a “proposta de despedimento”, a Comisión Paritaria na súa sesión de 20 de xullo de 2006 ratifica esta proposta de sanción.

Por todo o exposto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

- *Sancionar por falta moi grave e dúas faltas graves co despedimento a Dona Vanesa Costas Echegoyen co DNI 53184293J e co número de persoal 80035, coa categoría de peón do BIAL, polos feitos descritos. Os efectos económicos e administrativos da presente resolución surtirán efecto a partir do día seguinte á súa notificación.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

23(1099).- PROPOSTA DE SANCIÓN A TRABALLADORA BENEFICIARIA DO BIAL CRISTINA CARREIRA LÓPEZ. EXPTE. 3829/077

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emrpego, do 26.07.06, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

Con data 23 de xuño de 2006, incoouse expediente disciplinario a Dona Cristina Carreira López co DNI 53190520F, beneficiaria do Programa BIAL na categoría de peón, dándosele á interesada trámite de audiencia no que presenta como alegacións partes de baixa laboral.

Visto o informe-proposta do Equipo Técnico do BIAL e as alegacións presentadas pola beneficiaria constátase o incumprimento das obrigas laborais desta beneficiaria e a falta de xustificación de non presentarse ao seu posto de traballo dende o día 9 ao 26 de xuño.

Segundo o Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do P.M.E. 2004-2007, os feitos relatados son constitutivos de dúas faltas moi graves segundo o artigo 7.4 nos apartados l): "A desobediencia continuada e persistente" e b): "Faltar ao traballo máis de dous días ao mes, sen motivo xustificado", o equipo técnico considera cometidas as devanditas faltas mencionadas descritas no expediente, e ante a "proposta de despedimento", a Comisión Paritaria na súa sesión de 20 de xullo de 2006 ratifica esta proposta de sanción.

Por todo o exposto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

- *Sancionar por dúas faltas moi graves co despedimento a Dona Cristina Carreira López co DNI 53190520F e co número de persoal 79985, coa categoría de peón do BIAL, polos feitos descritos. Os efectos económicos e administrativos da presente resolución surtirán efecto a partir do día seguinte á súa notificación.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

24(1100).- RENOVACIÓN DO CONVENIO PARA O PROGRAMA PILOTO DE MICROCRÉDITOS. EXPTE. 3884/077.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da coordinadora do Plan municipal de emprego, do 3.08.06, conformado pola concelleira de promoción Económica, que id o seguinte:

O Concello de Vigo e Caixa Galicia, con data de 30 de novembro de 2004, asinan un convenio de colaboración para a promoción do Programa Piloto de Microcréditos (2838/077). Este convenio tiña vixencia ata o 31 de decembro de 2005 e foi renovado tacitamente ata xuño de 2006, data á que se prolongaron as actividades realizadas conxuntamente.

O obxecto deste programa é facilitar o financiamento de proxectos viables de autoemprego promovidos por persoas pertencentes a colectivos vulnerables con dificultades de acceso ao financiamento bancario por carecer de garantías ou avais.

O Concello de Vigo, a través da Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, e Caixa Galicia, a través da súa Obra Social, visto o obxectivo do Programa Piloto de Microcréditos e como foi o seu desenvolvemento, comparten a conveniencia de manter as condicións do convenio asinado o 30/11/04.

A renovación deste convenio tería unha vixencia ata o 31 de decembro de 2007 co obxectivo de dar continuidade ao programa e facilitar o acceso á ferramenta financeira para aqueles proxectos que precisan un especial apoio, como unha acción para a inserción socio-económica de certos colectivos, obxectivo do Plan municipal de emprego do CONCELLO DE VIGO e da Obra Social de CAIXA GALICIA.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1. Aprobar o texto da renovación do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Obra Social de Caixa Galicia, incluído no expediente, para a súa sinatura.*
- 2. Facultar á concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local para a sinatura deste convenio.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1101).- ACTUACIÓNS BIAL DE OBRAS CORRESPONDENTES Ó MES DE AGOSTO DE 2006. EXPTE. 3891-077.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 11.08.06, conformado pola concelleira de dito Servizo, que di o seguinte:

O pasado día 22/05/06, a Xunta de Goberno Local aprobou as obras e servizos (expte. 3745/077) coas que arrancou a segunda quenda do programa o BIAL, unha vez rematada a súa formación inicial o pasado día 31 de abril. Con posterioridade, no expte 3779/077, recóllense as actuacións con inicio previsto no mes de xuño e a descripción das realizadas no mes de maio, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 26/06/06. Achéganse copias das correspondentes certificacións destes acordos.

Para continuar co desenvolvemento normal do programa, propóñense novas obras, con inicio previsto na segunda quincena de mes de agosto, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local. Esta proposta de obras é o resultado do procedemento establecido, seguindo instrucións da Concelleira de Promoción económica e desenvolvemento local, no sentido de recoller as solicitudes dos distintos departamentos, mediante as correspondentes reunións mensuais cos responsables técnicos dos departamentos interesados, fundamentalmente das áreas de servizos xerais e de medio ambiente. O procedemento establecido indicaba tamén a necesidade de dar conta, mensualmente, á Xunta de Goberno Local do estado e características das obras realizadas e rematadas, polo que no presente expediente achégase informe do equipo técnico nese sentido.

A selección destas obras está baseada no plan formativo iniciado para a 2ª quenda de beneficiarios do BIAL e nas solicitudes dos distintos departamentos. Inténtase facer traballos de ampla diversidade, para o asentamento dos

coñecementos que os beneficiarios están poñendo en práctica nas súas tarefas cotidiás. Engadir que, por suposto, este criterio primordial de selección das obras e servizos a realizar polo programa está en equilibrio coas prioridades nas peticións que manifestan os distintos departamentos do Concello.

Por todo o exposto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

- Aprobación da programación das novas obras incluídas no presente expediente (Anexo de obras propostas polo equipo técnico do programa) para o seu desenvolvemento polo Programa municipal BIAL, con inicio previsto no presente mes de agosto.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe acorda:

1º.- Quedar enterada da situación das actuacións do Bial realizadas no mes de xullo do ano 2006, que de seguido se detallan:

O equipo técnico do BIAL informa á Xunta de Goberno Local das obras que se están a desenvolver nestes días que corren por parte do BIAL. Ademais, indícanse tamén as obras que se remataron no mes de xullo do 2006.

Reacondicionamento e pintado de vallas de obra.

- Tempo de execución estimado: dende o 2 de maio ata o final de ano.
- Descrición das tarefas executadas:

Reacondicionamento das vallas de obra do Concello e posterior pintado das mesmas.

Estase a realizar no Parque Central de Servizos do Concello por todas aquelas persoas que non poden realizar outro tipo de tarefas por impedimentos físicos.

Campaña de D.D.D.

- Tempo de execución estimado: dende o 2 de maio ata finais do programa.
- Descrición das tarefas executadas:

Estase a levar a cabo o tratamento anti-xilófagos na Escola de Artes e Oficios. E ademais:

- *Desinfección:*

Rúa Portanet, mercado de Cabral, rúa Coruña, Robleda, Bouzas, Pavillón Travesas, Bembrive, Castrelos, Balaídos, Cemiterio de Pereiró, Policía, Bombeiros de Balaídos, servizos de Castrelos,

Revisión Baixada aos muíños, Centro de salud Casco Vello, San Miguel de Oia, no Parque Municipal de Castrelos e nos colexios: Escultor Acuña, García Barbón, Cabral, Carballal

Desinfección en servizos oficiais.

- *Desratización:*

Mercado Cabral, rúa Coruña, Distrito 22, Praza da Constitución, Camiño Pedrosa, Espedrigada, San Miguel, C./ Bailen, Mª Berdiales, Numancia, Carret. Da Gándara, E. Cabello, Marqués de Valterra, Castrelos, Laboratorio, Revisión en Finisterre, Cataboy, Subida a Castrelos, Beiramar

Recollida de pomba nas rúas Progreso e Barcelona, de gaivotas e pombas na praza da Independencia e dun niño de gaivotas na rúa Vilagarcía.

Retira nido gaivotas en C./ Vilagarcía

Revisión en: Castrelos Costa, Gándara, Moaña, Couto Alto, Porriño

- *Desinsectación:*

Bembrive, Menéndez Pelaio.

- *D.D.D.:*

Nos colexios: Lope de Vega, Escola municipal de Música, Zamáns, Coutada, Beade, Sello (Cabral) Tintureira, en Bembrive, Chans, Mosteiro, Doblada, colexio infantil Villalaura, colexio infantil Nogueira, A.R. Castelao Navia, E.T. Monte Alba, Chouzo, Acuña, Cabral Carballal, Candeán Igrexa, colexio infantil O Nogal, Picacho, Eijo Garay, Pintor Laxeiro, Dr. Fleming, Virgen del Rocío, Artes y Oficios, Casiano Martínez e Camiño Pedrosa

Limpeza e reapertura de gabias en Lavadores e Cabral.

- *Tempo de execución estimado: dende o 02 de maio ata o 31 de outubro.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Limpeza e desbrozado das dúas gabias, con máquinas desbrozadoras e medios manuais, incluíndo a retirada de escombros con camión grúa con culler, e transporte destes ao vertedoiro dos seguintes camiños:

CABRAL.

Rúas Atalaia, Amor Ruival, Feliciano Rolan, Curros Enriquez. (2 gabias, 575 m.)

Camiño Real. (2 gabias, 250 m.)

Camiño Becerreira. (2 gabias, 200 m.)

Camiño Xalon. (2 gabias, 600 m)

Subida a Cotognade. (2 gabias, 600 m)

Camiño do Monte. (2 gabias 100 m.)

Mestre Alfredo Martinez. 280 m (ambos marxes)

PARQUE CENTRAL DE SERVICIOS.

Lateral dereito desde entrada bordeando o lateral ata nave dos ferreiros.

Acesos do laterales traseiros.

Instalación de FONTANARIA.

- *Tempo de execución estimado: Ata o final do mes de agosto.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Xardíns entre a rúa de Torrecedeira e Marqués de Valterra.

- *Duración: 31 de xullo.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Levantamento de adoquíns e construción de arqueta.

Instalación de tubería e demolición de pavimento de adoquíns.

Instalación de electroválvula en Torrecedeira.

Colocación posterior de adoquín.

Parque de Castrelos.

- *Duración: 17 e 28 de xullo.*

- *Descrición das tarefas executadas:*

Reparación de fuga.

Arranxo de tubería.

Localización de fuga, regulación de aspersores e reparación de toma de rego.

Cambio e reparación de 5 aspersores.

Revisión xeral de aspersores en Castrelos.

Recollida de terrazas coa Policía Municipal.

- *Tempo de execución estimado: Duración da campaña.*

- *Descrición das tarefas executadas:*

Apoio a retirada de cadeiras, mesas e pés de paraugas das terrazas.

Pavimentado.

- *Tempo de execución estimado: dende o 2 de maio ata finais do programa.*

- *Descrición das tarefas executadas:*

ALCABRE.

Asfaltado e sellado do Castañal e limpeza da Subida á Ponte.

CABRAL.

Extendido de aglomerado no torreiro de Cabral.

Pavimentado da Rúa Coutadas e bacheo de Tixolo e Meixueiro.

CANDEAN.

Extendido de aglomerado en 1ª travesía de Barreiro.

Asfaltado e selado do Camiño da Marquesa.

Limpeza do camiño de Lagoa para posterior asfaltado.

Construción de caixa para a pista Vixiador-Cachadiña. (novo camiño).

Asfaltado e selado do Camiño Trinitario Otero (2º tramo).

TEIS.

Limpeza da Subida á Ponte e aglomerado de Balbarda.

Selado de accesos aos institutos na rúa Coutadas.

Limpeza de accesos aos institutos na rúa Coutadas e Camiño Real.

SÁINS.

Rego e aglomerado da pista no Parque forestal de Saiáns.

CORUXO.

Limpeza do Camiño San Lourenzo.

MATAMÁ.

Acondicionamento da alameda.

Bacheo.

- *Tempo de execución estimado: dende o 2 de maio ata finais do programa.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

CENTRO:

*Fernando Conde con Praza Elíptica, García Barbón 94, Praza Fernando el Católico e Moiana.
Bachear rúas Brasil.*

TRAVESAS:

*Espedrigada con Fragoso.
José Mato, ao carón do mercado das Travesas.*

COIA:

Cañiza ao carón do cemiterio.

CORUXO:

Paso peóns en Samil (o carón da praia da Fonte), Carrasqueira as Tomadas.

Gasvia no aparcamento de Samil ao carón do posto da Cruz Vermella, camiño da Fonte nº 5, Núñez de Balboa 25 e Suido, Calzada e Verdeal.

BEADE.

Camiño de Presiñas, Outeiro, torreiro igrexa, Camiño das Presas.

VALADARES

Casás (dende onde dá a volta o bus), Carretera Zondal ata o cruce de Freixo e camiño Pinguela-cemiterio Valadares.

CANDEAN.

Camiño que vai dende o cemiterio de Candean ao Vixiador.

TEIS

Dr. Corbal 169, 176, Dona Fermina, Párroco Don Serafín, Plazoleta-cabeceira do autobús en Dr. Corbal 152., Traída de Aguas, Pouleira con Rorís, Cantabria con Trav. De Vigo e Cantabria con Rorís.

CABRAL.

Camiños de Fontiñas e Pinal.

OIA.

Cesáreo A. Vázquez, accesos ao parque forestal de San Miguel de Oia.

Acondicionamento dun local de Información Xuvenil, na rúa López de Neira. (Segunda fase).

- *Tempo de execución estimado: dende o 6 de Xunio ata o 30 marzo do 2007*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Construción de acometidas eléctrica, fontanaría e saneamento.

Construción de soleira de 10 m² composta por lámina de PVC, mallazo electrosaldado de 8 mm de diámetro e capa de formigón de 12 cm de altura.

Remodelación no entorno do Pazo de Castrelos.

- Tempo de execución estimado: dende o 2 maio ata o 31 de nadal de 2006. Ampliación do tempo estimado por aumento das obras a realizar.
- Descrición das tarefas executadas:

Realización dunha canalización de 305 m de lonxitude; apertura e peche de gabia e limpeza e transporte de materiais sobrantes, colocación de canalización de dous tubos de PVC de diámetro 235 e banda de sinalización.

Lixado, aplicación de imprimación e esmaltado das reixas situadas na entrada do pazo de dimensións: 6 uds. de 3,50x1,10 m, 4 uds de 1,40x1,10 m e portal de 4,50x2,50 m .

Levantamento e colocación de 10 pedras existentes de 80x40x15 cm, para paso de gabias.

Colocación de 8 arquetas prefabricadas de formigón de 50x50x50 cm para paso de instalacións eléctricas.

Excavación de zapata para 3 bases de farola de dimensións de 100x100x100 cm, colocación de ancoraxese e formigonado das mesmas. Isto supón 38,5m de excavación de gabia e colocación de tubo de PVC para posterior instalación de liñas.

Colocación de 10 tapas arquetas de conexións eléctricas.

Levantar e voltar colocar pedras do paso situado a entrada para paso de canalización eléctrica 4,70 m².

Levantar e voltar colocar pavimento de adoquín do paso situado a entrada lateral para paso de canalización eléctrica 0,75 m².

Demolición de 2,00 m³ de muro de pedra e reposición do mesmo para colocar dúas caixas para cadros eléctricos listos para instalación de aparellos.

Colocar pavimento de pizarra en tiras con morteiro de cemento, entre pavimento de granito existente, previa eliminación de material sobrante: 61 ud de 200 cm x 6 cm.

Colocar 3 arquetas prefabricadas de P.V.C de 30x30x30 cm para paso de instalacións.

Extendido de 250 m² de xabre en camiño e posterior perfilado, rastrelado e compactado con rulo mecánico.

Levantar e voltar colocar 8,40 m² de pavimento de pedra no paso situado no lateral dereito do pazo, para paso de canalización eléctrica. Prepiños de 55 cm de ancho por 18 cm de grosor.

Excavación de 15 m de gabias para instalación de tubo macarrón de 63 mm e volver tapalos, abrir e cerrar gabia e limpeza e transporte de materiais sobrantes.

Colocar 1 arqueta prefabricada de P.V.C de 30x30x30 cm para paso de instalacións.

Enganchar en baixante existente a rede de saneamento, con tubo metálico do mesmo diámetro ca das baixadas. Incluso construción de arqueta para enganche a rede.

INSTALACION ELÉCTRICA.

Instalación alumeados, liña de alimentación dende arquetas de conexión 4 Ud de 5 m. Incluindo o conexiónado e posta en funcionamento das luminarias existentes.

Colocar tubo acero inox. 22 mm. e acometida 3 x 1,5 mm. (4 Ud de 3 m).

Preparar cadro eléctrico para instalar aparelaxe.

Acometidas.

Instalación cable eléctrico soterrado e en mangueiras.

3 Mangueiras de 4x25 mm + liña de 16 mm de terra de 235,00 m de lonxitude.

2 Mangueiras de 4x25 mm + liña de 16 mm de terra de 143,25 m de lonxitude.
Acometida de farois do exterior
4 liñas de 6 mm de lonxitude 38,55 m.
Incluíndo a eliminación de liña existente e catro aló xenos.
Instalación de posta a terra composta de 1,5 m de cable de 35 mm e piqueta de 2,00 m
2 ud de empalmes químicos.

Montaxe e instalación de dous cadros forza e alumeado cos seguintes compoñentes:

2 Ud. térmicos de 4x63
2 Ud. diferenciais de 4x63 30 mA.
4 Ud. térmicos de 4x25
3 Ud. térmicos de 2x25
3 Ud. diferenciais de 4x40 30 mA.
21 Ud. regleta WEINDMULLER.
6,00 m. fío de cor azul de 10 mm²
3,00 m. fío de cor marrón 10 mm²
3,00 m. fío de cor gris 10 mm²
3,00 m. fío de cor negro 10 mm²
6,00 m. fío de cor azul 6 mm²
6,00 m. fío de cor marrón 6 mm²
6,00 m. fío de cor gris 6 mm²
6,00 m. fío de cor negro 6 mm²
4 Ud. contactores de 3x25
1 Ud. reloxo astronómico.
3,00 m canaleta de 40x40
3,00 m canaleta de 60x40

Instalación de 11 farois no muro da fachada. Incluíndo montaxe de lámpadas, cristais das ópticas, mecanismos e conexión dos mesmos á liña xeral. Reposición de 3 brazos realizando tamén o esmaltado dos mesmos.
Instalación cable eléctrico enterrado e en mangueiras.
Mangueiras de 3x1,5 mm e 3x2,5 mm de 25 m de lonxitude.

Dispensario médico no Parque Central. – Actividade incluída no Plan Formativo

- Duración: dende o 2 maio ata o 13 de xullo.
- Descrición das tarefas executadas:

Desmontar estantes existentes, traspasar materiais e ferramentas ao novo local de almacén.

Marcado de tabiques interiores.

Construción de 45,70 m² de tabique de ladrillo semimacizo de 25x12x11 cm., recibido con morteiro de cemento e area de río 1/6, incluíndo o planeamento, rozas, humedecido das pezas e limpeza.

Revestimento dunha parede de 26 m² con estucado.

Construción de 6 piares metálicos (4 de 80x80x4 e 2 de 100x100x4 mm). Base de chapa de 50x50x10 mm, incluíndo o armado con 4 D12 mm e formigonado do conxunto.

Colocación de vigas de aceiro HEB -100 5 Ud de 6,35 m de lonxitude.

Construción de 40 m² de forxado con base de chapa colaborante de 0,7 mm, mallazo electrosoldado de diámetro 8 mm en cuadrícula de 15x15 cm, armado con negativos, encofrado e apuntalado, vertido e vibrado de capa de formigón HA-25 de 15 cm de espesor.

Apertura de oco para ventás en fachada existente con demolición da mesma: 200x101 cm, 80x101m e 400x101 m.

Revestimiento paredes con estucado: 80,26 m²

Revestimiento paredes para alicatar: 10,26 m²

Reforma de fachada para construcción de tres fiestras. Trabajos realizados sobre plataforma elevadora.

3,00 m² de demolición de fábrica de bloque e tabique interior de fachada.

16 m. de dintel de formigón pretensado, colocado no muro exterior de bloque e na cámara interior de tabique, realizando tamén a apertura de ocos para a súa colocación, formación de apoios con perfís metálicos e tomado do dintel.

8,00 m² de construcción de muro interior de bloque de formigón de cor gris de 20x40x15 cm modelo de "punta de lanza" tomado con morteiro de cemento, incluso formación de rebaixe na primeira fiada con p.p de armado da fábrica con 2 D 6 mm.

32,00 m² de construcción de trasdosado de cartón-xeso con aillamento incorporado, a para illamento de fachada.

23,00 m² de licatado de paredes con plaqueta de gres incluso rexuntado.

6,00 m² de solado de pavimentos de zonas humedas con plaqueta de gres incluso rexuntado.

36,00 m² de construcción de falso teito de cartón-xeso incluso perfilaría metálica para a súa colocación.

112,26 m² de aplicación de pintura cor branca en paredes e teitos, previo emplastecido e lixado, aplicación de tres mans de pintura

8,00 m² de aplicación de esmalte acabado sapelly en follas de portas e marcos metalicos, previa aplicación de imprimación para metal.

36 m² de colocación de tarima flotante, incluíndo o rodapé de madeira.

Repasos de pintura e aplicación de esmalte sobre portas.

- *Instalación eléctrica:*

Colocación de tubos macarrón de 20 mm de diámetro e 150 m de lonxitude, tapado de rozas, colocación de caixas enlazables e tomado das mesmas.

Acometida eléctrica: Instalación de tubo PVC de D40 mm (lonxitude de 21 m), dúas caixas de rexistro 20x15 e instalación 85 m de manguera de 5x6 mm e 5x10 mm.

Acometida para a detección incendios: Instalación de tubo PVC de D16 mm, dúas caixas de rexistro de 11x11.

Cableado da instalación.

Colocación de aparellos electricos e o seu conexionado.

5 luminarias de 4x36

Cadro electrico:

3 diferencias de 2X40

3 diferencias 2X25

2 magnetotérmicos 4X16

2 magnetotérmicos 4X10

1 magnetotérmico 4X20

1 Timbre con pulsador.

3 Puntos de luz simple, incluso colocación e conexionado de interruptor.

1 Puntos de luz conmutado, incluso colocación e conexionado de conmutador.

2 Apliques.

4 Caixas de conexionado de 100x150

1 Caixas de conexionado de 100x100

4 Emerxencias.

Acometida de instalación de telefonía con 60 m de cable de 8 pares, instalado en tubo PVC.

Colocación de 5 luminarias de 4x36 incluso conexionado.

- *Instalación de fontanaría:*

Instalación de auga sanitaria. Colocación de 15 m de tubo de cobre de D16 mm e 40 m de D18 mm. Apertura de rozas, colocación de macarrón e tapado das mesmas.

Instalación de desaugadoiros: Instalación de baixada de 6 m de tubería de PVC de D110 mm, incluíndo bridas de suxeición a fachada.

Tubo de PVC de 40 mm 5 m.

Colcación de aparatos sanitarios (1 lavabo, 1 inodoro) montar moble para lavamans en sala de curas, unha barra batible e outra fixa para minusvalidos.

Reparación das barandas e farolas no paseo da praia de Samil.

- *Tempo de execución estimado: 19 de xuño ata o 17 de xullo 2006.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Esmaltado de varandas metálicas de cor branca, tramos compostos por dous tubos horizontais de 50 mm de diámetro. Catro postes do mesmo tubo. De 900 mm de alto e 7.500 de longo. Total tramos 6.

20 Ud. sde esmaltado en cor branca do primeiro tramo de farois ata unha altura de máxima de 2,00 m e de diámetro 250 mm, previa aplicación de neutralizador do óxido.

Esmaltado de varandas metálicas de cor branca, tramos compostos por un tubos horizontais de 50 mm de diámetro pasamans e dous tubos horizontais de 30 mm de diámetro. Catro postes de tubo de 50 mm de diámetro. De 1.200 mm de alto e 10.600 de longo. Total tramos: 43,00 Ud. de esmaltado en cor branca do primeiro tramo de farois ata unha altura de máxima de 1,80 m, previa aplicación de neutralizador de oxido.

Esmaltado de varandas metálicas de cor branco, tramos compostos por dous tubos horizontais de 50 mm de diámetro. Catro postes de pletina 80x40x4 mm. De 700 mm de alto e 6.000 de longo. Total tramos 1 Ud.

108,50 m de esmaltado de cor branco das verxas metálicas, formando dibuxo a base de lazos, de 75 cm de alto e 25 cm de ancho, previa aplicación de tratamento antioxidante.

Acometida eléctrica no parque do Castro.

- *Tempo de execución estimado: 14 de xuño ata 31 de nadal 2006.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Realización de 552,85 m de gabia de 20x40 cm para instalación eléctrica con tubo PVC D 63 mm.

Tramo lateral do viveiro de 100 m dobre canalización de PVC D 63 mm..

8,00 Ud arqueta de paso de instalacións de 40x40x50 cm, construída con ladrillo hoco dobre e tapa de fundición. Incluso excavación do hoco.

19,00 Ud base de farois de formigón, incluso colocación de ancoraxes, de dimensións 70x70x100 cm rematado o conxunto con un cilindro de 50 cm de diámetro e 25 cm de alto.

6,00 Ud Conexión a farois existentes, paso de instalacións con tubo PVC 63, demolición de base para acometida.

Construción dun banzo de formigón de 450x30x18 cm.

27,70 m. Reposición do pavimento existente para o paso de canalización.

1,00 Ud base de cadros electricos de formigón, de dimensións 150x45x100 cm excavacion de zapata, encofrado e desencofrado, armado do conxunto e vertido e vibrado do formigón.

Reposición de pavimentos na zona Cento.

- *Tempo de execución estimado: 15 de xuño ata o 30 de setembro 2006. Por ampliación das obras.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Rúa Oliva

Preparar pedras para a súa posterior colocación.

Levantar o pavimento existente e voltar a colocar as pedras das seguintes dimensións:

2 ud de 60x50 cm

1 ud de 80x50 cm

1 ud de 50x50 cm

1 ud de 80x40 cm

1 ud de 50x40 cm

1 ud de 50x73 cm

1 ud de 50x36 cm

1 ud de 93x45 cm

1 ud de 50x63 cm

Rúa Real.

Levantar o pavimento existente e voltar a colocar as pedras das seguintes dimensións:

1 ud de 40x40 cm

Rúa Palma.

Levantar o pavimento existente e voltar a colocar as pedras das seguintes dimensións:

1 ud de 94x30 cm

1 ud de 90x50 cm

1 ud de 80x40 cm

Rúa Real.

Levantar o pavimento existente e voltar a colocar as pedras das seguintes dimensións:

1 ud de 50x56 cm

1 ud de 75x47 cm

21 ud de 40x40 cm

2 ud de 56x30 cm

14 ud de 40x40 cm

Picar existente, cortar, colocar 21 ud de 40x40 cm.

Rúa Progreso.

Picar existente, cortar, colocar 8 ud de 80x40 cm.

Rúa Dr. Cadaval.

Picar existente, cortar, colocar 8 ud de 60x40 cm.

4 ud de 40x40 cm.

12 ud de adoquíns

19 ud de 25x25 cm.

Castrelos

Colocar pedras, 4 ud de 80x40 cm.

Rúa Príncipe.

Picar existente, cortar, colocar:

9 ud de 80x34,5 cm.

17 ud de 40x40 cm.

16 ud de 80x40 cm.

1 ud de 80x47 cm.

Rúa Urzaiz.

Picar existente, cortar, colocar:

8 ud de 60x40 cm.

4 ud de 30x40 cm.

RECORRIDO PROCESIÓN DO CRISTO DA VICTORIA.

Rúa Montero Rios.

Picar existente, cortar a peza a medida, colocar:

9 Ud. de 120x19 cm.

1 Ud. de 90x30 cm.

1 Ud. de 80x19.5 cm.

1 Ud. de 120x20.5 cm.

1 Ud. de 96x19.5 cm.

1 Ud. de 120x20 cm

1 Ud. de 80x20 cm.

2 Ud. de 84x20 cm.

1 Ud. de 50x17 cm.

Cruce García Olloqui co Nautico.

Levantarse e tomar tapa de arqueta de 80 cm de diámetro.

Rúa San Francisco, 41

Reparación de socabon na rúa, levantar o adoquin fundido, picar o formigón da soleira, e voltar a colocar os adoquíns sobre capa de morteiro de cemento. Tramos feitos:

3,00x5,00 m²

3,00x2.50 m²

3,00x1,00 m²

2,00x2,00 m²

Rúa de Policarpo Sanz.

Reparación de pavimento de terrazo de 40x40 cm existente que estaba solto, levantar e voltar a colocar con morteiro de cemento e area, 21 pezas.

Reparación de pavimento de terrazo de 40x40 cm existente que estaba roto, levantar e voltar a colocar novo terrazo con morteiro de cemento e area, 10 pezas.

Porta do Sol. (Parada Autobús).

Picar existente, cortar a peza a medida, colocar:

7 Uds. de 60x15 cm.

1 Ud. de 60x15, 4 cm

1 Ud. de 27x15 cm

1 Ud. de 30x15 cm.

Rúa Triunfo.

Picar existente, cortar a peza a medida, colocar:

1 Ud. de 90x40 cm.

1 Ud. de 40x25 cm.

Duchas na praia de FONTÍÑA.

- *Tempo de execución estimado: 15 de xuño ata o 10 de Agosto 2006 Ampliación de acometida a arqueta de saneamiento.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

DUCHA 1.

Construción de zapata de 1,00x1,00x0,5 m.

Construción de piar de formigón de 30 cm de diámetro e 2 m de alto e 25x25 cm e de 65 cm.

Forxado de 25 cm de goso, de 1,45x3,80 m de base. Incluso encofrado, montar armaduras, viguetas, bovedillas de porexpan, vertido e vibrado.

Revestimento de cantos de forxado con tableiro de madeira de sección de 6x33 cm e lonxitude total 9,25 m suxeto a formigón con tacos metalicos.

Construción de baranda de madeira, formada por pasamans de taboa de sección 9x4 cm. e cinco postes de 9x9 cm e de 135 cm de alto.

DUCHA2.

Acometida a duchas, con 50 m de tubo de polietileno de diámetro 25 mm incluso excavación e tapado de zanxa.

Construcción de arqueta areeiro de 80x80x80 cm.

Construcción de arqueta para acometida de abastecemento de augas de 40x40x40 cm.

Instalación de acometidas de abastecemento de auga e colocación de plataforma de madeira.

Construcción de cimentación de 40x40 cm de formigón e posterior asentado de bordo de pedra (20x5 cm) 7,90 m de largo. E cimentación da ducha, 25x25 cm.

Construcción de base de formigón para base de ducha de dimensións de 2,32x1,62 m. incluso formación de pendientes.

Colocación do mastro das duchas, conexión desta acometida e posta en funcionamento.

Montar tarima de madeira para solo da ducha.

Recollida de escombros en distintas zonas da casa do Concello.

- *Tempo de execución estimado: 18 ata o 19 de xullo 2006.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Retirada de escombros procedente da demolición dunha xardineiras do soto -1, retirada de combros de obra, e transporte a vertedeiro.

Duchas na praia de SAMIL.

- *Tempo de execución estimado: 1 ata o 31 de xullo 2006.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

DUCHA POSTO PARA DISCAPACITADOS.

Acometida.

Construcción de gabia para acometida:

Demolición de pavimento de asfalto con martelo picador de 30cm de ancho e excavación de gabia de 40x30 cm de 33,50 m de longo, con medios manuais.

Colocación de tubo de desague de PVC de 90 mm de Diámetro.

Excavación de gabiá de 40x30 cm de 30,50 m de longo, con medios manuais.

Colocación de tubo de suministro de augua de polietileno de 20 mm de Diámetro.

Capa de formigón en zanxa de acometida de 10 cm de goso e 30 cm de ancho e 33,50 m de longo, para o seu posterior asfaltado.

Ducha.

Construcción de arqueta areeiro de 80x80x80 cm.

Construcción de arqueta para acometida de abastecemento de augas de 40x40x40 cm.

Construcción de cimentación de 40x40 cm de formigón e posterior asentado de bordo de pedra (20x5 cm) 7,9 m de largo incluso pavimento de terrazo de 60x40 cm en cor branco colocado no borde da ducha. E cimentación do mastro da ducha, 25x25 cm.

Construcción de base de formigón para base da ducha de dimensións de 3,15x2,40 m. incluso formación de pendientes.

Instalación de acometidas de abastecemento de auga e colocación de plataforma de madeira.

DUCHA 2 (Al lado de cafetería DISANREMO).

Acometida.

Construcción de gabias para acometida:

Excavación de gabiá de 40x30 cm en sobre terra vexetal, con pala mixta e colocación de tubería de PVC 90 mm de diámetro e posterior recheo con materias sobrantes de excavación, incluso compactación, de 27,60 m de longo,

Excavación de gabiá de 40x30 cm en sobre terra vexetal, con pala mixta e colocación de tubería de polietileno 25mm de diámetro e posterior recheo con materias sobrantes de excavación, incluso compactación, de 23,50 m de longo,

Demolición de pavimento de terrazo e a súa soleira de 20cm de goso con martelo picador de 90cm de ancho. E excavación de gabiá de 40x30 cm de 31,30 m de longo, con medios manuais sobre cama de area. Colocación de tubo de suministro de augua de polietileno de 20 mm de Diámetro. Colocación de tubo de desague de PVC de 90 mm de Diámetro.

Reposición de pavimento de terrazo e a súa soleira de medidas 8,85 m²

Construcción de arqueta de paso de 60x60x60 cm. incluso tapa de fundición 2 ud.

Ducha.

Construcción de arqueta areeiro de 60x60x60 cm.

Construcción de arqueta para acometida de abastecemento de augas de 40x40x40 cm.

Demolición de bordo existente e colocación dun novo 10,10 m.

Remodelación de rampa existente para adecuación de rampa, demolición de pavimento existente 6,80 m²

Construcción de cimentación de 40x40 cm de formigón e posterior asentado de bordo de pedra (20x5 cm) 14,00 m de largo incluso pavimento de terrazo de 60x40 cm en cor branco colocado no borde da ducha. E cimentación do mastro da ducha, 25x25 cm.

Construcción de base de formigón para base da ducha de dimensións de 3,15x2,40 m. incluso formación de pendientes.

Instalación de acometidas de abastecemento de auga e colocación de plataforma de madeira.

REPARACION NO PASEO DE SAMIL.

Reparación de pavimento de terrazo de 25x25 cm existente que estaba roto, levantar e voltar a colocar novo terrazo con morteiro de cemento e area, 40 pezas.

Reparación de pavimento de terrazo de 40x40 cm existente que estaba roto, levantar e voltar a colocar novo terrazo con morteiro de cemento e area, 6 pezas.

2 Ud. de demolición de rampas de acceso a zonas de piscina, de 1.25 m x 1.20 m, para posterior construcción de xardineiras con bordo de formigón e posterior recheo con terra vexetal.

Reposición de 3 pezas de adoquín de pedra en alcorque.

Duchas na praia de CARRIL (R/ Roade).

- *Tempo de execución estimado: 1 ata o 4 de agosto 2006. Ampliacion construción de xardin anexo e pintura de varandas.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Acometida.

Construción de gabia para acometida:

Demolición de pavimento de asfalto con martelo picador de 30cm de ancho e excavación de gabia de 30x80 cm de 18,80 m de longo, con medios manuais.

Colocación de tubo de desaugue de PVC de 90 mm de Diámetro.

Excavación de gabia de 40x30 cm en sobre area, con medios manuais e colcación de tuberia de polietileno 25mm de diámetro de 22,50 m de longo,

Ducha.

Construción de arqueta areeiro de 60x60x60 cm.

Construción de arqueta para acometida de abastecemento de augas de 40x40x40 cm.

Construción de cimentación de 40x40 cm de formigón e posterior asentado de bordo de pedra (20x5 cm) 10,35 m de largo incluso pavimento de terrazo de 60x40 cm en cor branco colocado no borde da ducha 1.96 m². E cimentación do mastro da ducha, 25x25 cm. incluso colocación dos ancoraxes para a fixación deste.

Construción de base de formigón para base da ducha de dimensións de 2,33x1,63 m. incluso formacion de pendentes.

Instalación de acometidas de abastecemento de auga e colocación de plataforma de madeira.

Refuerzo de poste iluminacion, construción de base circular de formigón de 1.50 m de alto e 300 mm de diámetro.

Duchas na praia de BOUZAS.

- *Tempo de execución estimado: 1 ata o 31 de xullo 2006.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Acometida.

Construción de gabia para acometida (paseo):

Demolición de pavimento de formigón con martelo picador de 30cm de ancho e excavación de gabia de 30x40 cm de 3,80 m de longo, con medios manuais.

Colocación de dous tubo de desaugue de PVC de 90 mm de Diámetro.

Reposición do pavimento nas mesmas condicions, capa de formigón de 15 cm de grosor fratasado e cabado en cor vermella.

Excavación de gabia de 30x40 cm de 4,80 m de longo, con medios manuais, en terra dura.

Colocación de dous tubo de desaugue de PVC de 90 mm de Diámetro.

Tapado da zanza, e reposicion da capa de terra vexetal.

Ducha.

Construción de cimentación de 40x40 cm de formigón e posterior asentado de bordo de pedra (20x5 cm) 2,35 m de largo incluso pavimento de terrazo de 60x40 cm en cor branco colocado no borde da ducha 7.10 m². E cimentación do mastro da ducha, 25x25 cm. incluso colocación dos ancoraxes para a fixación deste.

Construción de base de formigón para base da ducha de dimensións de 2,22x1,52 m. incluso formacion de pendentes.

Aplicación de imprimación e acabado esmaltado en cor branco sobre caixa de chapa metálica de dimensións 110x65x250 cm.

Acondicionamento da sala de máquinas da fonte do Areal (Palleira).

- *Tempo de execución estimado: 14 ata o 18 de xullo 2006.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Aplicación de imprimación e acabado esmaltado en cor branca sobre perfil metálico IPN 120 19,50 m de longo.

Aplicación de imprimación e acabado esmaltado sobre en cor negra sobre bancada da bomba de dimensión 250x85 cm e a carcasa da bomba.

Aplicación de imprimación e acabado esmaltado en cor branca sobre tres postes metálicos de 120 mm de diámetro e 160 cm de alto.

Aplicación de imprimación e acabado esmaltado en cor branca sobre caixa de chapa metálica de dimensións 110x65x250 cm.

Construción e instalación de masts nas praias do Vao e Fontaiñas.

- *Duración: dende o 4 ata o 5 de xullo 2006.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Construción de base de formigón de dimensión 120x120x40 cm.

Mastro de tubo metálico de 150 mm e 90 mm de diámetro.

Colocación de argola e roldana para elevar a bandeira.

Colgadas tres na praia do Vao e dúas na praia de Fontaiñas.

Pintado de varanda na Praza do 8 de Marzo.

- *Duración: dende o 1 ata o 6 de xullo 2006.*
- *Descrición das tarefas executadas:*
6,00 Ud. esmaltado en cor granate de farois de altura de máxima de 5,00 m, previa aplicación de imprimación.

Cambio de luminaria na R/ Marqués de Alcedo.

- *Duración: 12 de xullo 2006.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

Cambiar base farola, demolición de soleira, excavación de pozo de dimensións de 70x70x100.

Colocar anclaxes e formigonar o conxunto.

Cortar tubo eléctrico, conexión de cables.

Reposición de pavimento existente: 1,00 m²

Demolición de bases dos postes do Campos de fútbol do Vao.

- *Duración: 11 de xullo 2006.*

- *Descrición das tarefas executadas:*

Demolición de 5 bases de cimentación de postes de formigón

2º.- Aprobar a programación das novas obras, que de seguido se transcriben, para o seu desenvolvemento polo Programa municipal BIAL, con inicio previsto no presente mes de agosto.

De acordo coas xuntanzas mantidas e as peticións dos distintos departamentos, dende o programa BIAL propomos iniciar no mes de agosto as seguintes obras:

- *Construción de beirarrúa no Camiño Devesa en Candeán..*

Construción de beirarrúa de formigón de 1,50x70 m con canalización eléctrica para alumado público e dúas entradas de 10x1,50 m.

Tempo estimado de execución: 5 semanas.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

- *Construción de rampas de accesibilidade en Caldas de Reis interior - Coia.*

Obra consistente na reparación do pavimento, construción de rampas de accesibilidade e reparación e pintado de barandas na zona comprendida entre a avda. de Castelao e as rúas Caldas de Reis e Redondela.

Tempo estimado de execución: 6 semanas.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

- *Reparación e pintado de varandas en distintas rúas da cidade.*

Reparación/reconstrución e pintado de varandas en distintas rúas da cidade, empezando por: San Lorenzo en Coruxo, rúa Panamá, Cño. Marquesa en Candeán, Cño. Canteiros en Matamá, rúa do Seixo en Beade, Cño. do Facho en Beade, rúa Arbo en Coia, avda. Atlántida (xunto a igrexa de Alcabre), San Roque, Campo de Festa de S. Campio en Valadares, cño. do Laranxo..

Tempo estimado de execución: 2 meses.

Departamento solicitante: Vías e Obras.

- *Reforma do lugar situado na sala de inspectores da área de Movilidade.*

Derribo de tabiquería e construción de novos tabiques e acondicionado deste lugar.

Tempo estimado de execución: 2 semanas.

Departamento solicitante: Movilidade e Seguridade.

26(1102).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A VAN, S.L., CONSTITUIDA PARA RESPOSTAR DA XESTIÓN DE DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL, POR IMPORTE DE 1.765,84 €. EXPTE. 1357/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da xefa de Patrimonio Histórico, do 13.07.06, o informe de Intervención Xeral do 18.07.06 e de acordo co informe do xefe de negociado de Contratación, do 3.08.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Van Divulgación Cultural S.L. con cargo á fianza de 1.765,84 € constituída para responder da “Xestión da dinamización do CAT” xa que o servizo foi recibido, por executarse conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

27(1103).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A EULEN, S.A. CONSTITUIDA PARA RESPOSTAR DA LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO, POR IMPORTE DE 27.526,38 €. EXPTE. 1389/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da oficina técnica, do 1.08.06, o informe de Intervención Xeral do 8.08.06 e de acordo co informe do xefe de negociado de Contratación, do 10.08.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver Eulen S.A. a fianza de 27.526,38 € constituída o 17.01.01 para responder da “limpeza da casa consistorial” xa que o servizo foi recibido, por executarse de acordo a cada unha das condicións sinaladas no prego que serviu de base á licitación, especialmente no que ás técnica se refire, sen que, por outra banda, fose formulada reclamación ningunha dentro do prazo sinalado no edicto publicado no B.O.P.

28(1104).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A EULEN, S.A. CONSTITUIDA PARA RESPOSTAR DA LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO (COMPLEMENTARIO), POR IMPORTE DE 865,80 €. EXPTE. 1388/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da oficina técnica, do 1.08.06, o informe de Intervención Xeral do 8.08.06 e de acordo co informe do xefe de negociado de Contratación, do 10.08.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver Eulen S.A. a fianza de 865,80 € constituída o 24.04.02 para responder da “limpeza da casa consistorial (complementario)” xa que o servizo foi recibido, por executarse de acordo a cada unha das condicións sinaladas no prego que serviu de base á licitación, especialmente no que ás técnica se refire, sen que, por outra banda, fose formulada reclamación ningunha dentro do prazo sinalado no edicto publicado no B.O.P.

29(1105).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A SEGURIDAD MAR, S.L., CONSTITUIDA PARA RESPOSTAR DA INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS NO SOTO 2º DA CASA DO CONCELLO, POR IMPORTE DE 1.191,18 €. EXPTE. 1360/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da oficina técnica, do 17.07.06, o informe de Intervención Xeral do 8.08.06 e de acordo co informe do xefe de negociado de Contratación, do 10.08.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Seguridad Mar S.L. con cargo á finaza de 1.191,18 € constituída para responder da “instalación dun sistema de protección contra incendios no garaxe so soto-2 do edificio consistorial”, xa que a subministración foi recibida e se executou conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

30(1106).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A WENCESLAO CABEZAS DEL TORO. CONSTITUIDA PARA RESPOSTAR DA XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA, POR IMPORTE DE 1.804,66 €. EXPTE. 1341/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 08.08.06 e de acordo co informe do xefe de negociado de Contratación, do 10.08.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Wenceslao Cabezas del Toro a fianza de 1.804,66 € constituída para responder da “Xestión da Escola municipal de danza” xa que o servizo foi recibido, por executarse conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

31(1107).- PROXECTO MODIFICADO SEN VARIACIÓN ECONÓMICA DA CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL NA RÚA PALENCIA. EXPTE. 8005/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 4.08.06, conformado polo xefe da Área de Contratación e polo concelleiro delegado de Educación, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 4 de novembro de 2005, acordou adxudicar a “Mantenimiento y Construcciones Alcuba, S.A.” a execución das obras de construción de unha escola infantil na rúa Palencia por un importe de 448.355,30 euros.

Con data 21 de xullo de 2006 o Arquitecto Municipal redactou un proxecto modificado sen incremento económico, en dito proxecto consta a conformidade da empresa adxudicataria.

Este proxecto reformado tramitase na forma prevista no artigo 146-4 da lei de contratos das administracións públicas, xa que de non resolver estas incidencias (o afectar a cimentación do proxecto) determinarían a imposibilidade de continuar coa a execución das obras.

Por iso propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

“Aproba-lo proxecto modificado sen incremento económico do de construción de unha escola infantil na rúa Palencia, redactado polo arquitecto municipal D. Juan Luis Piñeiro Ferradas, que non supón variación presupostaria respecto do proxecto orixinal; e adxudica-la execución das obras á empresa Mantenimiento y Construcciones Alcuba, S.A. nas mesmas condicións que rexeron a contratación inicial.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(1108).- AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA Á EMPRESA INSTELIS SISTEMAS INTELIGENTES, S.A., DA INSTALACIÓN DUN REPETIDOR DA REDE BSS/UTRAN DE AMENA AUNA, NO TÚNEL DE BEIRAMAR. EXPTE. 2545/422.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 7.08.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interiro e polo concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a INTELIS SISTEMAS INTELIGENTES SA para a ocupación do dominio público mediante a instalación dun repetidor da rede BSS/UTRAN de Amena Auna para dotar de cobertura de telefonía movíl no Túnel de Beiramar, e con sometemento as seguintes condicións xurídicas e técnicas:

Condicións xurídicas

1. *A autorización comprende exclusivamente o dereito a ocupación da zona proxectada do Túnel de Beiramar coa instalación do repetidor da rede de telefonía movíl, non implicando en ningún caso cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o mesmo.*
2. *A instalación utilizaráse exclusivamente para a prestación do servizo de telecomunicación da entidade autorizada, con exclusión expresa de calquera outro uso ou fin.*
3. *A presente autorización estará suxeita o aboamento das taxas correspondentes por aproveitamento especial do dominio público.*
4. *A entidade autorizada deberá depositar unha fianza por importe de 2.700 € (dous mil setecentos euros) para responder dos danos que se poidan ocasionar ó dominio público ocupado, nas operacións de instalación e retirada do repetidor da rede de telefonía, e durante o período que dure a ocupación, así como do cumprimento das súas obrigas.*
5. *A instalación deberá estar en perfecto estado de conservación, procedéndose a reparación ou substitución da mesma en caso contrario. Todos os gastos de mantemento e conservación corresponderánlle á entidade autorizada.*
6. *O Excmo. Concello de Vigo reservase a facultade de inspeccionar o estado da instalación, a utilización da mesma ós fins autorizados e o estado do dominio público ocupado. Se con motivo da inspección se observase calquera anomalía poñerase esta circunstancia en coñecemento do solicitante para que proceda a súa subsanación no prazo concedido ó efecto, procedéndose en caso contrario a revocación da autorización.*
7. *Cando por necesidades desta Administración, fora precisa a reubicación da instalación, o seu traslado será por conta da entidade autorizada.*
8. *A autorización outorgarase por prazo dun ano, prorrogable tácitamente por períodos anuais, se non media denuncia por ningunha das dúas partes cunha antelación mínima dun mes ó remate do prazo en vigor, e como*

máximo ata os dous anos anteriores a data de vencemento da concesión administrativa outorgada pola Autoridade Portuaria de Vigo ao Concello de Vigo o 5 de agosto de 1994.

9. A presente autorización non será transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel de ser gravada con carga ningunha.
10. A presente autorización resulta condicionada ó otorgamento da correspondente licencia de instalacións e actividades a conceder pola Xerencia Municipal de Urbanismo, e sen prexuício das demais autorizacións que requira.
11. 1.A autorización extingúrase pola concurrencia dalgunha das seguintes causas:
 - a) Transcurso do prazo polo que foi outorgada a autorización.
 - b) Renuncia da empresa á autorización.
 - c) Incumprimento dos fins ou actividades para os que foi autorizada.
 - d) Incumprimento das condicións nas que foi outorgada a autorización.
 - e) Disolución, fusión ou escisión da empresa.
 - f) Pola resolución anticipada da concesión administrativa otorgada pola Autoridade Portuaria o Concello de Vigo en data 05.08.1994.
 - g) Revocación unilateral por parte do Concello de Vigo, cando así o requiran motivos de interese público municipal, o que deberá comunicarse á empresa cunha antelación mínima de dous meses.2. A extinción da autorización, con independencia da causa que a motive, en ningún caso xenerará dereito indemnizatorio algún a favor da entidade autorizada.
12. Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a empresa procederá á retirada da instalación, correndo os gastos a cargo da mesma, debendo repoñer o dominio público municipal ó seu estado orixinal.

Condicións técnicas:

1. A instalación do repetidor da rede BSS/UTRAN de Amena Auna, para dotar de cobertura de telefonía mobil no Tunel de Beiramar, executarase dacordo co proxecto asinado polo Enxeñeiro D. Juan Antonio Touriño Ruiz de data Abril 2005 e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicacións en data 27.04.2005 e nas condicións que se fixen na correspondente licencia que otorgue a Xerencia de Urbanismo.
2. Previa á instalación procederase ó replanteo dos puntos de instalación con persoal dos servizos técnicos municipais do Servizo de Electromecánicos e de seguridade, Tráfico e Transportes.
3. A instalación adecuarase as seguintes condicións fixadas polos servizos técnicos municipais:
 - Os distintos elementos instaláranse de tal maneira que non se dane as estruturas constructivas e de soporte do tunel.
 - A nova instalación non afectará as instalacións xa existentes.
 - As perforacións nos muros do tunel deberán quedar perfectamente rematadas e seladas contra os tubos, de forma que se manteñan estancas ao paso de augas.
 - Toda a tornillería, ancoraxes, ferraxes e perfilaría metálica deberán ser de aceiro inoxidable.
 - Todos os elementos instalados deberán ter o marcado CE e cumprir coas normas UNE de aplicación. Ademais deberán de cumprir os requisitos de protección relativos a compatibilidade electromagnética para no interferir cos elementos xa instalados segundo o RD 1950/1995 do 1 de decembro.
 - A realización das instalacións e os permisos de pasos de tramos de canalizacións deberán de estar autorizados, supervisados e coordinados cos Servizos Técnicos do Concello (Electromecánicos, Seguridade, Circulación e Transporte) e coa empresa mantenedora das dependencias do Tunel de Beiramar.

- *As instalacións de electricidade deberan de ser realizadas por un instalador autorizado e dirixidas por un técnico competente, cumprindo en todo momento co Regulamento Electrotécnico `para Baixa Tensión REBT RD 842/2002 do 2 de Agosto, e as súas Instrucións Técnicas complementarias.*
 - *Compartición da infraestrutura: A requerimento desta Administración, a empresa autorizada vendra obrigada a compartición da súa infraestrutura con outras operadoras que o demanden para a prestación do servizo de telecomunicacións.*
4. *Unha vez feita a instalación, e previo a súa posta en funcionamento, o solicitante deberá dar conta ós servizos técnicos municipais de Electromecánicos e Seguridade, para a súa comprobación.*

2º.- *Pola concellería Delegada da Área de Servizos Xerais designarase ó técnico encargado da supervisión e coordinación na realización de ditos traballos de instalación e, en materia de seguridade e saúde laboral consonte a normativa vixente.*

3º.- *Notificar a presente aos servizos municipais correspondentes e Xerencia Municipal de Urbanismo.*

33(1109).- DECLARACIÓN DE SOBRESEIMIENTO DO PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN DE OFICIO DE CAMIÑO DE MILLADAS E ARQUIVO DO EXPEDIENTE. EXPTE. 17404/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 17.07.06, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- *A Xunta de Goberno Local de data 6 de febreiro de 2006, adoptou a seguinte resolución: “Incoar expediente de recuperación de oficio da posesión municipal do camiño de Milladas, pola súa ocupación mediante a realización dun peche por D. Enrique Arce Campos que interrompe totalmente o seu tránsito”, e “Concederlle a D. Enrique Arce Campos un prazo de 15 días a contar dende a notificación do presente acordo de incoación, co fin de que teñan vista do expediente e poidan formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses estime por convenientes”.*

2º.- *En data 15 de febreiro de 2006, notificouse o acordo da Xunta de Goberno Local da sesión de 6 de febreiro de 2006 á D. Enrique Arce Campos, firmando o recibí o día 24 do mesmo mes.*

3º.- *Transcorrido o prazo regulamentario (ata o día 14 de marzo) para a formulación de alegacións, non se presentou nesta Unidade de Patrimonio escrito algún.*

4º.- *En data 30 de marzo de 2006 o Arquitecto de Patrimonio informa que no camiño de referencia retirouse parte do cerramento, permitindo o paso peatonal entre a Zona de Milladas e rúa Martínez Garrido.*

5º.-*Por todo o anteriormente exposto, e téndose procedido ao restabelecemento do paso peatonal, no camiño de Milladas, obxecto do presente expediente, procede o sobreseimiento e arquivo do mesmo. Sendo competente para o seu acordo a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.f da LRBRL.*

Polo que propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Declarar o sobreseimento do procedemento de recuperación de oficio iniciado por acordo de 6 de febreiro de 2006, ao terse acadado o restabelecemento do paso polo Camiño de Milladas, e conseguintemente o arquivo do expediente.

Segundo.- Notificar a presente a D. Enrique Arce Campos, e servizos municipais correspondentes.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(1111).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA ASISTENZA TÉCNICA DA XESTIÓN E ENSINANZAS DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA POLO PREZO DE 112.791,52 €. EXPTE. 1883/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada en data 31.07.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a D. WENCESLAO CABEZAS DEL TORO, por un prezo de 112.791,52 euros/ano a contratación da asistencia técnica da xestión e ensinanzas da escola municipal de Danza do Concello de Vigo, todo isto de acordo co expediente de contratación aprobado pola Xunta Local de Goberno de 19.06.2006 e a oferta presentada.

35(1112).- DESESTIMACIÓN RECURSO DE D^a JOSEFA BALLESTEROS PRADA CONTRA RESOLUCIÓN POR RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. N^o 296/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 4.08.06, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Josefa Ballesteros Prada, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 31 de marzo de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno local de data 27 de febreiro de 2006, na que se ten por desestimada a súa reclamación de responsabilidade patrimonial, formulada en data 13/08/2001, polos danos e perdas consecuencia dunha caída na vía pública.

A devandita resolución foi notificada á reclamante en data 9 de marzo de 2006 coa indicación dos recursos de que era susceptible e os respectivos prazos para a súa interposición.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- O artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP) permite ós interesados recorrer postestativamente en reposición os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os teña dictado, que deberá

fundarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da mesma lei (artigo 107 LRXAP), fixando o artigo 117 LRXAP o prazo para a súa interposición nun mes se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa.

Segundo.- No seu escrito de recurso, a Sra. Ballesteros límitase a realizar unha relación dos feitos e a citar os preceptos que regulan a responsabilidade patrimonial das Administracións públicas no noso ordenamento xurídico, sen establecer motivo ningún de oposición á resolución recorrida, que foi desestimada por falta de proba entre o accidente e o funcionamento dos servizos públicos municipais. No entanto, ningunha das alegacións aducidas ten apoio nunha causa de nulidade ou anulabilidade das resolucións administrativas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992.

Terceiro.- O artigo 79 da Lei 30/1992 permite ós interesados, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo en calquera momento do procedemento anterior ó trámite de audiencia e impón ó órgano competente para resolver a obriga de telos en conta ó redactar a correspondente proposta de resolución. No mesmo senso, unha vez finalizada a instrución do procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, a Administración ten a obriga, establecida no artigo 84 da citada lei, de dar trámite de audiencia ós interesados, poñéndolles de manifesto o expediente, para que, á vista do mesmo, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. No entanto, en ningún destes momentos, a Sra. Ballesteros presentou ningún medio de proba que acreditase a existencia dunha relación de causalidade entre o seu accidente e o funcionamento do servizo público.

Cuarto.- O órgano competente para a resolución do recurso de reposición é o mesmo que tivese dictado a resolución recorrida, neste caso, a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. Josefa Ballesteros Prada, con data 31/03/2006, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(1113).- DESESTIMACIÓN RECURSO DE D^a CARMEN MARÍA MARTÍNEZ GONZALO, CONTRA RESOLUCIÓN POR RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. Nº 251/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 4.08.06, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Carmen María Martínez Gonzalo, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 16 de marzo de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno local de data 20 de febreiro de 2006, na que se ten por desestimada a súa reclamación de responsabilidade patrimonial, formulada en data 05/07/2004, polos danos e perdas consecuencia dunha caída na vía pública.

A devandita resolución foi notificada á reclamante en data 28 de febreiro de 2006 coa indicación dos recursos de que era susceptible e os respectivos prazos para a súa interposición.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- O artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP) permite ós interesados recorrer postestativamente en reposición os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os teña dictado, que deberá fundarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da mesma lei (artigo 107 LRXAP), fixando o artigo 117 LRXAP o prazo para a súa interposición nun mes se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa.

Segundo.- No seu escrito de recurso, a Sra. Martínez limitase a realizar unha relación dos feitos, sen establecer motivo ningún de oposición á resolución recorrida, que foi desestimada por falta de proba entre o accidente e o funcionamento dos servizos públicos municipais. No entanto, ningunha das alegacións aducidas ten apoio nunha causa de nulidade ou anulabilidade das resolucións administrativas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992.

Terceiro.- O artigo 79 da Lei 30/1992 permite ós interesados, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo en calquera momento do procedemento anterior ó trámite de audiencia e impón ó órgano competente para resolver a obriga de telos en conta ó redactar a correspondente proposta de resolución. No mesmo senso, unha vez finalizada a instrución do procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, a Administración ten a obriga, establecida no artigo 84 da citada lei, de dar trámite de audiencia ós interesados, poñéndolles de manifesto o expediente, para que, á vista do mesmo, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. No entanto, en ningún destes momentos, a Sra. Martínez presentou ningún medio de proba que acredite a existencia dunha relación de causalidade entre o seu accidente e o funcionamento do servizo público.

Cuarto.- O órgano competente para a resolución do recurso de reposición é o mesmo que tivese dictado a resolución recorrida, neste caso, a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. Carmen María Martínez Gonzalo, con data 16/03/2006, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(1114).- DESESTIMACIÓN RECURSO DE D^a ANA MARÍA PINZÁS SILVA, CONTRA RESOLUCIÓN POR RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. N^o 145/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 4.08.06, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Ana María Pinzás Silva, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de marzo de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno local de data 13 de

febreiro de 2006, na que se ten por desestimada a súa reclamación de responsabilidade patrimonial, formulada en data 20/04/2004, polos danos e perdas consecuencia dunha caída na vía pública.

A devandita resolución foi notificada á reclamante en data 24 de febreiro de 2006 coa indicación dos recursos de que era susceptible e os respectivos prazos para a súa interposición.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- O artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP) permite ós interesados recorrer postestativamente en reposición os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os teña dictado, que deberá fundarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da mesma lei (artigo 107 LRXAP), fixando o artigo 117 LRXAP o prazo para a súa interposición nun mes se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa.

Segundo.- No seu escrito de recurso, a Sra. Pinzás limitábase a realizar unha relación dos feitos e a citar os preceptos que regulan a responsabilidade patrimonial das Administracións públicas no noso ordenamento xurídico, sen establecer motivo ningún de oposición á resolución recorrida, que foi desestimada por falta de proba entre o accidente e o funcionamento dos servizos públicos municipais. No entanto, ningunha das alegacións aducidas ten apoio nunha causa de nulidade ou anulabilidade das resolucións administrativas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992.

Terceiro.- O artigo 79 da Lei 30/1992 permite ós interesados, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo en calquera momento do procedemento anterior ó trámite de audiencia e impón ó órgano competente para resolver a obriga de telos en conta ó redactar a correspondente proposta de resolución. No mesmo senso, unha vez finalizada a instrución do procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, a Administración ten a obriga, establecida no artigo 84 da citada lei, de dar trámite de audiencia ós interesados, poñéndolles de manifesto o expediente, para que, á vista do mesmo, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. No entanto, en ningún destes momentos, a Sra. Pinzás presentou ningún medio de proba que acreditase a existencia dunha relación de causalidade entre o seu accidente e o funcionamento do servizo público.

Cuarto.- O órgano competente para a resolución do recurso de reposición é o mesmo que tivese dictado a resolución recorrida, neste caso, a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dña. Ana María Pinzás Silva, con data 15/03/2006, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

38(1116).- DESESTIMACIÓN RECURSO DE D^a EVA GLORIA GIMÉNEZ EDREIRA, CONTRA RESOLUCIÓN POR RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. N^o 8/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 3.08.06, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Eva Gloria Giménez Edreira, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 31 de xaneiro de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno local de data 14 de decembro de 2005, na que se ten por desestimada a súa reclamación de responsabilidade patrimonial, formulada en data 09/12/2003, polos danos e perdas consecuencia dunha caída na vía pública.

A devandita resolución foi notificada á reclamante en data 3 de xaneiro de 2006 coa indicación dos recursos de que era susceptíbel e os respectivos prazos para a súa interposición.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- O artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP) permite ós interesados recorrer postestativamente en reposición os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os teña dictado, que deberá fundarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da mesma lei (artigo 107 LRXAP), fixando o artigo 117 LRXAP o prazo para a súa interposición nun mes se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa.

Segundo.- No seu escrito de recurso, a Sra. Giménez límitase a realizar unha relación de feitos, sen establecer motivo ningún de oposición á resolución recorrida, que foi desestimada por falta de proba entre o accidente e o funcionamento dos servizos públicos municipais. No entanto, ningunha das alegacións aducidas ten apoio nunha causa de nulidade ou anulabilidade das resolucións administrativas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992.

Terceiro.- O artigo 79 da Lei 30/1992 permite ós interesados, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo en calquera momento do procedemento anterior ó trámite de audiencia e impón ó órgano competente para resolver a obriga de telos en conta ó redactar a correspondente proposta de resolución. No mesmo senso, unha vez finalizada a instrución do procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, a Administración ten a obriga, establecida no artigo 84 da citada lei, de dar trámite de audiencia ós interesados, poñéndolles de manifiesto o expediente, para que, á vista do mesmo, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. No entanto, en ningún destes momentos, a Sra. Giménez presentou ningún medio de proba que acredite a existencia dunha relación de causalidade entre o seu accidente e o funcionamento do servizo público.

Cuarto.- O órgano competente para a resolución do recurso de reposición é o mesmo que tivese dictado a resolución recorrida, neste caso, a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. Eva Gloria Giménez Edreira, con data 31/01/2006, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

39(1117).- DESESTIMACIÓN RECURSO DE D^a NIEVES MARTÍNEZ DACOSTA, CONTRA RESOLUCIÓN POR RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. N^o 16414/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 3.08.06, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Nieves Martínez Dacosta, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de decembro de 2005, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno local de data 21 de novembro de 2005, na que se ten por desestimada a súa reclamación de responsabilidade patrimonial, formulada en data 15/07/2003, polos danos e perdas consecuencia dunha caída na vía pública.

A devandita resolución foi notificada á reclamante en data 2 de decembro de 2005 coa indicación dos recursos de que era susceptible e os respectivos prazos para a súa interposición.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- O artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP) permite ós interesados recorrer postestativamente en reposición os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os teña dictado, que deberá fundarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da mesma lei (artigo 107 LRXAP), fixando o artigo 117 LRXAP o prazo para a súa interposición nun mes se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa.

Segundo.- No seu escrito de recurso, a Sra. Martínez límitase a realizar unha relación de feitos, sen establecer motivo ningún de oposición á resolución recorrida, que foi desestimada por falta de proba entre o accidente e o funcionamento dos servizos públicos municipais. No entanto, ningunha das alegacións aducidas ten apoio nunha causa de nulidade ou anulabilidade das resolucións administrativas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992.

Terceiro.- O artigo 79 da Lei 30/1992 permite ós interesados, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo en calquera momento do procedemento anterior ó trámite de audiencia e impón ó órgano competente para resolver a obriga de telos en conta ó redactar a correspondente proposta de resolución. No mesmo senso, unha vez finalizada a instrución do procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, a Administración ten a obriga, establecida no artigo 84 da citada lei, de dar trámite de audiencia ós interesados, poñéndolles de manifesto o expediente, para que, á vista do mesmo, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. No entanto, en ningún destes momentos, a Sra. Martínez presentou ningún medio de proba que acreditase a existencia dunha relación de causalidade entre o seu accidente e o funcionamento do servizo público.

Cuarto.- O órgano competente para a resolución do recurso de reposición é o mesmo que tivese dictado a resolución recorrida, neste caso, a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. Nieves Martínez Dacosta, con data 20/12/2005, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

40(1118).- DESESTIMACIÓN RECURSO DE D. ALEJANDRO GONZÁLEZ-CARRERÓ LÓPEZ, CONTRA RESOLUCIÓN POR RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. Nº 178/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 4.08.06, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Alejandro González-Carreró López, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de novembro de 2005, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno local de data 10 de outubro de 2005, na que se ten por desestimada a súa reclamación de responsabilidade patrimonial, formulada en data 13/05/2004, polos danos e perdas consecuencia dunha caída na vía pública.

A devandita resolución foi notificada á reclamante en data 26 de outubro de 2005 coa indicación dos recursos de que era susceptible e os respectivos prazos para a súa interposición.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- O artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP) permite ós interesados recorrer postestativamente en reposición os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os teña dictado, que deberá fundarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da mesma lei (artigo 107 LRXAP), fixando o artigo 117 LRXAP o prazo para a súa interposición nun mes se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa.

Segundo.- No seu escrito de recurso, o Sr. González-Carreró limitase a realizar unha relación dos feitos, sen establecer motivo ningún de oposición á resolución recorrida, que foi desestimada por falta de proba entre o accidente e o funcionamento dos servizos públicos municipais. No entanto, ningunha das alegacións aducidas ten apoio nunha causa de nulidade ou anulabilidade das resolucións administrativas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992.

Terceiro.- O artigo 79 da Lei 30/1992 permite ós interesados, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo en calquera momento do procedemento anterior ó trámite de audiencia e impón ó órgano competente para resolver a obriga de telos en conta ó redactar a correspondente proposta de resolución. No mesmo senso, unha vez finalizada a instrución do procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, a Administración ten a obriga, establecida no artigo 84 da citada lei, de dar trámite de audiencia ós interesados, poñéndolles de manifesto o expediente, para que, á vista do mesmo, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. No entanto, en ningún destes momentos, o Sr. González-Carreró presentou ningún medio de proba que acredite a existencia dunha relación de causalidade entre o seu accidente e o funcionamento do servizo público.

Cuarto.- O órgano competente para a resolución do recurso de reposición é o mesmo que tivese dictado a resolución recorrida, neste caso, a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Alejandro González-Carreró López, con data 25/11/2005, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

41(1119).- DESESTIMACIÓN RECURSO DE D^a CARMEN MARTÍNEZ SALGUEIRO, CONTRA RESOLUCIÓN POR RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. Nº 90/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 4.08.06, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Carmen Martínez Salgueiro, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de maio de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno local de data 20 de marzo de 2006, na que se ten por desestimada a súa reclamación de responsabilidade patrimonial, formulada en data 01/03/2004, polos danos e perdas consecuencia dunha caída na vía pública.

A devandita resolución foi notificada á reclamante en data 25 de abril de 2006 coa indicación dos recursos de que era susceptible e os respectivos prazos para a súa interposición.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- O artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP) permite ós interesados recorrer postestativamente en reposición os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os teña dictado, que deberá fundarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da mesma lei (artigo 107 LRXAP), fixando o artigo 117 LRXAP o prazo para a súa interposición nun mes se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa.

Segundo.- No seu escrito de recurso, a Sra. Martínez límitase a citar os preceptos que regulan a responsabilidade patrimonial das Administracións públicas no noso ordenamento xurídico, sen establecer motivo ningún de oposición á resolución recorrida, que foi desestimada por falta de proba entre o accidente e o funcionamento dos servizos públicos municipais. No entanto, ningunha das alegacións aducidas ten apoio nunha causa de nulidade ou anulabilidade das resolucións administrativas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992.

Terceiro.- O artigo 79 da Lei 30/1992 permite ós interesados, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo en calquera momento do procedemento anterior ó trámite de audiencia e impón ó órgano competente para resolver a obriga de telos en conta ó redactar a correspondente proposta de resolución. No mesmo senso, unha vez finalizada a instrución do procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, a Administración ten a obriga, establecida no artigo 84 da citada lei, de dar trámite de audiencia ós interesados, poñéndolles de manifesto o expediente, para que, á vista do mesmo, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. No entanto, en ningún destes momentos, a Sra. Martínez presentou ningún medio de proba que acreditase a existencia dunha relación de causalidade entre o seu accidente e o funcionamento do servizo público.

Cuarto.- O órgano competente para a resolución do recurso de reposición é o mesmo que tivese dictado a resolución recorrida, neste caso, a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. Carmen Martínez Salgueiro, con data 10/05/2006, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

42(1120).- DESESTIMACIÓN RECURSO DE D^a PAULA ALVAREZ CAMPOS, CONTRA RESOLUCIÓN POR RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. N^o 11/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 3.08.06, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Paula Álvarez Campos, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 3 de maio de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno local de data 13 de marzo de 2006, na que se ten por desestimada a súa reclamación de responsabilidade patrimonial, formulada en data 11/12/2003, polos danos e perdas consecuencia dunha caída na vía pública.

A devandita resolución foi notificada á reclamante en data 4 de abril de 2006 coa indicación dos recursos de que era susceptible e os respectivos prazos para a súa interposición.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- O artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP) permite ós interesados recorrer postestativamente en reposición os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os teña dictado, que deberá fundarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da mesma lei (artigo 107 LRXAP), fixando o artigo 117 LRXAP o prazo para a súa interposición nun mes se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa.

Segundo.- No seu escrito de recurso, a Sra. Álvarez limitase a realizar unha relación dos feitos e a citar os preceptos que regulan a responsabilidade patrimonial das Administracións públicas no noso ordenamento xurídico, sen establecer motivo ningún de oposición á resolución recorrida, que foi desestimada por falta de proba entre o accidente e o funcionamento dos servizos públicos municipais. No entanto, ningunha das alegacións aducidas ten apoio nunha causa de nulidade ou anulabilidade das resolucións administrativas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992.

Terceiro.- O artigo 79 da Lei 30/1992 permite ós interesados, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo en calquera momento do procedemento anterior ó trámite de audiencia e impón ó órgano competente para resolver a obriga de telos en conta ó redactar a correspondente proposta de resolución. No mesmo senso, unha vez finalizada a instrución do procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de

resolución, a Administración ten a obriga, establecida no artigo 84 da citada lei, de dar trámite de audiencia ós interesados, poñéndolles de manifesto o expediente, para que, á vista do mesmo, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. No entanto, en ningún destes momentos, a Sra. Álvarez presentou ningún medio de proba que acreditase a existencia dunha relación de causalidade entre o seu accidente e o funcionamento do servizo público.

Cuarto.- O órgano competente para a resolución do recurso de reposición é o mesmo que tivese dictado a resolución recorrida, neste caso, a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. Paula Álvarez Campos, con data 03/05/2006, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

43(1121).- DESESTIMACIÓN RECURSO DE D^a M^a PILAR CHIARRONI FERNÁNDEZ E D^a BEATRIZ DOMÍNGUEZ CHIARRONI CONTRA RESOLUCIÓN POR RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. N^o 14115/240. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 3.08.06, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Pilar Chiarroni Fernández, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de abril de 2006, interpón recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno local de data 13 de marzo de 2006, na que se ten por desestimada a súa reclamación de responsabilidade patrimonial, formulada en data 20/04/2001, polos danos e perdas consecuencia dunha caída na vía pública.

A devandita resolución foi notificada á reclamante en data 31 de marzo de 2006 coa indicación dos recursos de que era susceptíbel e os respectivos prazos para a súa interposición.

Fundamentos xurídicos:

Primeiro.- O artigo 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP) permite ós interesados recorrer postestativamente en reposición os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os teña dictado, que deberá fundarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da mesma lei (artigo 107 LRXAP), fixando o artigo 117 LRXAP o prazo para a súa interposición nun mes se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa.

Segundo.- No seu escrito de recurso, a Sra. Chiarroni limitábase a realizar unha relación dos feitos e a citar os preceptos que regulan a responsabilidade patrimonial das Administracións públicas no noso ordenamento xurídico, sen establecer motivo ningún de oposición á resolución recorrida, que foi desestimada por falta de proba entre o

accidente e o funcionamento dos servizos públicos municipais. No entanto, ningunha das alegacións aducidas ten apoio nunha causa de nulidade ou anulabilidade das resolucións administrativas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992.

Terceiro.- O artigo 79 da Lei 30/1992 permite ós interesados, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo en calquera momento do procedemento anterior ó trámite de audiencia e impón ó órgano competente para resolver a obriga de telos en conta ó redactar a correspondente proposta de resolución. No mesmo senso, unha vez finalizada a instrución do procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, a Administración ten a obriga, establecida no artigo 84 da citada lei, de dar trámite de audiencia ós interesados, poñéndolles de manifesto o expediente, para que, á vista do mesmo, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. No entanto, en ningún destes momentos, a Sra. Chiarroni presentou ningún medio de proba que acreditase a existencia dunha relación de causalidade entre o seu accidente e o funcionamento do servizo público.

Cuarto.- O órgano competente para a resolución do recurso de reposición é o mesmo que tivese dictado a resolución recorrida, neste caso, a Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. Pilar Chiarroni Fernández, con data 17/04/2006, mantendo firme a resolución impugnada, por non resultaren desvirtuados coas alegacións efectuadas no escrito do recurso os fundamentos legais que a motivaron”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

44(1122).- PREGO DE CONDICIÓN PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ASISTENZA TÉCNICA E COLABORACIÓN NOS PROCEDEMENTOS DE RECADACIÓN NA VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO E ASISTENCIA TÉCNICA E COLABORACIÓN NOS PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN E RECADACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN EN MATERIA DE TRÁFICO E SEGURIDADE VIAL. EXPTE. 6942/540.

Examinadas o expediente para a contratación por concurso aberto dos servizos de asistencia técnica e colaboración nos procedementos de recadación na vía de constrinximento de ingresos municipais de dereito público e xestión e recadación de expedientes sancionadores por infraccións en materia de tráfico e seguridade vial; examinado o informe da Tesourería municipal referente á viabilidade xurídica de incluír nos pregos unha cláusula referente á “subrogación convencional” do persoal que na actualidade presta os seus servizos na empresa adxudicataria; examinado o informe da Asesoría Xurídica de data 10 de agosto e o informe de fiscalización da Intervención Xeral da mesma data, a Xunta de Goberno local, de conformidade coa proposta emitida, acorda:

1º.- Aprobar o expediente de contratación no que constan incorporados os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que se transcriben no anexo deste acordo, facendo constar que, co obxecto de procurar maior coherencia na contratación a efectuar, suprímese no primeiro deles o inciso do segundo parágrafo da cláusula 17.a), no apartado relativo á adecuación dos medios

humáns ofertados. No prego de prescricións técnicas, por idénticas razóns, suprímense os parágrafos terceiro, cuarto e quinto da prescricións sexta. Na mesma prescrición, parágrafo primeiro, exclúese da subrogación ao persoal cuxo contrato sexa de alta dirección.

2º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación.

PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO ABERTO DOS SERVICIOS DE ASISTENCIA TÉCNICA E COLABORACIÓN NOS PROCEDIMENTOS DE RECADACIÓN NA VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO E XESTIÓN E RECADACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN S EN MATERIA DE TRAFICO E SEGURIDADE VIAL.

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.

Constitúe o obxecto da presente contratación a prestación, polo adxudicatario, da colaboración e asistencia técnica ós servicios municipais de recadación na tramitación dos expedientes administrativos de recadación na vía administrativa de constrinximento da totalidade dos ingresos municipais de Dereito Público susceptibles de ser recadados a través de dita vía coercitiva, calquera que sexa a súa natureza, tributaria ou non, inclusive as débedas que deban satisfacer o Estado, Comunidades Autónomas, Entidades Locais, Organismos Autónomos e outras Entidades de Dereito Público, que se tramitarán conforme dispón a normativa tributaria e recadora.

Así mesmo inclúese tamén dentro do obxecto da presente contratación a asistencia técnica e colaboración, cos servicios municipais de Tráfico e Seguridade Vial e Recadación, na tramitación dos expedientes administrativos para a xestión e recadación en período voluntario de ingreso das multas e sancións impostas como consecuencia da aplicación da Lexislación sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e normas de desenvolvemento.

Tendo en conta que a función pública de recadación, é unha función pública necesaria en tódalas Corporacións locais, e o seu cumprimento, na medida na que implica exercicio de autoridade, está reservado legalmente a persoal suxeito ó Estatuto funcionarial, o contrato comprende a realización de cantas tarefas de apoio, execución e asistencia técnica se consideren necesarias, sen que en ningún caso se contemple a produción de actos administrativos nin aqueles que impliquen exercicio de autoridade inherente ós poderes públicos.

SEGUNDA.- ORGANIZACIÓN.

Sen perxuízo das atribucións conferidas pola vixente lexislación en materia de réxime local á Alcaldía-Presidencia da Corporación e demais órganos de goberno e administración municipais, os órganos competentes do Concello de Vigo exercerán as funcións de dirección, organización, administración e autoridade que legalmente lles corresponda en función dos distintos servicios contemplados no prego de condicións. En todo caso, correspóndelle ó Tesoureiro municipal, en canto Xefe dos servicios de recadación, a súa dirección, organización, coordinación e demais funcións establecidas no artigo 5.3 do R.D. 1.174/87, de 18 de setembro, e á Intervención xeral a función de fiscalización interna dos actos de contido económico, de conformidade co artigo 4 de dita norma.

Por conseguinte, a contratación dos traballos de asistencia técnica e colaboración en materia de recadación municipal, non suporá menoscabo algún das competencias atribuídas a esta Administración municipal na fórmula de xestión directa dos servicios recadatorios, ó amparo do previsto no apartado a) do número 3 do artigo 85 da vixente Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL en adiante), polo que a empresa que

resulte adjudicataria non terá, en ningún caso, o carácter de órgano de recadación, non dependerá organicamente do Concello de Vigo, nin estará incardinada na súa estrutura administrativa.

No desenvolvemento das actividades necesarias para o funcionamento óptimo do servizo colaborará, de resultar necesario, o persoal propio do Concello de Vigo co persoal da empresa que resulte adjudicataria.

TERCEIRA.- CONTIDO E ALCANCE DAS ACTIVIDADES E SERVICIOS OBXECTO DO CONTRATO.

3.1.- CONSIDERACIÓN XERAIS.

- *Actividades e servizos mínimos esixibles. As actividades e tarefas que se definen neste Prego teñen o carácter de mínimos esixibles a prestar polo adjudicatario, incrementándose por tanto en todas aquelas que se oferten na proposta de mellora, que serán incorporadas ó contrato no caso de merecer a estimación do Concello de Vigo.*
- *Autorizacións. O adjudicatario deberá obter, se fose necesario, tódalas autorizacións e licencias, tanto oficiais como particulares, necesarias para a elaboración dos traballos e realización do contratado.*
- *Cesión e subcontratación. Tendo en conta a natureza e condicións do contrato, e que as calidades técnicas e persoais do contratista son determinantes para a adjudicación, non se admitirá a cesión do contrato a terceiros, debendo ser executado directamente polo adjudicatario.*
- *Impresos oficiais. O Concello de Vigo poderá determinar os impresos oficiais a utilizar en tódolos procesos que se deriven da aplicación do presente contrato. Unha vez definidos polo Concello, a súa confección será por conta da empresa adjudicataria.*
- *Outras obrigas e dereitos da Administración municipal e o adjudicatario.*
- *Corresponde á Administración municipal cursar as instrucións que estime convenientes para a correcta execución das tarefas encomendadas, así como para a consecución dos obxectivos fixados.*
- *Corresponde á Administración municipal esixir do adjudicatario a adopción de medidas concretas e eficaces para conseguir o establecemento do bo orde do servizo.*
- *Corresponde o adjudicatario, responder da correcta realización dos traballos contratados e dos defectos que neles se aprecien, podendo a Administración, no caso de advertirse vicios ou defectos que os fagan inaceptables, esixir do adjudicatario a repetición dos mesmos.*
- *O adjudicatario queda obrigado a dar cumprimento, nos seus propios termos, das resolucións adoptadas polos distintos órganos municipais no ámbito das súas respectivas competencias, na medida en que tales acordos afecten ós expedientes que lle fosen entregados para súa xestión.*
- *O adjudicatario queda suxeito ó resarcimento dos danos e indemnizacións que causase, si no cumprimento das súas obrigas incorrera en dolo, negligencia ou morosidade, ou de calquera outro modo contraviñese as presentes cláusulas.*

3.2.- RECADACIÓN EXECUTIVA DE INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO.

O adjudicatario do presente concurso deberá realizar obrigatoriamente as seguintes actividades de colaboración co servizo municipal de Recadación, baixo a dirección da Tesourería municipal:

- *Atención e información ós contribuíntes e interesados, con arranxo ó disposto na normativa tributaria e administrativa.*
- *Formación dos expedientes executivos e arquivo e custodia dos mesmos.*

- Preparación e práctica das notificacións dos actos e dilixencias que deban levarse a cabo no procedemento de constrinximento ata o seu remate (providencia de constrinximento, dilixencias de embargo, resolución de recursos e reclamacións, entre outras), seguindo o réxime previsto para as notificacións nas normas administrativas xerais, coas especialidades establecidas na normativa tributaria, no seu caso.
- Formular propostas de resolución dos recursos e reclamacións presentadas contra as actuacións levadas a cabo no procedemento executivo, así como dos expedientes de devolución de ingresos indebidos por duplicidade e outras causas, cando o ingreso declarado indebido teña lugar en período executivo, que serán remitidas ó órgano competente para a súa resolución.
- Formulación de propostas a solicitudes presentadas polos contribuíntes sobre aprazamentos e fraccionamentos de pago, cando se trate de débedas incursas na vía de constrinximento, cálculo de xuros e control de pagamentos.
- Emisión dos documentos de ingreso necesarios para facer efectivo o aboamento das débedas que se atopen en período executivo, deducidas dos cargos procedentes da recadación voluntaria, así como liquidación das recargas do período executivo e xuros de demora que correspondan con arranxo ó disposto na normativa vixente.
- A recadación das débedas en período executivo realizarase a través de entidades de depósito colaboradoras na recadación municipal ou que presten o servizo de Caixa da Corporación, segundo os procedementos establecidos polo Concello de Vigo. Unicamente con carácter excepcional, e trala autorización expresa do Tesoureiro municipal, poderanse realizar cobros pola empresa adxudicataria, observándose neste suposto as directrices que a tal efecto se dicten por aquela xefatura.
- Preparación dos documentos necesarios para a execución de garantías, no seu caso.
- Asistencia e colaboración nas tarefas que se requiran para as actuacións derivadas do procedemento de execución, tales como obtención de información en rexistros públicos, presentación de mandamentos de embargo de toda clase de bens, práctica de dilixencias de embargo, designación de peritos, constitución de depósitos, designación e remoción de depositarios, e demais actuacións e dilixencias do procedemento recadatorio que non comporten exercicio de autoridade.
- Colaborar e auxiliar ós funcionarios municipais na celebración de poxas e, en xeral, nos procedementos de alleamento dos bens embargados.
- Tramitar e propor, cunha periodicidade polo menos trimestral, a declaración de falido de aqueles debedores cuxa insolvencia fora acreditada no expediente, de conformidade cos criterios sinalados polo órgano competente do Concello.
- A empresa adxudicataria levará un ficheiro informático de insolvencias susceptible de ser cruzado coas débedas vivas, co obxecto de por en coñecemento do Concello esta circunstancia.
- A empresa adxudicataria expedirá as estatísticas, resumos, estados, detalles de situación de tramitación de expedientes de constrinximento, de evolución de morosidade e demais información que lle sexa requirida polo Concello, e renderá oportunamente as contas nos prazos establecidos.
- A rendición periódica de contas instrumentalizarase mediante soporte magnético e documental, de acordo co formato e instrucións que ó respecto dicte o órgano competente. Se presentará memoria anual ante a Tesourería da xestión realizada durante o exercicio. Esta memoria se presentará nun prazo de trinta días naturais seguintes á finalización de cada exercicio.
- A empresa adxudicataria controlará diariamente os cobros e as baixas que se produzan, clasificados por conceptos, remesas e exercicios, datos que servirán para a confección dos estados e contas a render, así como para o subministro periódico de información.
- Calquera outra función análoga ou, no seu caso, complementaria das descritas anteriormente, sen que, en ningún caso, poda supoñer exercicio de autoridade polo adxudicatario.

3.3.- XESTIÓN E RECADACIÓN EN PERÍODO VOLUNTARIO DE SANCIÓN E MULTAS DE CIRCULACIÓN.

O adxudicatario do servizo deberá realizar as seguintes actividades en colaboración cos servizos municipais correspondentes:

- *Recepción, análise, lectura, comprobación e gravación informática dos datos contidos nos boletíns de denuncia facilitados polo Servizo Municipal de Tráfico e Seguridade Vial.*
- *Confección dos expedientes sancionadores para o seu sometemento ó órgano instructor.*
- *Notificación dos expedientes sancionadores con arranxo á normativa aplicable, e control das notificacións, así como publicación edictal e en diarios oficiais cando proceda.*
- *Atención ós interesados.*
- *Recepción e custodia das reclamacións e recursos que se produzan no curso dos procedementos.*
- *Preparación das propostas de informes para a resolución das reclamacións e recursos administrativos interpostos no curso dos procedementos.*
- *Control e seguimento dos expedientes sancionadores no procedemento de recadación en período voluntario de cobro.*
- *Confección de informes estatísticos que lle sexan solicitados polas xefaturas dos servizos municipais correspondentes.*
- *Calquera outra función análoga ou, no seu caso, complementaria das descritas anteriormente.*

CUARTA.- TITULARIDADE, SUBMINISTRO, CUSTODIA E CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN.

É obriga do adxudicatario non utilizar para si, nin proporcionar a terceiros, os datos e a información relacionada directa ou indirectamente cos traballos obxecto do contrato, nin publicar total ou parcialmente o contido dos mesmos, respostando, no seu caso, dos danos e perxuízos que se deriven do incumprimento desta obriga.

Con independencia da información que obteña a empresa adxudicataria, o Concello facilitará aquela que estime precisa, da que dispoña ou á que teña acceso, necesaria para unha mellor prestación dos servizos.

A información referida a cada obrigado integra os expedientes individuais ou colectivos abertos, e serán custodiados pola empresa adxudicataria a disposición do Concello e para o seu exclusivo uso, de acordo co contido e obxecto do presente contrato. Esta información, inclusive a que obteña a empresa na realización dos seus servizos, será na súa totalidade e sen excepción algunha propiedade do Concello de Vigo, polo que a empresa adxudicataria non poderá en ningún caso facilitar esta información a outras Administracións, institucións ou particulares sen que medie previa autorización escrita.

Así mesmo, o Concello será titular de pleno dereito de toda a información contida nos ficheiros, arquivos e rexistros informáticos que obren en poder da empresa adxudicataria, relacionados cos datos tributarios, fiscais, patrimoniais e persoais obtidos por aquela, necesarios para a realización dos servizos obxecto de contrato.

As anteriores obrigas de confidencialidade se establecen sen prexuízo de todas aquelas en garantía do deber de segredo que para o efecto establece a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

QUINTA.- ASISTENCIA EN PRÁCTICA DE NOTIFICACIÓN

4

As actuacións de notificación e arquivo da documentación xustificativa realizaranse pola empresa adxudicataria.

A notificación das actuacións axustarase ós criterios de seguridade e eficacia na súa realización, polo que, con carácter xeral, practicarase mediante correo certificado con acuse de recibo na forma prevista nos artigos 109 e seguintes da Lei xeral tributaria. Tamén poderá realizarse por calquera outro procedemento de comprobada

efectividade que permita ter constancia da recepción do acto notificado. Os gastos de notificación serán por conta da empresa adxudicataria.

Será obriga da empresa adxudicataria levar o control informático e documental das datas de notificación nos rexistros e antecedentes informáticos. O Concello de Vigo poderá efectuar as comprobacións que estime oportunas co obxecto de verificar a exacta coincidencia entre o rexistrado e o realizado.

Tamén será obriga da empresa adxudicataria realizar as indagacións e dilixencias precisas para localizar os enderezos e paradiros dos suxeitos pasivos pendentes de notificar co obxecto de practicar persoalmente as notificacións, acudindo ós rexistros e bases de datos ás que teña acceso, e soamente nos casos nos que tales actuacións resulten infructuosas, poderase acudir á notificación por edictos a través da súa publicación nos boletíns oficiais e taboleiro de anuncios do Concello.

O Concello de Vigo poderá controlar, en todo momento, a xestión das notificacións efectuadas. Neste sentido, o software posibilitará un control histórico das notificacións por contribuíntes.

SEXTA.- PERSOAL.

O adxudicatario estará obrigado a subrogarse nos dereitos e obrigas laborais dos traballadores que a actual empresa contratista ven adicando á prestación do servizo, sempre e cando contén cunha antigüidade mínima de tres meses na mesma e o seu contrato laboral non sexa de alta dirección. Para a efectividade da subrogación, será preciso obter o previo consentimento dos traballadores afectados.

A estes efectos, incorpórase como ANEXO II a relación do persoal que o actual contratista ten adscrito á prestación do servizo, con especificación de nomes e apelidos, posto de traballo que ocupan e antigüidade na empresa. Ademais, o órgano de contratación facilitará, aos empresarios interesados en participar na licitación que o soliciten, a documentación complementaria que precisen sobre as condicións dos contratos dos traballadores aos que afecte a subrogación.

O Xerente ou Director, con dedicación exclusiva aos servizos contratados, encargárase de dirixir os servizos nas oficinas e coordinar as relacións co Concello, sen perxuízo das facultades que correspondan aos funcionarios municipais. Deberá contar con un mínimo de seis anos de experiencia ocupando postos de dirección ou xerencia en funcións recadadoras, circunstancia que se acreditará por medio de certificado expedido polo Organismo ou Administración correspondente.

O persoal que asigne o adxudicatario á realización dos servizos obxecto da contratación terá dependencia laboral única e exclusivamente do adxudicatario, quen asume respecto a eles todo tipo de obrigas laborais, de Seguridade Social e hixiene no traballo, así como, no seu caso, fiscais, sen que en ningún caso o seu incumprimento ou infracción impliquen responsabilidade algunha para o Concello de Vigo. A entidade adxudicataria deberá atoparse ó corrente nos pagos á Seguridade Social en todo intre.

O persoal da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral algunha co Concello de Vigo, nin xerará dereitos laborais fronte a este.

A empresa adxudicataria soamente poderá recorrer á contratación de persoal a través de empresas de traballo temporal en casos excepcionais, que deberán ser suficientemente xustificadas por aquela e autorizados polo Ilmo/a. Sr/a. Alcalde/sa do Concello de Vigo.

O persoal que destine o adxudicatario á prestación do servizo obxecto da presente contratación queda obrigado ó cumprimento dunha xornada laboral mínima de 5,30 horas diarias, coincidente co horario establecido para as oficinas centrais do Concello de Vigo, sen perxuízo da posibilidade de cumprir o resto da xornada pactada entre o contratista e seu persoal a partir das 16,30 horas, excluídos sábados e festivos.

O Concello poderá dotar ós traballadores aportados pola adxudicataria dunha credencial que os identifique como persoal dependente da mesma, na súa calidade de oficina colaboradora da prestación dos servizos obxecto da presente licitación.

O Concello de Vigo poderá destinar parte do seu persoal adscrito ó servizo municipal de recadación para coadxuvar nas tarefas propias obxecto do contrato, se o estima conveniente.

É obriga do adxudicatario que o persoal que adscriba ó servizo manteña un correcto trato nas súas relacións cos contribuíntes, observando o disposto ó respecto na normativa tributaria e administrativa en xeral.

SÉTIMA.- MEDIOS INFORMÁTICOS.

7.1.- MEDIOS FÍSICOS.

7.1.1.- REDE DE DATOS.

O adxudicatario instalará a rede de voz e datos necesaria para comunicar os postos de traballo cos servidores centrais por medio dun ou varios switches, subrede que conectará coa rede municipal a un switch propiedade do Concello.

As características mínimas da rede a instalar polo adxudicatario contemplarán as seguintes facilidades:

- 1 ou varios Switch de alomenos 100 Mbs.*
- Rede de categoría 6 ou 5E.*
- Switch con capacidade de control de tráfico, control de seguridade, xestión por liña de comandos ou mediante páxina Web con patróns definidos.*

O acceso a Internet polo persoal do adxudicatario farase a través do acceso corporativo do Concello, e coas medidas de seguridade e as normas de petición de acceso que rexen para os usuarios do Concello.

A conexión a outras redes externas ó Concello, deberán poñerse en coñecemento do Servizo de Informática e ser autorizada por este.

E importante o control da rede interna pola conexión da mesma a rede municipal, o que implica que deberán seguir as normas de seguridade publicadas para o uso de Recursos Informáticos do Concello de Vigo.

7.1.2.- EQUIPOS INFORMÁTICOS.

O adxudicatario instalará os equipos informáticos nos que se executarán os procesos para a prestación do servizo, alí onde lle indique o Concello.

O Concello ten que ter a seguridade de que os medios informáticos cos que conta o adxudicatario son acordes coa labor a desenrolar, facilitando as tarefas do persoal da empresa e podendo integrarse, na medida do esixible, cos sistemas informáticos municipais.

A empresa adxudicataria instalará equipos informáticos de última xeración, con potencia e capacidade suficiente para procesar e almacenar o volume de datos necesario para a súa xestión. As características e volume dos datos a procesar serán subministrados os licitadores polo servizo de informática do Concello.

Os equipos instalados estarán amparados por unha garantía e mantemento nas que o tempo de resposta dado pola empresa adxudicataria dos contratos de mantemento non supere as catro horas desde a comunicación da avaría.

Tódolos equipos informáticos instalados pola empresa adxudicataria no Concello, serán de provedor de prestixio recoñecido.

O número de postos de traballo estará en concordancia co persoal que a empresa adxudicataria dedique ás labores administrativas. Os servidores deberán soportar un incremento dun 50% mais de usuarios que os iniciais.

Tamén é importante a periferia dedicada a dar atención os cidadáns que acudan as ventañas da Axencia Executiva, polo que se terá en conta os medios informáticos que a empresa adxudicataria destine a estas labores.

Utilizarán sistemas de impresión suficientes, que permitan a elaboración de impresos de carácter profesional.

O adxudicatario instalará un Sistema de Alimentación Ininterrompida (SAI), con capacidade suficiente para permitir o cerre ordenado dos recursos ante unha caída da tensión eléctrica, e evitar así a perda de datos.

Os equipos informáticos aportados polo adxudicatario serán da súa propiedade durante a vixencia do contrato, pasando a propiedade do Concello, si éste o considera oportuno, ó remate do mesmo.

O servizo de Informática poderá verificar, en calquera momento, o cumprimento dos requirimentos destas bases.

7.2.- MEDIOS LÓXICOS.

7.2.1.- SOFTWARE DE BASE.

O Sistema operativo dos servidores pode ser Unix, Linux ou Windows Server, sempre nas últimas versións, e deberá admitir a conexión restrinxida de usuarios do Concello con Sistemas Operativos diversos (Unix, Linux ou Windows).

A Base de Datos deberá ser estándar SQL, preferiblemente Informix, permitindo a conectividade e provendo o Concello dos drivers correspondentes para permitir os accesos desde a base de datos corporativa (Informix IDS), ou desde outras Bases de Datos.

O adxudicatario deberá instalar en todo o Sistema Informático os programas de seguridade (Antivirus, FireWall, etc.) facilitados polo Concello de Vigo, ó que debe abonar o importe das licencias anuais.

O adxudicatario respectará as normas que en materia de uso dos Recursos Informáticos e en Protección de Datos de carácter Persoal, teña vixente o Concello de Vigo ou sexan de cumprimento obrigado pola lexislación vixente.

Os ofertantes aportarán documentación relativa as solucións que implantarán para:

- *Procedementos de copias de seguridade e recuperación da Información.*
- *Uso de contrasinais para acceder os sistemas.*
- *Outros procedementos de Seguridade.*

O Servicio de Informática do Concello de Vigo ten a potestade de verificar en calquera momento o cumprimento das obrigas en materia de seguridade e protección de datos adquiridas polo adxudicatario.

7.2.2.- APLICACIÓNS.

As aplicacións a instalar polos ofertantes serán as de xestión da recadación executiva e xestión de multas de tráfico, ámbalas dúas adaptadas ás normas e procedementos esixidos pola Lei xeral tributaria, Lei de tráfico e seguridade vial e demais normas de aplicación. Permitirán o procesamento da información subministrada polo Concello e ampliada cos tratamentos propios da xestión da empresa adxudicataria conseguindo un tratamento integral da xestión recadadora e das multas de tráfico.

Darán información a Administración Municipal que sirva para tratamentos masivos ou cadros resumen para información a dirección, con diversas formas de presentación (follas de Cálculo, ficheiros, etc.).

Deberán contemplar as distintas situacións nas que se encontran os expedientes administrativos, e dar solución as demandas dos cidadáns en canto as formas de pago ou fraccionamento das débedas.

Permitirá os pagos dos cidadáns mediante Internet ou a través de entidades bancarias, e tratarán axeitadamente as comunicacións mediante os cadernos do Consello Superior Bancario.

Permitirán a integración coas aplicacións propias do Concello de Vigo mediante compartición de ficheiros ou intercambio dos mesmos, e tamén de xeito directo podendo acceder mediante procedementos definidos desde as aplicacións do Concello á información contida nas bases de datos da Axencia Executiva. Nesta integración estarán as Aplicacións de Recadación Voluntaria, Xestión Tributaria, Contabilidade, e Xestión de Expedientes.

Levarán un ficheiro histórico de actualizacións nas bases de datos de xeito que quede rexistrado o usuario que efectúa a operación, data e hora da mesma, e situación do rexistro antes e despois da modificación. A estes efectos, para garantir a seguridade e confidencialidade do sistema, así como para determinar as posibles responsabilidades, a cada un dos usuarios autorizados asignaráselle un código e unha chave de acceso do seu exclusivo uso e coñecemento.

Os cidadáns poderán acceder a información que deles dispoña a empresa adxudicataria en razón a este contrato de xeito sinxelo e de forma non presencial (Correo, Internet, Teléfono), e podendo mediante procedementos telemáticos realizar operacións, entre outras:

- *Pago de Recibos e Taxas.*
- *Solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de débeda.*
- *Solicitar aclaración sobre débedas.*
- *Emitir cartas de pago.*
- *Presentación de recursos ou reclamacións de calquera índole.*
- *Alegacións a multas de tráfico.*

O acceso será a través da páxina Web do Concello de Vigo, e si necesita identificación de usuario, farase desde o apartado do portal do cidadán.

O persoal autorizado do Concello de Vigo, terá acceso as aplicacións informáticas instaladas polo adxudicatario desde os equipos informáticos do Concello, para consulta da xestión realizada. A estes efectos, os licitadores

subministrarán o Concello información suficiente para valorar a adaptación das aplicacións ofertadas ás necesidades en canto a xestión do Concello.

Si as aplicacións instaladas pola adxudicataria son da súa propiedade, serán cedidas o Concello o termo do contrato. Si non son propias deberán ceder o uso das licencias por tempo indefinido, aportando a documentación necesaria e a formación adecuada para que os Servicios de Informática e Recadación municipais poidan continuar a operatoria, si o estima oportuno. A estes efectos, o Concello, ó remate do contrato abonará unicamente a parte correspondente ó mantemento das aplicacións, importe que deberá figurar expresamente no contrato.

O adxudicatario será responsable dos danos que poidan derivarse ós contribuíntes ou ó propio Concello por mal funcionamento dos sistemas informáticos instalados.

En caso de reclamacións dos cidadáns por carencias no servizo prestado polo adxudicatario que teñan relación cos medios informáticos, o Servizo de Informática do Concello poderá esixir o adxudicatario a adopción de medidas que solucionen ou minimicen o problema.

OITAVA.- INSTALACIÓNS PARA A PRESTACIÓN DOS SERVICIOS.

Para a prestación dos servizos comprendidos no obxecto da presente contratación, o Concello de Vigo porá a disposición da adxudicataria as instalacións que na actualidade se veñen dedicando a estas tarefas no interior da Casa Consistorial. Nas citadas instalacións constará un rótulo coa denominación de “Recadación Executiva”.

Será por conta do adxudicatario o custo de adaptación e acondicionamento dos locais cedidos polo Concello, así como a instalación, no seu caso, de aire acondicionado, revisión da rede de alumeado, e a adquisición do mobiliario e demais elementos necesarios para a prestación do servizo contratado, que se realizará baixo a supervisión e coa previa autorización dos órganos competentes do Concello de Vigo.

Os gastos xerais (auga, luz, limpeza, etc...) das instalacións cedidas serán a cargo do Concello de Vigo, sendo a cargo da adxudicataria os gastos de teléfono e de comunicacións, material de oficina, postais, locomoción (notificadores), honorarios notariais, aranceis de rexistro público (de propiedade e mercantil) e demais elementos necesarios para a prestación dos servizos.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO ABERTO DOS SERVICIOS DE ASISTENCIA TÉCNICA E COLABORACIÓN NOS PROCEDIMENTOS DE RECADACIÓN NA VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO E XESTIÓN E RECADACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN EN MATERIA DE TRAFICO E SEGURIDADE VIAL.

1.- DEFINICIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO.

A contratación, mediante concurso con procedemento aberto e tramitación ordinaria dunha asistencia técnica para a realización dos traballos descritos no prego de prescricións técnicas e con suxeición ó establecido nos pregos reguladores de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares.

A natureza xurídica do presente contrato é de contrato de servizos previsto no artigo 196.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas.

- A) Codificación correspondente a la nomenclatura de la clasificación de productos por actividades CPA:
748712
- B) Lotes: No.

2.- NECESIDADES A SATISFACER.

Mellorar a xestión dos procedementos recadatorios e a calidade do servizo prestado ós contribuíntes, tendo en conta que a recadación, ademais de constituír o canle para facer efectivos os recursos necesarios para o sostemento dos gastos públicos, tributarios ou non, ha de servir como instrumento da política económica xeral, atender ás esixencias de estabilidade e progreso sociais e procurar unha mellor distribución da renda nacional.

3.- PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN: RETRIBUCIÓN DO CONTRATISTA.

Tendo en conta que a retribución do contratista estará en función do resultado de recadación, non se fixa tipo de licitación, se ben se establece como presuposto orientativo anual de gasto a cantidade de 2.500.000,00 euros, IVE incluído.

Non obstante o anterior, a retribución a percibir polo contratista non poderá exceder, en ningún caso, do resultado de aplicar as porcentaxes máximas que se fixan na presente cláusula, determinándose o prezo do modo seguinte:

A) RETRIBUCIÓN POLA RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA.

A.1.- Retribución pola recadación en vía executiva de ingresos de Dereito Público, agás as multas de tráfico.

O adxudicatario terá dereito a unha remuneración de acordo coas seguintes porcentaxes máximas aplicadas sobre a recadación obtida en vía executiva, agás as multas de tráfico, en función da cifra de recadación efectiva alcanzada:

CIFRA DE RECADACIÓN EFECTIVA	PORCENTAXE MÁXIMA A FAVOR DO CONTRATISTA
Ata 3.000.000,00 euros	14% sobre o importe recadado
Dende 3.000.000,01 euros Ata 5.000.000,00 euros	16% sobre o importe recadado
Dende 5.000.000,01 euros Ata 7.000.000,00 euros	18% sobre o importe recadado
Máis de 7.000.000,01 euros	20% sobre o importe recadado

Para a determinación da cifra de recadación efectiva só se terá en conta, dos distintos compoñentes que integran a débeda tributaria, o elemento cota.

Sobre o total de recadación efectiva aplicarase a porcentaxe correspondente ó tramo no que se sitúe tal cifra de recadación efectiva.

O adxudicatario terá dereito a percibir esta retribución co carácter de entregas a conta e con periodicidade mensual, mediante a presentación das correspondentes facturas.

Cando a cifra de recadación efectiva se vaia situando nos distintos tramos da táboa anterior como consecuencia do incremento da recadación acumulada ó longo dun exercicio, o adxudicatario percibirá a porcentaxe correspondente

ó tramo no que se sitúe en función da recadación alcanzada, aplicándose a citada porcentaxe sobre o importe total recadado, ó que dará lugar á correspondente regularización, que se fará na factura correspondente á mensalidade na que teña lugar a modificación da porcentaxe aplicada.

Nas facturacións mensuais reintegraranse ó contratista os ingresos realizados polos contribuíntes en concepto de costas do procedemento de constrinximento anticipadas pola adxudicataria, que en ningún caso terán a consideración de retribución, senón de suplidos.

A.2.- *Retribución pola recadación en vía executiva das multas de tráfico.*

O contratista terá dereito a percibir unha porcentaxe máxima do 45% sobre a recadación efectivamente alcanzada en período executivo de cobro e en concepto de sancións por infraccións en materia de tráfico e seguridade vial.

Para a determinación da cifra de recadación efectiva só se terá en conta o elemento sanción.

O abono ó contratista efectuarase con periodicidade mensual, mediante a presentación da correspondente factura.

A.3.- *Retribución pola recadación de intereses de demora.*

O contratista terá dereito a percibir unha porcentaxe máxima do 12% sobre os importes que se recaden en concepto de intereses de demora, con periodicidade mensual, mediante a presentación da correspondente factura.

B) *ASIGNACIÓN COMPLEMENTARIA SOBRE BAIXAS EN PERÍODO EXECUTIVO.*

O adxudicatario terá dereito a percibir, en concepto de asignación complementaria, a cantidade que resulte de aplicar a porcentaxe máxima do 5%, ou o inferior que resulte da adxudicación, sobre o importe total das baixas tramitadas durante cada exercicio correspondentes a débedas que se atopen en período executivo de ingreso, sempre que o importe das mesmas sexa igual ou superior ó 8% do cargo bruto total que por todos os anos e conceptos de ingreso teña xestionado o adxudicatario en cada exercicio no que teña dereito a esta asignación complementaria.

Para a determinación desta asignación teranse en conta as seguintes regras:

- Esta asignación complementaria non alcanzará ó importe das baixas correspondentes a multas de tráfico que se atopen en período voluntario de ingreso, nin tampouco ás débedas que deban satisfacer o Estado, Comunidades Autónomas, Entidades Locais, Organismos Autónomos e outras Entidades de Dereito Público, e, por conseguinte, co obxecto de non desvirtuar os cálculos, non se computarán igualmente a efectos da determinación do cargo bruto.
- As baixas a computar para a determinación da retribución complementaria poderán ser por calquera motivo, coa excepción das debidas a prescrición e das que sexan obxecto de reposición a período voluntario de ingreso, sobre as que non se aplicará a citada porcentaxe máxima do 5%. Non obstante, estas baixas tamén serán tidas en conta para o cálculo da porcentaxe do 8% sobre o cargo bruto total.
- O cargo bruto sobre o que se determinará a porcentaxe de baixas será o importe total pendente a 1 de xaneiro do exercicio elixido para o cómputo, incrementado polo importe dos cargos realizados ó longo do exercicio.
- O pago desta asignación terá o carácter de entrega a conta e se abonará con periodicidade trimestral, mediante a presentación da correspondente factura polo adxudicatario. O importe das baixas para a determinación da entrega a conta correspondente a cada trimestre será o correspondente ás tramitadas durante o mesmo.

- Como se deixa exposto anteriormente, a percepción desta asignación queda condicionada a que a 31 de decembro de cada exercicio a porcentaxe de baixas sobre o cargo bruto, calculados ambos nos termos definidos anteriormente, sexa igual ou superior ó 8%. En consecuencia, no suposto de que chegado o final de exercicio non se alcanzara esta porcentaxe, as entregas a conta trimestrais percibidas polo contratista ó longo do exercicio por este concepto serán obxecto do oportuno reintegro polo contratista, que se poderá facer mediante desconto na facturación que lle corresponda por calquera outro concepto retributivo previsto na presente contratación.

C) INCENTIVOS.

En orde a estimular unha eficaz xestión recadadora en período executivo, establécese a posible percepción polo adxudicatario dunha retribución especial consistente nunha porcentaxe sobre os ingresos efectuados durante o exercicio. As variables para determinar a porcentaxe virán determinadas pola comparación entre o importe realizado e o cargo líquido, considerándose:

- Importes realizados: Ingresos efectuados en período executivo durante o exercicio en concepto de principal da débeda, isto é, excluindo recargas do período executivo, xuros de mora e costas.
- Cargo líquido: Definido como o cargo bruto (importe pendente a 1 de xaneiro do ano elixido para o cómputo incrementado coa suma dos cargos do exercicio), deducidas as baixas e anulacións por calquera concepto, así como as liquidacións en período executivo que se atopen suspendidas por acto administrativo ou resolución xudicial.

A porcentaxe correspondente á retribución especial detállase no seguinte cadro, aplicándose dita porcentaxe sobre os ingresos efectuados durante o exercicio exclusivamente en concepto de principal da débeda. Para ter dereito a esta remuneración resulta imprescindible que como mínimo se alcance o 20% na comparación entre importes realizados e cargo líquido, ou o maior que propoña o adxudicatario na súa oferta:

% recadación s/ cargo líquido	Porcentaxe a favor do contratista
Máis do 20% ata o 25%	2%
Máis do 25% ata o 30%	2,5%
Máis do 30% ata o 35%	3%
Máis do 35% ata o 40%	3,5%
Máis do 40%	4%

O pago desta retribución efectuarase á finalización do exercicio económico, mediante a presentación polo contratista da oportuna factura, sen que se consideren entregas a conta.

D) RETRIBUCIÓN POLA XESTIÓN E RECADACIÓN EN PERÍODO VOLUNTARIO DE MULTAS DE CIRCULACIÓN.

O contratista terá dereito a percibir unha porcentaxe máxima do 40% sobre a recadación efectivamente alcanzada en período voluntario de cobro en concepto de sancións por infraccións en materia de tráfico e seguridade vial.

Para a determinación da cifra de recadación efectiva, dos distintos compoñentes da débeda, soamente se terá en conta o elemento sanción.

O abono ó contratista se efectuará con periodicidade mensual, mediante a presentación da correspondente factura.

4.- REVISIÓN DE PREZOS.

De conformidade co disposto no artigo 103 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, non procede a revisión de prezos no presente contrato, en consideración ó réxime retributivo establecido na cláusula segunda do presente prego.

5.- CRÉDITO ADECUADO E SUFICIENTE PARA O SEU FINANCIAMENTO.

As obrigas económicas do contrato que se derivan para a Administración serán financiadas con cargo ó crédito existente na partida do Orzamento que certifique a Intervención Xeral no seu informe.

6.- DURACIÓN DO CONTRATO.

O prazo de execución do contrato é de dous anos. O prazo contractual poderá prorrogarse por mutuo acordo das partes, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de catro anos, de conformidade co disposto no art. 198 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, non admitíndose a prórroga tácita do contrato.

7.- PROCEDIMIENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

O contrato adxudicarase mediante concurso con procedemento aberto e tramitación ordinaria.

8.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Terán capacidade para contratar, as persoas físicas e xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato, sempre que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica, e non se atopen incursas nalgunha das prohibicións de contratar que se sinalan no artigo 20 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño.

9.- AGRUPACIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS.

A Administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente ó efecto, de conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño. No suposto de resultar adxudicataria unha unión temporal de empresas deberá de formalizar a mesma en escritura pública, dentro do prazo dos 15 días seguintes ó da notificación da adxudicación.

10.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.

De conformidade co disposto no artigo 25 do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, o contratista deberá atoparse clasificado no grupo L, subgrupo 2, categoría D, dos mencionados no artigo 37 e anexo II do Real Decreto 1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

11.- GASTOS DE PUBLICIDADE E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer, con anterioridade á formalización do contrato, os gastos xerados pola publicidade da licitación e adxudicación nos diarios oficiais (BOE, BOP, DOG) e medios de comunicación, ascendendo o gasto total estimado por este concepto a un importe de 2.000,00 euros.

Así mesmo, deberá satisfacer cantos outros gastos se ocasionen con motivo dos trámites preparatorios de formalización do contrato, así como todo xénero de tributos e prezos públicos estatais, autonómicos e locais que se devenguen como consecuencia da preparación, formalización e execución do mesmo.

O contrato que se derive da presente licitación será formalizado en documento administrativo, podéndose elevar a documento notarial si calquera das partes o solicita, sendo neste caso por conta de quen o solicite os gastos que se deriven do outorgamento da escritura.

Se o licitador que resultara adxudicatario presentara á licitación acreditación do Imposto sobre Actividades Económicas que non lle facultara para o exercicio da actividade no termo municipal de Vigo, terá que acreditar ter cumprido este requisito antes da firma do contrato.

12.- GARANTÍA PROVISIONAL.

Será requisito necesario para participar no concurso a previa constitución dunha garantía provisional por importe de 50.000,00 euros, equivalentes ó 2% do presuposto estimado do contrato (2.500.000,00 euros), que se atopará a disposición do órgano de contratación. A garantía provisional poderá ser constituída en calquera das formas admitidas polo artigo 35 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

O documento que acredite a constitución da garantía provisional acompañarase á documentación a que se refire a cláusula 16ª do presente prego.

A garantía provisional respostará do mantemento da proposición presentada polo licitador ata a adxudicación do contrato e será devolta ós interesados inmediatamente despois da proposta de adxudicación do contrato. A garantía será retida ó empresario incluído na proposta de adxudicación ou ó adxudicatario.

As garantías provisionais deberán axustarse ós modelos oficiais establecidos no Real Decreto 1098/2001 (anexos III a VI).

13.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse de 9 a 13 horas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, ou ben por correo na forma legalmente determinada, no prazo que se indique no anuncio de licitación a publicar no "Diario Oficial das Comunidades Europeas". Os licitadores deberán presentar as proposicións debidamente asinadas e pechadas, acompañadas da documentación e cos requisitos esixidos no presente prego.

14.- CONTIDO DAS PROPOSICIÓN.

O licitador presentará a documentación en tres sobres pechados, que tamén poderán ser lacrados e precintados, que levarán inscritos os seguintes datos:

- *Proposición para participar no concurso para a contratación DOS SERVICIOS DE ASISTENCIA TÉCNICA E COLABORACIÓN NOS PROCEDIMENTOS DE RECADACIÓN NA VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO E ASISTENCIA TÉCNICA E COLABORACIÓN NOS PROCEDIMENTOS DE XESTIÓN E RECADACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN EN MATERIA DE TRAFICO E SEGURIDADE VIAL.*

- Nome e apelidos ou razón social do contratista.
- Lugar, data e sinatura do licitador.

SOBRE PRIMEIRO

Subtitularase “DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA”, e conterá a seguinte:

a) Para acreditar a capacidade xurídica:

1.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. para os empresarios individuais, e escritura pública de constitución ou modificación inscrita no Rexistro Mercantil para persoas xurídicas, cando este requisito sexa esixible conforme á lexislación mercantil. Se non o fora, a acreditación realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, inscritos no seu caso no correspondente rexistro oficial e D.N.I. ou N.I.F. do representante da empresa.

Ademais, as empresas que se presenten deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e se acredite debidamente dispoñer dunha organización para a debida execución do contrato.

2.- Poder debidamente bastantado pola Asesoría Xurídica da Corporación cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedades ou persoas xurídicas, acompañado dunha declaración xurada do representante na que conste que o poder outorgado continua en vigor o día da data de presentación da proposición.

Estes documentos deberán ser orixinais ou copias autenticadas en forma legal.

b) Para acreditar a capacidade do licitador para contratar coa Administración:

1.- Declaración responsable de non atoparse comprendida a empresa ofertante en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no artº 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, e, de que a persoa física ou os administradores da persoa xurídica non se atopen incursos en algún dos supostos da Lei 12/1995, sobre Réxime de incompatibilidades dos Membros do Goberno da Nación e Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, ou da Lei 53/1984, de Incompatibilidades do Persoal ó Servicio das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral.

2.- Acreditación de atoparse a empresa ofertante ó corrente das súas obrigas tributarias por concorrer as seguintes circunstancias:

- a) Estar dada de alta no Imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato, sempre que exerzan actividades suxeitas a este imposto, en relación coas actividades que veñan realizando á data de presentación das proposicións, que lles faculte para o seu exercicio dentro do ámbito territorial en que as exerza. Esta circunstancia se acreditará mediante a presentación do alta referida ó presente exercicio ou o último recibo acompañado dunha declaración responsable de non haberse dado de baixa na matrícula do I.A.E.
- b) Haber presentado, se estiveran obrigadas, as declaracións polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, Imposto sobre a Renda dos non Residentes ou do Imposto Sobre Sociedades; segundo se trate de persoas ou entidades suxeitas a un destes impostos, así como as correspondentes declaracións por pagos fraccionados, ingresos a conta e retencións que en cada caso procedan.
- c) Haber presentado, se estiveran obrigadas, as declaracións periódicas polo Imposto sobre o Valor Engadido, así como a declaración resumo anual.
- d) Non ter débedas de natureza tributaria co Estado en período executivo ou, no caso de contribuíntes contra os que non proceda a utilización da vía de constrinximento, débedas non atendidas en período voluntario.

e) *Non ter débedas co Concello de Vigo.*

As circunstancias indicadas nos apartados b) e c) deberán referirse ó período dos doce meses precedentes ó mes inmediatamente anterior á solicitude da certificación. As circunstancias indicadas nos apartados b) y e) acreditaranse mediante a presentación, ante o órgano de contratación, da correspondente certificación positiva.

3.- *Acreditación, mediante declaración ou certificación positiva, de atoparse a empresa ofertante ó corrente das obrigas coa Seguridade Social por concorrer as seguintes circunstancias:*

- a) *Atoparse inscrito no sistema da Seguridade Social e, no seu caso, se se tratase dun empresario individual, afiliado e en alta no réxime da Seguridade Social que corresponda por razón da actividade.*
- b) *Ter afiliado, no seu caso, e ter dado de alta ós traballadores que presten o seu servizo nas mesmas, e estar ó corrente no pago das cotas ou de outras débedas coa Seguridade Social.*
- c) *Ter presentado os documentos de cotización correspondentes ás cotas da Seguridade Social, se procedera, dos conceptos de recadación conxunta coas mesmas, así como das asimiladas a aquel a efectos recadatorios, correspondentes ós dous meses anteriores á data de solicitude da certificación.*

Os documentos acreditativos do cumprimento das circunstancias sinaladas nesta declaración deberán ser presentados polo empresario proposto pola Mesa de Contratación para a adxudicación do contrato no prazo de cinco días naturais a contar dende o requirimento formulado pola administración, senón se acompañaron á proposición.

c) *Para acreditar a solvencia económica e financeira do licitador:*

O licitador deberá xustificar a solvencia económica e financeira da empresa mediante declaración relativa á cifra de negocios global e dos servizos ou traballos realizados pola empresa no curso dos tres últimos exercicios, relacionados co obxecto do contrato, debendo a cifra de negocios alcanzar como mínimo unha cifra de tres millóns de euros, para poder ser seleccionada.

d) *Para acreditar a solvencia técnica:*

Para acreditar a solvencia técnica, o licitador deberá presentar unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos, relacionados co obxecto do contrato, indicando o importe, datas e beneficiarios dos mesmos, o que acreditará mediante a presentación dos correspondentes certificados ou documentación acreditativa que deberá ser orixinal ou fotocopia debidamente compulsada.

e) *Especialidades para os contratistas estranxeiros:*

1.- *Documentos que acrediten a súa capacidade de obrar. Cando se trate de empresarios de estados membros da Comunidade Europea será suficiente acreditar a súa inscrición nun rexistro profesional ou comercial, ou presentación das certificacións que se indican no anexo 1.3 do Real Decreto Lexislativo 1.098/2001 cando este requisito sexa esixido pola Lexislación do Estado respectivo. Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar coa certificación expedida pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular do lugar do domicilio da empresa, na que conste que figuran inscritas no Rexistro Local, Profesional, Comercial ou análogo e que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades obxecto do presente contrato. Ademais deberá acompañarse informe da Misión Diplomática Permanente de España ou da Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Economía sobre a condición de Estado Signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio.*

2.- *Informe de reciprocidade. As persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe da respectiva representación diplomática española que o Estado de procedencia da*

empresa extranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga. Nos contratos de Servicios de contía igual ou superior á sinalada no artigo 204.2 deberá prescindirse de este informe de reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio. (art. 23.1 L.C.A.P.).

3.- *Solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. Os empresarios de Estados membros da Unión Europea será suficiente que acrediten, no seu caso, ante o órgano de contratación correspondente a súa solvencia económica e financeira, técnica ou profesional, conforme ós artigos 16 y 17 da L.C.A.P., así como súa inscrición no Rexistro profesional ou comercial nas condicións previstas pola Lexislación do Estado onde estean establecidas (art. 25.2 L.C.A.P.).*

Os certificados de clasificación ou documentos similares que foran expedidos por estados membros da Unión Europea en favor dos seus propios empresarios constitúe unha presunción de capacidade fronte ós diferentes órganos de contratación en relación coas letras b) e c) do artigo 16.1; letras a) do artigo 19 e letras a), b), d) e i) do artigo 20 (artigo 26.2 L.C.A.P.).

4.- *Declaración de someterse á xurisdicción dos Xulgados e Tribunais Españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran surxir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional extranxeiro que poidera corresponder ó licitante (art. 79.2.d) da L.C.A.P.).*

SOBRE SEGUNDO

Subtitularase “DOCUMENTACIÓN TÉCNICA”, e conterá a seguinte:

1.- *Plan de traballo: Memoria que recolla a metodoloxía organizativa ou plan de traballo dos servicios a realizar que incluírá, en todo caso, unha relación nominal (nome, apelidos e nº do DNI) do persoal que o licitador adscribirá á prestación do servicio obxecto do presente contrato, con separación do correspondente ao persoal subrogado do actual contratista do que, no seu caso, se oferte adicionalmente ao mesmo.*

No caso de que o licitador propoña adscribir adicionalmente persoal non subrogado á prestación do servicio, sexa ou non parte integrante do equipo directivo, deberá achegar o seu currículum vitae, así como a documentación complementaria que estime conveniente e que permita apreciar e baremar a súa cualificación técnica. Os méritos e demais circunstancias indicadas nestes currículums xustificaranse mediante certificados orixinais ou copias debidamente compulsadas.

2.- *Medios informáticos. Memoria descritiva dos que se vaian a aportar ó servicio, tendo en conta o exposto nas cláusulas técnicas 7ª e 9ª do Prego de condicións.*

3.- *Melloras. Indicación das melloras de carácter técnico, non previstas expresamente no prego, que redunden en mellorar a calidade na prestación da xestión recadadora municipal, con indicación expresa do prezo ou custo das mesmas, tendo en conta o exposto nas cláusulas técnicas 3ª e 9ª do Prego de condicións técnicas.*

SOBRE TERCEIRO

Subtitulado “OFERTA ECONÓMICA”, que conterá a proposición económica do licitador adecuada ó modelo que se achega como ANEXO I.

15.- APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN.

Constituída a Mesa de Contratación na forma prevista no texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o Presidente ordenará a apertura dos sobres que conteñen a documentación administrativa, certificándose polo Secretario da Mesa a relación dos documentos que figuren en cada un dos sobres. Si se observasen defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicarase verbalmente ós interesados concedéndolles un prazo de tres días hábiles para subsanación, sen prexuízo do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello do acta da Mesa de Contratación na que conste o resultado da apertura.

Cualificada a documentación e corrixidos, no seu caso, os defectos ou omisións, a Mesa procederá a declarar as admitidas e as rexeitadas con expresión das causas do rexeitamento.

16.- APERTURA DAS PROPOSICIÓN.

O acto de apertura das proposicións será público e, salvo que teña día sinalado no expediente, terá lugar ás 10,30 horas do primeiro luns seguinte ó día que finalice o prazo de presentación de proposicións na Casa Consistorial, e ante a Mesa de Contratación. Si coincidira en día non hábil o de apertura de proposicións ou, si por causas de forza maior non puidera levarse a cabo, este terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

A Mesa de Contratación formulará proposta de adxudicación ó órgano de contratación a favor da oferta que resulte máis vantaxosa das presentadas e admitidas como resultado de aplicar os criterios de selección establecidos no prego de condicións e de cláusulas administrativas particulares. A proposta de adxudicación non crea dereito algún en favor do empresario, en tanto non se proceda á adxudicación polo órgano de contratación, puidendo a Mesa de Contratación solicitar cantos informes técnicos se consideren precisos e se relacionen co obxecto do contrato antes de formular a súa proposta.

17.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Corresponde a adxudicación do concurso á Xunta de Goberno Local que, a tal fin, resolverá en orde á proposición mais vantaxosa, tendo en conta os criterios e baremos de puntuación que se establecen na presente cláusula, por orden decrecente de importancia.

A) CRITERIO PRIMEIRO: PROXECTO ORGANIZATIVO OU PLAN DE TRABALLO. ATA UN MÁXIMO DE 40 PUNTOS.

Polo presente criterio de adxudicación se valorarán, ata un máximo de 40 puntos, as características funcionais e a calidade e valor técnico da proposta presentada polo licitador, mediante a presentación dun proxecto que recolla a metodoloxía organizativa ou plan de traballo dos servizos a prestar que incluírá, en todo caso, os medios persoais adscritos ó servizo polo licitador.

Para efectuar a valoración correspondente ó presente criterio teranse en conta, con carácter específico, aspectos tales como:

- *O diagrama de procesos,*
- *O contido das tarefas encomendadas ós distintos postos de traballo,*
- *O tempo de resposta na tramitación dos expedientes,*
- *O plan de colaboración cos servizos municipais correspondentes,*
- *A adecuación dos medios humanos ofertados ó contido das funcións a desenvolver, que virá determinada, por unha parte, pola cualificación técnica do equipo directivo proposto pola empresa ofertante en relación coas tarefas que constitúen o obxecto de presente contrato, tal e como se atopa definido na cláusula técnica primeira*
- *O plan de formación do persoal.*

B) CRITERIO SEGUNDO: RETRIBUCIÓN DO CONTRATISTA. ATA UN MÁXIMO DE 26 PUNTOS.

Na cláusula administrativa 3ª establécese o prezo do contrato en función dunhas porcentaxes máximas sobre distintos conceptos, tendo estes como alí se deixa exposto o carácter de prezos ou tipos máximos da licitación.

Polo presente criterio de adjudicación valóranse as baixas que sobre as porcentaxes máximas de retribución oferten os licitadores, téndose en conta os distintos conceptos retributivos.

Na presente contratación enténdese que os licitadores ó formular as súas propostas económicas, inclúen nas mesmas o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).

I.- RETRIBUCIÓN RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA. ATA UN MÁXIMO DE 14 PUNTOS.

I.1.- Retribución pola recadación en vía executiva de ingresos de Dereito Público, agás multas de circulación (máximo 8 puntos).

Polas baixas nas retribucións a aplicar sobre a recadación obtida en vía executiva de ingresos de Dereito Público, agás as multas de circulación, con respecto as porcentaxes máximas establecidas para cada un dos tramos que se indican, en función da cifra de recadación efectiva alcanzada, ata o límite ou porcentaxe mínima que se sinala, 0,04 puntos por cada 0,10% de baixa, de xeito que a puntuación máxima en cada un dos catro tramos de recadación alcanzada sinalados non poderá exceder de 2 puntos ($5/0,10 * 0,04$).

E dicir, de acordo co exposto na táboa prevista no apartado A.1. da cláusula administrativa 2 (“Prezo do contrato”) do presente prego, quedaría en canto a porcentaxes máximas e mínimas de licitación da forma seguinte:

CIFRA DE RECADACIÓN EFECTIVA	PORCENTAXE MÁXIMA	PORCENTAXE MÍNIMA (50% PORC. MÁX.)	RECORRIDO (PORC. MÁX. – PORC. MÍN.)	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Ata 3.000.000,00 euros	14%	9%	5	2,00
Dende 3.000.000,01 euros Ata 5.000.000,00 euros	16%	11%	5	2,00
Dende 5.000.000,01 euros Ata 7.000.000,00 euros	18%	13%	5	2,00
Máis de 7.000.000,01 euros	20%	15%	5	2,00

I.2.- Retribución pola recadación en vía executiva de multas de tráfico (máximo 3 puntos).

Pola baixa na retribución sobre a recadación en vía executiva das multas de tráfico con respecto á porcentaxe máxima establecida para este concepto (45%), ata o límite do 50% do mesmo (22,5%), 0,12 puntos por cada 2% de baixa, de xeito que a puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 3 puntos.

En congruencia co disposto anteriormente, a puntuación outorgada por este apartado calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{PUNTOS} = \frac{3 * (45\% - \text{OFERTA})}{(45\% - 22,5\%)}$$

I.3.- *Retribución pola recadación de intereses de demora (máximo 3 puntos).*

Pola baixa na retribución sobre a recadación obtida polo concepto de intereses de demora con respecto á porcentaxe establecida para este concepto como tipo máximo de licitación (12%), ata o límite do 50% do mesmo (6%), 0,12 puntos por cada 2% de baixa, de xeito que a puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 3 puntos.

Para calcular a puntuación outorgada por este apartado utilizarase a formula seguinte:

$$\text{PUNTOS} = \frac{3 * (12\% - \text{OFERTA})}{(12\% - 6\%)}$$

II.- *ASIGNACIÓN COMPLEMENTARIA SOBRE BAIXAS EN PERÍODO EXECUTIVO. ATA UN MÁXIMO DE 4 PUNTOS.*

Pola baixa na asignación complementaria a percibir polo adxudicatario establecida no apartado B da cláusula administrativa 3ª (“Prezo do contrato”), consistente nunha porcentaxe máxima do 5% sobre o importe das baixas tramitadas durante o exercicio correspondentes a débedas que se atopen en período executivo de ingreso, nas condicións alí establecidas, a razón de 1 punto por cada 1% de baixa, sendo a puntuación máxima outorgada por este apartado de 4 puntos correspondentes a unha baixa do 4%.

III.- *INCENTIVOS. ATA UN MÁXIMO DE 5 PUNTOS.*

Por incrementar os límites inferiores e superiores de tódolos tramos das porcentaxes de xestión contidos na táboa de incentivos previsto no apartado C (“Incentivos”) da cláusula administrativa 3ª (“Prezo do contrato”), a razón de 1 punto por cada 1% de incremento dos citados límites, ata un máximo de 5 puntos equivalentes a un incremento total do 5%.

As porcentaxes de incremento referiranse exclusivamente ás correspondentes á porcentaxe de xestión, manténdose invariables as correspondentes á retribución a favor do contratista.

IV.- *XESTIÓN E RECADACIÓN EN PERÍODO VOLUNTARIO DE COBRO DE MULTAS DE CIRCULACIÓN. ATA UN MÁXIMO DE 3 PUNTOS.*

Pola baixa na retribución sobre a recadación obtida en período voluntario polas multas de tráfico con respecto á porcentaxe máxima establecida para este concepto como tipo máximo de licitación (40%), ata o límite do 50% do mesmo (20%), 0,12 puntos por cada 2% de baixa, de xeito que a puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 3 puntos.

Para calcular a puntuación outorgada por este apartado utilizarase a formula seguinte:

$$\text{PUNTOS} = \frac{3 * (40\% - \text{OFERTA})}{(40\% - 20\%)}$$

C) CRITERIO TERCEIRO: MEDIOS INFORMÁTICOS A APORTAR Ó SERVICIO. ATA UN MÁXIMO DE 24 PUNTOS.

A cláusula técnica 7ª establece as características e requirimentos mínimos dos medios informáticos a aportar polo adxudicatario na prestación dos servicios obxecto de contratación, distinguíndose tanto os medios físicos como os medios lóxicos. Por este criterio de adxudicación, valoraranse coa puntuación que se establece a continuación, as características dos medios informáticos que aporte ó servicio o licitador, ponderándose estas en función da súa idoneidade, capacidade, versatilidade e adecuación ós servicios a contratar, distribuíndose a puntuación do xeito seguinte:

VALORACIÓN (24 puntos):

	PUNTOS
1. Medios físicos (Ata 12 puntos)	
• Rede e electrónica de rede	2
• Equipos informáticos:	
- Servidores	5
- Postos de traballo e periferia	2
- Seguridade e dispoñibilidade	3
2. Medios lóxicos (Ata 12 puntos)	
• Software de base	2
• Aplicacións	10

D) CRITERIO CARTO: MELLORAS. ATA UN MÁXIMO DE 10 PUNTOS.

A cláusula técnica 2ª establece o contido mínimo dos servicios e actividades a prestar polo licitador que resulte adxudicatario da presente contratación.

Polo presente criterio de adxudicación se valorarán as melloras de carácter técnico, non previstas expresamente no prego, e que redunden en mellorar a calidade na prestación da xestión recadadora. Entre outras cuestións, valoraranse a capacidade da empresa ofertante en aportar solucións e servicios de comunicación con contribuíntes e terceiros, conexión con entidades bancarias e organismos, xestorías, notaría, horarios de apertura das oficinas, ..., e, en xeral, todo aquilo que permita unha óptima calidade na prestación do servicio.

Unicamente serán valoradas no presente apartado aquelas melloras ofertadas respecto das que se concrete expresamente na oferta o presuposto, prezo ou custo, cando menos estimativo, que supoña para o licitador a súa posta en funcionamento. En caso contrario, cando non se exprese o custo da mellora oferta, ou cando o mesmo sexa indeterminado (por ex. "segundo mercado") ou ben requira a realización de cálculos financeiros ou complexos, a puntuación outorgada polo presente apartado á mellora ofertada será de 0 puntos.

A puntuación máxima a outorgar por este criterio será de 10 puntos.

18.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

O órgano de contratación adjudicará o contrato no prazo máximo de tres meses a contar dende o día seguinte ó acto de apertura das ofertas, a favor da proposición máis vantaxosa que poida ser cumprida a satisfacción da Administración, como resultado da aplicación dos criterios de adjudicación, pudiendo, a Administración, declarar deserto o concurso.

19.- GARANTÍA DEFINITIVA.

No prazo de quince (15) días naturais dende a data da notificación e como requisito previo e necesario para a formalización do contrato, o adxudicatario deberá constituír a garantía definitiva por importe de 100.000,00 euros equivalentes ó 4% do presuposto estimado base da licitación, en calquera das formas admitidas no artigo 36 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, debendo axustarse e cumprir as condicións esixidas nos artigos 55 a 58 do Real Decreto 1.098/2001 e axustarse na súa redacción ós modelos recollidos nos anexos III, IV, V y VI do citado texto regulamentario. No suposto de que a garantía definitiva o sexa mediante aval, deberá estar necesariamente intervido.

20.- PERFECCIONAMENTO E FORMALIZACIÓN.

O contrato perfeccionarase pola adjudicación realizada polo órgano de contratación formalizándose en documento administrativo ante o Secretario Xeral do Pleno dentro do prazo de trinta días naturais a contar dende o día seguinte á notificación da adjudicación.

21.- INSPECCIÓN TÉCNICA DA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS.

Os traballos serán supervisados polo persoal da tesourería municipal, baixo a dirección do Tesoureiro municipal, e pola xefatura do Área de Tráfico e Seguridade no que atinxe ás multas de tráfico, debendo cursar as instrucións ó contratista da seguinte forma: Todas aquelas ordes que sexan consecuencia normal do desenvolvemento dos traballos e se axusten ó disposto nos pregos aprobados pola Corporación serán dadas verbalmente ou, no seu caso, quedará constancia das mesmas nun libro de ordes. Todas aquelas ordes da dirección que supoñan unha modificación do contrato aprobado ou teñan consecuencias económicas respecto ó presuposto aprobado deberán ser cursadas ó contratista de forma escrita, sempre e cando, previamente, os gastos que se deriven foran autorizados polo órgano de contratación.

22.- OBRIGAS DO CONTRATISTA.

O adxudicatario queda obrigado a executar os traballos con estricte suxeición ás estipulacións contidas nos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que serve de base ó contrato, e cantas instrucións para a interpretación das mesmas dera ó contratista a Administración, así como ó estricte cumprimento de cantas disposicións de carácter laboral e fiscal sexan de aplicación ó contrato.

O lugar de prestación do obxecto do contrato serán as instalacións que na actualidade se veñen dedicando a estas tarefas no interior da Casa Consistorial.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzcan para a Administración ou para terceiros por omisións erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

23.-SUBROGACION DE PERSOAL.

O adxudicatario estará obrigado a subrogarse nos dereitos e obrigas laborais dos traballadores que a actual empresa contratista ven adicando á prestación do servizo, sempre e cando contén cunha antigüidade mínima de tres meses na mesma. Para a efectividade da subrogación, será preciso obter o previo consentimento dos traballadores afectados.

A estes efectos, incorpórase como ANEXO II a relación do persoal que o actual contratista ten adscrito á prestación do servicio, con especificación de nomes e apelidos, posto de traballo que ocupan e antigüidade na empresa. Ademais, o órgano de contratación facilitará, aos empresarios interesados en participar na licitación que o soliciten, a documentación complementaria que precisen sobre as condicións dos contratos dos traballadores aos que afecte a subrogación.

24.- OBRIGAS DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL.

A Administración municipal está obrigada ó pagamento do prezo pola realización dos traballos contratados, nos termos establecidos no contrato que se formalice e sempre de acordo co disposto no Texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e o Regulamento para a súa aplicación. Ademais, a Administración pondrá a disposición do adjudicatario a información que esté no seu poder e que sexa necesaria para a realización dos traballos.

25.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL.

A Administración municipal terá a facultade de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que poidan plantexarse no seu cumprimento, modificar o mesmo por razóns de interese público e acordar a súa resolución e determinar os efectos da mesma, de conformidade co establecido no artigo 59 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

26.- RISCO E VENTURA.

O contrato executarase a risco e ventura do contratista que resulte adxudicatario. Calquera modificación do réxime de ingresos da Facenda municipal como consecuencia de normas legais ou regulamentarias, non dará ningún dereito a esixir indemnización. Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de tódolos danos, perxuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas durante o desenvolvemento dos traballos e ata que se cumpra o prazo de garantía. Tamén responderá dos danos causados á Administración contratante como consecuencia de vicios ocultos na prestación do servicio.

27.- RÉXIME DE PAGAMENTOS.

O pagamento efectuarase pola Tesourería Municipal previa aprobación, polo órgano competente, da factura correspondente presentada coa perioridade prevista nos pregos. A efectos do cómputo do prazo de aboamento previsto no R.D.L. 2/2000 fíxase como data de expedición das facturas a da súa presentación no Rexistro Xeral do Concello.

No suposto de que pola Administración se observen erros ou defectos na factura presentada e se requira a súa rectificación, os prazos interrumpíranse ata o momento en que os mesmos sexan subsanados.

28.- PRAZO DE GARANTÍA.

O prazo de garantía será de un ano a contar dende a finalización do contrato, durante o que o Concello de Vigo poderá solicitar do adxudicatario tanta información e documentación fora necesaria. Si durante este prazo se acreditase a existencia de vicios ou defectos, terá dereito a Administración a reclamar do contratista a subsanación dos mesmos de conformidade co disposto no artigo 213 do Real Decreto Lexislativo 2/2000.

29.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

Transcurrido o prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato ou resolto éste sen culpa do contratista, dictarase acordo de devolución da garantía ou cancelación do aval.

30.- RÉXIME SANCIONADOR. INFRACCIÓN S E SANCIÓN S.

As infracción s que cometa o adxudicatario no cumprimento do presente contrato poderán ser calificadas como moi graves, graves e leves.

1. Terán a consideración de faltas MOI GRAVES as seguintes:

- *O incumprimento en todo o en parte do horario laboral de traballo establecido polo licitador na súa oferta.*
- *A paralización ou a non prestación do servizo contratado e a interrupción do mesmo, calquera que sexa a causa, por prazo superior a vinte e catro horas, agás no caso de folga legal.*
- *A alteración, modificación ou introducción de corrección s nos documentos cobratorios, resolución s e, en xeral, expedientes, a disposición do contratista, sen perxuízo da responsabilidade de orde penal ou civil que proceda esixirlle.*
- *Non utilización na prestación do servizos dos medios ofertados.*
- *O incumprimento das disposición s, resolución s ou ordes dos órganos municipais competentes, cando afecten de modo notorio á prestación do servizo.*
- *A práctica de notificación s incumprindo as disposición s legais e demais de aplicación.*
- *A negativa ou obstrución ás función s de control ou fiscalización que competan ó s funcionarios municipais que teñan atribuídos tales cometidos.*
- *En xeral, a non observancia dos preceptos contidos nas Leis Xerais Tributaria e Orzamentaria, así como no Regulamento Xeral de Recadación e demais disposición s aplicables ó procedemento de xestión recadadora en vía de constrinximento.*
- *A cesión, subarrendo, subcontratación ou traspaso en todo o en parte do servizo contratado, baixo calquera modalidade ou título, sen a previa autorización expresa do Concello.*
- *A acumulación de dúas faltas graves dentro de cada cano, se denunciada e sancionada a primeira se incorrese na segunda.*
- *O incumprimento das obrigas laborais, de Seguridade Social e de todas aquelas correspondentes a lexislación de traballo, sempre que revistan carácter esencial.*

2.- Terán a consideración de faltas GRAVES as seguintes:

- *O atraso na prestación do servizo de forma non reiterada nin sistemática.*
- *A interrupción do servizo por calquera causa que sexa por prazo non superior a vinte e catro horas, agás no caso de folga legal.*
- *Os incidentes habituais, a incorrección e descortesía do persoal do servizo co público.*
- *A desobediencia por dous ou máis veces, das ordes dadas ó adxudicatario pola Administración municipal, sexan éstas escritas ou verbais.*
- *A percepción polo adxudicatario ou por persoal do servizo de calquera remuneración ou contraprestación dos usuarios pola prestación do servizo, sempre que neste último caso apercibido o adxudicatario, non adopte as necesarias medidas para evitalo.*
- *A reiteración na comisión de faltas leves, sempre que sexan da mesma natureza.*
- *A contratación de persoal a través de empresas de traballo temporal de forma habitual e sen que medien causas excepcionais autorizadas polo Concello.*
- *Todas aquelas que implicando un incumprimento das obrigas non corresponda a calificación de moi graves e que pola súa natureza non deban estar comprendidas entre as leves.*

3.- Terán a consideración de faltas LEVES as seguintes:

- *A mera interrupción do servicio.*
- *O atraso inxustificado nunha hora respecto ó horario de comezo do servicio.*
- *A mera imperfección non reiterada na prestación dos servicios.*
- *As accións ou omisións que impliquen mera negligencia ou descoido no cumprimento das obrigas establecidas e non ocasionen perxuízos económicos considerables.*
- *O trato meramente incorrecto ou desconsiderando cos contribuíntes e o público en xeral.*
- *Calquera outro incumprimento non calificado de falta grave ou moi grave.*

4.- Sancións:

- *As infraccións leves sancionaranse con apercibimento e imposición de multa de ata 1.200,00 euros. Corresponde a competencia sancionadora o Ilmo. Sr. Alcalde.*
- *As faltas graves serán sancionadas pola Xunta de Goberno Local con multas de 1.200,01 euros ata 12.000,00 euros.*
- *As infraccións moi graves serán sancionadas polo Pleno Municipal con multa de 12.000,01 euros ata 60.000,00 euros.*

As sancións impóranse previa incoación do correspondente expediente sancionador, do que se dará traslado ó adxudicatario por un prazo non inferior a oito días, a fin de que poida formular alegacións e propoñer as probas que estime pertinentes, e serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de perxuízos a que houbera lugar, en caso de incumprimento na prestación dos servicios.

A resolución do expediente sancionador corresponderá o Pleno municipal cando se trate de faltas moi graves, á Xunta de Goberno Local cando se trate de faltas graves e ó Alcalde cando se trate de faltas leves.

O importe das sancións impostas será descontado ó contratista no intre de efectuarse o pagamento da cantidade que lle corresponda percibir pola prestación dos servicios obxecto do contrato.

31.- EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

A- O contrato extinguirase pola finalización do prazo de vixencia ou, no seu caso, da prórroga ou prórrogas, pola declaración de caducidade e pola resolución do mesmo.

B- Son causas de resolución do contrato as previstas nos artigos 111 e 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño. A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, e cos efectos establecidos nos artigos 112, 113 y 215 do mencionado Real Decreto. A resolución do contrato será preceptiva, en todo caso, nos seguintes supostos:

- *Declaración de quebra, suspensión de pagos, concurso de acreedores ou insolvente fallido en calquer procedemento.*
- *Falta de constitución en prazo da garantía definitiva.*
- *Falta de inicio do contrato no prazo sinalado.*
- *A subministración comprobada de información a terceiros, públicos ou privados, sen que medie autorización ou consentimento do Concello, respecto ós datos relacionados co contrato e a súa execución.*
- *Reter e dispoñer de cantidades recadadas en beneficio propio.*

Cando se resolva o contrato por causa imputable ó contratista, deberá indemnizar ó Concello dos danos e perxucios ocasionados, aplicándose a este fin, en primeiro lugar, a garantía depositada e, no que exceda do seu importe, directamente ó mesmo.

C- Á extinción do contrato e das súas prórrogas, se as houbera, o adxudicatario deberá por a disposición do Concello toda a documentación que obre no seu poder referente ós expedientes administrativos de recadación, rendindo contas da súa xestión co arqueo correspondente, entendendo que en tanto non se produza a plena conformidade da Tesourería Municipal deberá responder aquél fronte a ésta, ademáis de asumir a obriga de resarcir os danos e perxucios que se ocasionen pola demora na devolución da documentación ou rendición de contas.

D- A extinción do contrato deixará sen efectos o vínculo do Concello coa empresa adxudicataria ou os seus empregados, de modo que non poderá entenderse subsistente relación laboral, administrativa ou doutra índole entre éstos e o Concello, respondendo o adxudicatario directamente fronte ós seus empregados polas consecuencias laborais que se deriven da extinción do contrato coa Administración.

32.- NATUREZA DO CONTRATO, XURISDICCIÓN COMPETENTE E RÉXIME XURÍDICO.

En todo o non previsto no prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares estarase ó disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, R.D. Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións Legais en materia de Réxime Local, así como no Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, e o Regulamento Xeral de Contratación (Real Decreto 1.098/2001, de 12 de outubro), e no seu defecto, ás normas de Dereito privado, tendo o contrato natureza administrativa polo que será a xurisdicción contencioso-administrativa a competente para resolver as cuestións que xurdan entre as partes, que quedan sometidas á xurisdicción do enderezo do Concello de Vigo.

ANEXO I: MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D. _____, con D.N.I. núm. _____, en nome propio (ou en representación de _____), con enderezo a efectos de notificacións en _____ participa no concurso convocado polo Concello de Vigo para a contratación DOS SERVICIOS DE ASISTENCIA TÉCNICA E COLABORACIÓN NOS PROCEDIMENTOS DE RECADACIÓN NA VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO E ASISTENCIA TÉCNICA E COLABORACIÓN NOS PROCEDIMENTOS DE XESTIÓN E RECADACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN EN MATERIA DE TRAFICO E SEGURIDADE VIAL, segundo anuncio publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra” núm. _____, de data _____, e se compromete a executar os citados traballos con estricta suxeición ós pregos de precricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, que acepta íntegramente, ofertando os seguintes prezos como retribución dos traballos a realizar tendo en conta os conceptos e retribucións máximas establecidas na base 8 do prego de precricións técnicas e 2 do prego de cláusulas administrativas particulares:

A.- Retribución pola recadación en vía executiva.

A.1.- Retribución pola recadación en vía executiva de ingresos de Dereito Público, agás multas de tráfico.

CIFRA DE RECADACIÓN EFECTIVA	PORCENTAXE A FAVOR DO CONTRATISTA
Ata 3.000.000,00 euros	_____ % sobre o importe recadado
Dende 3.000.000,01 euros ata 5.000.000,00 euros	_____ % sobre o importe recadado
Dende 5.000.000,01 euros ata 7.000.000,00 euros	_____ % sobre o importe recadado
Máis de 7.000.000,01 euros	_____ % sobre o importe recadado

A.2.- Retribución pola recadación efectivamente alcanzada en período executivo de cobro en concepto de sancións por infraccións en materia de tráfico e seguridade vial _____ %.

A.3.- Retribución pola recadación de intereses de demora _____ %.

B.- Asignación complementaria sobre o importe das baixas tramitadas durante o exercicio correspondentes a débedas que se atopan en período executivo de ingreso _____ %.

C.- Incremento nos límites de tódolos tramos das porcentaxes de xestión para a determinación dos incentivos _____ %.

D.- Retribución pola recadación efectivamente alcanzada en período executivo de cobro en concepto de sancións por infraccións en materia de tráfico e seguridade vial _____ %

Lugar, data e firma do licitador.

ANEXO II.- RELACIÓN DO PERSOAL DO ACTUAL CONTRATISTA

Nº	NOME E APELIDOS	POSTO DE TRABALLO	ANTIGUIDADE
1	PASCUAL SEGUI BAÑULS	XERENTE	OUTUBRO 1981
2	MARIA JESUS BARREIRO BLAS	LICENCIADA EN DEREITO	DECEMBRO 1994
3	NATALIA ZUNZUNEGUI GARRIDO	LICENCIADA EN DEREITO	DECEMBRO 1994
4	MARIA LUZ RIAL FERNÁNDEZ	LICENCIADA EN DEREITO	DECEMBRO 1994
5	JOSE MANUEL LAGO NOVAS	OFICIAL ADMINISTRATIVO	NOVEMBRO 1995
6	JESUS E. FERNÁNDEZ HERMIDA	XEFE EXPLOTACIÓN	MAIO 1996
7	MARIA ANGELES MIÑANA MARTINEZ	OFICIAL ADMINISTRATIVO	MAYO 1986
8	ANA ISABEL PENA PATIÑO	AUX. ADMINISTRATIVO	NOVEMBRO 1996
9	MARIA ISABEL CUNTIN GÓMEZ	AUX. ADMINISTRATIVO	ABRIL 1997
10	LORENA MARIA LAGO ALVAREZ	AUX. ADMINISTRATIVO	XUÑO 1997
11	LICESIO MEJUTO MOSQUERA	ENX. TELECOMUNICACIONES	MAIO 2006
12	MARIA TERESA RODRIGUEZ VILLAR	AUX. ADMINISTRATIVO	XUÑO 1997
13	MARTA MARIÑO CABALEIRO	AUX. ADMINISTRATIVO	MARZO 1998
14	CONSTANTE FERNÁNDEZ PEREIRA	AUX. ADMINISTRATIVO	NOVEMBRO 1996
15	MARIA BEGOÑA NOVOA SALGUEIRO	AUX. ADMINISTRATIVO	NOVEMBRO 1995

Nº	NOME E APELIDOS	POSTO DE TRABALLO	ANTIGUIDADE
16	SONIA ISABEL QUICLER ROMÁN	AUX. ADMVO. NOTIFICADOR	SETEMBRO 1996
17	ANTONIO ANDRADE QUINTAIROS	AUX. ADMVO. NOTIFICADOR	NOVEMBRO 1996
18	RAFAEL FARALDO PARDAVILA	AUX. ADMVO. NOTIFICADOR	FEBREIRO 1997
19	MARIA CARMEN MONTES SANTIAGO	AUX. ADMVO. NOTIFICADOR	MARZO 1997
20	MARIA NIEVES RIAL FERNÁNDEZ	AUX. ADMVO. NOTIFICADOR	ABRIL 1997
21	PORFIDIA SOTELO FERNÁNDEZ	AUX. ADMVO. NOTIFICADOR	XULLO 1996
22	MARIA BELLO LOSADA	AUX. ADMVO. NOTIFICADOR	OUTUBRO 1998
23	MONTSERRAT VARELA BORREGUERO	AUX. ADMVO. NOTIFICADOR	XULLO 1996
24	JORGE FERREIRO SAA	AUX. ADMVO. NOTIFICADOR	NOVEMBRO 1995
25	FRANCISCO ALGARRA CASAMAJOR	LICENCIADO ECONOMICAS	FEBREIRO 1997
26	ANA ISABEL VIRZI QUINTELA	LICENCIADA EN DEREITO	MARZO 1997
27	JOSE RAMOS BARBOSA	LICENCIADO EN DEREITO	DECEMBRO 1994
28	MARIA JESUS SANCHEZ ESTEVEZ	LICENCIADA EN DEREITO	SETEMBRO 1996
29	JOSE RODRIGUEZ PEREZ	INFORMÁTICO	XANEIRO 1995
30	SUSANA FERNANDEZ HERMIDA	AUX. ADMINISTRATIVO	XANEIRO 1995
31	LILIANA GONZALEZ GARRIDO	AUX. ADMINISTRATIVO	FEBREIRO 1995
32	MARIA HERMO VILLAR	AUX. ADMINISTRATIVO	FEBREIRO 1995
33	ANGELA RODAL MOLDES	AUX. ADMINISTRATIVO	FEBREIRO 1995
34	MARINA ALFARO ESPÍNEIRO	AUX. ADMINISTRATIVO	FEBREIRO 1995
35	MARGARITA RAMOS BARREIRO	AUX. ADMINISTRATIVO	MARZO 1995
36	EUGENIA GARCIA PICHER RODRIGUEZ	AUX. ADMINISTRATIVO	SETEMBRO 1995
37	JOSE VILA AYERBE	AUX. ADMVO. NOTIFICADOR	AGOSTO 1995
38	JOSE RAMÓN PEREZ ALVAREZ	AUX. ADMVO. NOTIFICADOR	AGOSTO 1995
39	ABELARDO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	AUX. ADMVO. NOTIFICADOR	NOVEMBRO 1995
40	RAMON ALONSO LAGO	AUX. ADMVO. NOTIFICADOR	NOVEMBRO 1995
41	FRANCISCO GIL CONDE	AUX. ADMVO. NOTIFICADOR	NOVEMBRO 1995
42	ROBERTO GALEGO ROUCO	AUX. ADMVO. NOTIFICADOR	MAIO 1996
43	ARACELI GOMEZ	AUX. ADMVO. NOTIFICADOR	XULLO 1998
44	ENCARNACION DIESTE VAZ	DELINEANTE	XANEIRO 2000
45	ELENA FARALDO REINOSO	AUX. ADMVO. NOTIFICADOR	ABRIL 1997

45(1123).- BASES XERAIS DA CONVOCATORIA DE TRES BECAS DE FORMACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS DA CONCELLERÍA DE TURISMO. EXPTE. 1944/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.07.06 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo, Comercio e Industria, do 18.07.06, conformado polo concelleiro de Mobilidade e Seguridade e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases xerais que rexerán a convocatoria de tres becas para a realización de prácticas nas oficinas e servicios turísticos da Concellería de Turismo, que se desenvolverán dende o 15 de outubro do 2006 ata o 15 de xuño do 2007, ámbolos dous inclusive.

2º.- Aprobar a convocatoria de tres bolsas de formación para a realización de prácticas nas oficinas e servicios turísticos da Concellería, que se desenvolverán dende o 15 de outubro do 2006 ata o 15 de xuño do 2007, ámbolos dous inclusive.

3º.- Aprobar o gasto de 18.000 € para a dotación económica das bolsas de formación, dos que 5.625 € serán imputados con cargo a partida orzamentaria 7510.4810000 “Transferencias a Familias e Institucións”, do presuposto actualmente en vigor para o ano 2006 (15 de outubro ó 31 de decembro) e o resto, 12.375 €, imputados a partida 7510.4810000 “Transferencias a Familias e Institucións” do exercicio do 2007.

4º.- Que se libre a xustificar a cantidade de 5.625 € -correspondentes os dous meses e medio que quedan ata finais de ano (15 outubro - novembro e decembro), con cargo á partida 7510 4810000 “Transferencias a Familias e Institucións”, a favor de Don Carlos Soto Álvarez, con D.N.I. 35.966.988 W, para proceder ó pagamento mensual das becas ata finais de ano. Que se ingrese esta contía na conta habilitada do Departamento de Turismo número 2080 0000 78 0040246105.

CONVOCATORIA DE TRES BECAS PARA A REALIZACIÓN PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACION E
SERVIZOS TURÍSTICOS

PRIMEIRO.- OBXECTO

En virtude do establecido no artigo 28 da Lei de Bases de Réxime Local e disposicións concordantes, así como na Lei Xeral de Subvencións 38/2003, a Concellería de Turismo do Concello de Vigo convoca a concesión de becas para a realización de prácticas en oficinas de información e servicios turísticos para o período invernal 2006-2007.

SEGUNDO: NÚMERO DE BECAS

Convócanse 3 bolsas para a realización de prácticas de información nas oficinas de información turística e servicios turísticos que a Concellería porá en funcionamento para o período invernal.

TERCEIRO: DOTACION

A contía da convocatoria ascende á totalidade de 18.000€, que se imputarán á aplicación presupostaria 7510 4810000 “Transferencias a Familias e Institucións”, do presuposto para o ano 2006 da Concellería de Turismo actualmente en vigor; 5.625 € o presuposto correspondente ó ano 2006 (2,5 meses) e os 12.375 € restantes ó presuposto do ano 2007 (5,5 meses).

CUARTO: PRAZO

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles a partir da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO: SOLICITUDES

As solicitudes serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello, dentro dos dez días hábiles seguintes á publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia. Poderán remitirse, asemade, ó Rexistro Xeral, no prazo antes

mencionado, en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As solicitudes deberán acompañarse da documentación requirida nas bases desta convocatoria.

SEXTO: DURACION DAS BOLSAS

As prácticas terán unha duración de oito meses durante o período invernal. Comezando, en principio, o día 15 de outubro de 2006 e rematando o día 15 de xuño de 2007. No caso de que o comezo das prácticas tivese que retrasarse por algunha causa, o remate prolongarase tantos días como se teña retrasado o comezo da actividade.

SETIMO: BASES

Apróbanse as bases que se relacionan no Anexo I, que rexirán a convocatoria de becas destinadas á realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos durante o período invernal, dentro do marco xurídico definido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en réxime de concurrencia competitiva.

OITAVO: PRAZO RESOLUCION E NOTIFICACION

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de catro meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria.

A resolución do procedemento notificarase ós interesados de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. A práctica de dita notificación ou publicación axustarase á disposición contida no artigo 59 da citada Lei.

ANEXO I - BASES PARA A CONVOCATORIA DE BECAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVICIOS TURÍSTICOS

O desenvolvemento do sector turístico e o necesario incremento dos niveis de calidade dos servizos que se prestan ó turista, recomendan aumentar o grado de especialización dos profesionais da actividade turística, proporcionándolles a posibilidade de mellorar o seu nivel de formación e coñecemento do sector, mediante a convocatoria de becas de prácticas profesionais de especialización.

O Concello de Vigo está a adoptar unha serie de medidas para acadar os fins sinalados. Entre estas medidas está a de favorecer o acceso a prácticas de información turística ós/as Técnicos Superiores en Información e Comercialización Turística, os Diplomados/as en Empresas e Actividades Turísticas e os estudantes de 3º curso da Diplomatura en Empresas e Actividades Turísticas que teñan superando todo primeiro e todo segundo.

Precisamente co obxectivo de potenciar a formación do sector e a mellora da calidade dos servizos turísticos, obxectivo éste de interese público, a administración, consonte ó establecido no artigo 74 da Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo en Galicia, e ó abeiro dos principios de incentivación de encadran na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, realiza a convocatoria de axudas públicas con estes fins de carácter social e económico.

Por todo o antedito, e en virtude das competencias atribuídas ós municipios no artigo 28 de Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, e concretamente, en relación ó turismo e o comercio, no artigo 25.2.m), e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, e consonte o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, mediante o que se regula o procedemento de concesión de subvencións, en réxime de concurrencia competitiva, a Concellería de Turismo realiza unha convocatoria de bolsas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos, coas seguintes

BASES DA CONVOCATORIA DE BECAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS

PRIMEIRA: Modalidade

Becas para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos municipais durante o periodo indicado na convocatorias das bases.

SEGUNDA: Número

O número de bolsas que se convocan para a realización de prácticas nas oficinas de información turística e outros servizos turísticos será do número indicado na convocatoria.

TERCEIRA: Requisitos dos/as bolseiros/as

Ademais dos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións, para poder optar ás bolsas, os interesados/as deberán reunir, como mínimo, os seguintes requisitos:

1. Poderán optar ás bolsas de prácticas nas oficinas e servizos de información e promoción turística os/as Técnicos Superiores en Información e Comercialización Turística, os Diplomados/as en Empresas e Actividades Turísticas, así como, os estudantes de 3º curso da Diplomatura en Empresas e Actividades Turísticas que teñan superando todo primeiro e todo segundo.

A titulación deberá ser, cando menos, obtida no ano 1998 ou con posterioridade á este data. Só poderán concurrir a esta convocatoria os/as solicitantes que reúnan estas condicións e sempre que nacesen con posterioridade ó 31 de decembro de 1975.

2. A concesión das bolsas de estudos é incompatible con outras axudas simultáneas que conceda o Concello de similar contido e alcance.

Para a acreditación destes requisitos e dos méritos que aleguen os candidatos/as, deberán cumprir o especificado na base novena destas bases.

CUARTA: Duración

A duración das bolsas será a especificada na convocatoria.

QUINTA: Dotación das bolsas e aboamento

A dotación das bolsas será especificada na convocatoria.

O importe da axuda será obxecto das correspondentes retencións do rendemento ó traballo, estipuladas legalmente.

SEXTA: Natureza xurídica da relación

A condición de bolseiro/a en virtude da convocatoria non xerará ningún tipo de relación de carácter laboral ou contractual co Concello de Vigo. Os titulares da beca serán única e exclusivamente beneficiarios dunha subvención para a obtención da debida formación profesional, sen que exista relación de servizos profesionais co Concello de Vigo e sen que implique a devandita axuda económica unha contraprestación dos traballos que eventualmente se realicen. É dicir, trátase dunha disposición gratuita de fondos públicos, en forma de axuda económica, para fomentar unha actividade de utilidade pública como é a mellora da formación dun sector de marcada importancia na economía local.

A concesión da beca tampouco dará lugar á inclusión dos bolseiros/as no Réxime Xeral da Seguridade Social.

SÉTIMA: Contido dos traballos a desenvolver.

- a) *Promoción e apoio á comercialización de produtos turísticos da Concellería.*
- b) *Información ó turista sobre os recursos turísticos da cidade: monumentos, actividades de recreo e ocio, museos, praias, hoteis, transportes, rutas turísticas, gastronomía, espectáculos, feiras, festas, etc., así como calquera outras información que pola súa natureza ofrezca atractivo para o visitante.*
- c) *Facilitar información e atención ó turista para o período estival: oficinas de información, bus turístico, puntos vermellos, atención a cruceiristas, oficina móbil, etc.*
- d) *Elaboración de estadísticas das oficinas de información e servizos turísticos, reflectindo perfil de visitante, medio de transporte, motivación da viaxe, tipo de aloxament elexido, etc.*
- e) *Actualización do inventario de recursos turísticos.*
- f) *Apoio á realización de estudos e informes de produtos e mercados turísticos emisores.*

OITAVA: xustificación da subvención por parte do beneficiario

Os/as beneficiarios/as das bolsas comprométese á realización das devanditas tarefas con plena disponibilidad, de acordo coas indicacións e horarios que lles sinale o Xefe do sercicio de Turismo e Comercio, cun límite de trinta e sete horas e media semanais. Todos os horarios estarán suxeitos a cambios se as circunstancias o esixen, sen pasar nunca do límite mencionado.

Turismo de Vigo asignará os destinos, reservándose a facultade de adscribir ós becarios durante o período de disfrute da beca a unha oficina ou servizo diferente do primeiro ó que inicialmente se lle adscribira, se as circunstancias así o aconsellan.

O labor do/a bolseiro/a será incompatible con calquera outra actividade non recollida no seu plan de traballo.

Os/as beneficiarios/as das bolsas comprométese, asimismo, a entregar unha memoria dos traballos realizados ó finalizar o período da bolsa, así como os datos estadísticos recollidos diariamente durante o desenvolvemento do seu traballo.

Os traballos que os/as bolseiros/as puideran realizar durante o disfrute da bolsa de prácticas, así como a memoria final serán propiedade do Concello de Vigo, que se reserva o dereito da súa publicación e utilización.

Ós/ás bolseiros/as que o soliciten entregaráselles un certificado conforme realizaron as prácticas de referencia.

NOVENA: Solicitude e prazo.

As solicitudes serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello, dentro dos dez días hábiles seguintes á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Poderán remitirse, asemade, ó Rexistro Xeral, no prazo antes mencionado, en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A solicitude da bolsa implica o coñecemento e aceptación de todos os termos contidos nestas bases de convocatoria.

DÉCIMA: Acreditación de requisitos e méritos.

Os/as interesados deberán presentar as súas solicitudes no prazo fixado na convocatoria, acompañada da seguinte documentación, “por orde”:

- a) *Impreso de solicitude*
- b) *Fotocopia cotexada, por ámbalas dúas caras, do DNI*
- c) *Currículo vitae e fotografía.*

- d) Declaración xurada das axudas de bolsas solicitadas ou concedidas polas administracións pública para o mesmo período.
- e) Fotocopia compulsada do título ou do recibo do depósito do título.
- f) Certificación académica completa ou fotocopia cotexada dela (na que se reflecta a nota global de cada curso).
- g) Certificación acreditativa de ter superada a proba de grao (reválida).
- h) Certificación ou fotocopia compulsada das notas en idiomas obtidas en cada curso realizado en centros nacionais ou estranxeiros recoñecidos, así como certificación do título correspondente no caso de que se teñan finalizado os devanditos estudos. No caso da acreditación de idiomas non se admitirá como documento acreditativo a autoliquidación de taxas para a expedición do correspondente título.
- i) Certificación ou fotocopia compulsada da realización de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en axencias de viaxes, hoteis, congresos, feiras, museos, institucións ou organismos vencellados ó turismo, ou calquera outra actividade relacionada co turismo ou a xestión de recursos turísticos. Se o certificado leva o número de horas especificado polo reverso, a fotocopia deberá estar correctamente cotexada polas dúas caras.
- j) Fotocopia compulsada de diplomas acreditativos de asistencia a cursos especializados en turismo, xestión de ocio e tempo libre, ou de contido similar, sempre vencellados á actividade turística.
- k) Fotocopia compulsada de cursos de informática, especificando o número de horas e contido dos cursos en cuestión.

DÉCIMA PRIMEIRA: Criterios de avaliación.

Para a valoración dos méritos e titulacións alegadas, terase en conta o seguinte baremo:

1.- Valorarase con un 1 punto ós aspirantes que remataran os estudos de turismo e que teñan o título oficial de Técnicos Superiores en Información e Comercialización Turística o Diplomados en Empresas e Actividades Turísticas.

Valorarase a nota media obtida o longo dos estudos de turismo unha vez rematado o ciclo ou a diplomatura (os/as Técnicos Superiores en Información e Comercialización Turística e Diplomados/as en Empresas e Actividades Turísticas), do seguinte modo:

Sobresaínte: 1 punto
 Notable: 0,5 puntos

2.- Cursos de formación, ata un máximo de 3 puntos.

Por cada curso complementario vencellado ó turismo (monitor de ocio e tempo libre, xornadas técnicas de turismo, congresos de turismo, etc.) 0,5 puntos

Máster de Turismo 1 punto

Non se valorarán os cursos inferiores a 20 horas. Non se valorarán os cursos de protocolo. Non se valorarán os cursos que non acrediten expresamente o contido e o número de horas realizadas, aínda que sexan títulos oficias expedidos por organismos públicos.

3.- Idiomas

3.a) Por cada curso superado na Escola Oficial de Idiomas, ata un máximo de 2,5 puntos por idioma: 0,50 puntos

3. b) Os méritos que se conteñen no seguinte cadro, valoraranse tal e como se indica, ata un máximo de 2,5 puntos por idioma.

IDIOMA	TITULACION	PUNTUACION	
GALEGO	Curso de iniciación de galego ou titulo homologado	0,25	non acumulables
	Curso de perfeccionamento de galego ou titulo homologado	0,5	
	Curso de especialización da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	1	
	Estar a cursar unha licenciatura en Filoloxía distinta da Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa, ou unha titulación universitaria, que posúa materias de Lingua e/ou Literatura Galega (como por exemplo Maxisterio) tendo aprobadas dúas destas materias	0,5	
	Ter cursado unha licenciatura nunha Filoloxía distinta da Galega ou Galego-Portuguesa, que posúa materias de Lingua e/ou Literatura Galega (como por exemplo Maxisterio) tendo aprobadas dúas destas materias	1	
	Ter superado o primeiro ciclo da licenciatura de Filoloxía Galego ou Galego-Portuguesa	1	
INGLES	First Certificate in English (FCE) University of Cambridge	0,5	non acumulables
	Certificate in Advanced English (CAE) University of Cambridge	1	
	Certificate of Proficiency in English (CPE) University of Cambridge	1	
	Test of English as a Foreign Language (TOEFL) Certificate (550/213 pt)	1	
	Certificate of Competency in English (ECCE) Michigan University	0,5	
	Certificate of Proficiency in English (ECPE) Michigan University	1	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado inglés como segunda lingua estranxeira	0,5	

	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado inglés como primeira lingua estranxeira	1	
	Diplomatura en Maxisterio, especialidade lingua estranxeira - inglés	0,5	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Inglesa	0,5	non acumulables
	Licenciatura en Filoloxía Inglesa	1	
FRANCÉS	Diplôme d`Études en Langue Française (DELF) 1er degré	0,5	non acumulables
	Diplôme d`Études en Langue Française (DELF) 2eme degré	1	
	Diplôme Approfondi de Langue Française (DALF)	1	
	Diplôme de Langue Française (DL) Alliance Française (AF)	0,5	
	Diplôme Supérieur d`Études Française Modernes (DS) Alliance Française (AF)	1	
	Diplôme de Hautes Etudes Françaises (DHEF) Alliance Française (AF)	1	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado francés como segunda lingua estranxeira	0,5	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado francés como primeira lingua estranxeira	1	
	Diplomatura en Maxisterio, especialidade lingua estranxeira - francés	0,5	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Francesa	0,5	non acumulables
	Licenciatura en Filoloxía Francesa	1	
	ALEMÁN	Zertifikat Grundstufe III Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)	0,5
Zertifikat Deutsch als Fremdsprache (ZDaF) Goethe-Institut Inter Nations (GIIN)		1	
Zentrale Mittelstufenprüfung (ZMP) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)		1	
Zentrale Oberstufenprüfung (ZOP) Goethe-Institut Inter Nationes (GIIN)		1	

	Kleines Deutsches Sprachdiplom (KDS) Goethe-Institut Inter nationes (GIIN)	1	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado alemán como segunda lingua estranxeira	0,5	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado alemán como primeira lingua estranxeira	1	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Alemana	0,5	non acumulables
	Licenciatura en Filoloxía Alemana	1	
PORTUGUÉS	Diploma de Lingua Portuguesa (DILP) Universidade de Lisboa (UL)	1	non acumulables
	Diploma Intermedio de Portugués Lingua Estrangeira (DIPLE)	0,5	
	Diploma Avançado de Portugués Lingua Estrangeira (DAPLE)	1	
	Diploma Universitario de Portugues Lingua Estrangeira (DUPEL)	1	
	Segundo nivel de Cursos de verán (curso de férias) para estranxeiros, estruturados en 2 niveis, de Portugués, lingua portuguesa, lingua e literatura portuguesa ou lingua e cultura portuguesa, en calquera universidade portuguesa ou da Sociedade da Lingua Portuguesa (SLP)	0,5	
	Segundo nivel de Cursos de verán (curso de feiras) para extranxeiros, estruturados en 3 ou mais niveis, de portugués, lingua portuguesa, lingua e literatura portuguesa ou lingua e cultura portuguesa, en calquera universidade portuguesa ou da Sociedade da Lingua Portuguesa (SLP)	1	
	Cursos de 1 ano lectivo de portugues, lingua portuguesa, lingua e literatura portuguesa ou lingua e cultura portuguesa, para estranxeiros, en calquera universidade portugues	1	
	Primeiro ciclo da licenciatura en Filoloxía Portuguesa	0,5	
	Licenciatura en Filoloxía Portuguesa ou Galego-Potuguesa	1	

	Certificación académica de calquera Facultade de Filoloxía (excepto Filoloxía Portuguesa ou Galego-Portuguesa) ou Traducción onde consten 10 créditos nas materias: introducción a lingua portuguesa, lingua portuguesa, lingua e cultura portuguesa ou gramática portuguesa (o crédito corresponde a 10 horas de ensino teórico, práctico ou o seu equivalente)	0,5	
	Certificación académica de calquera Facultade de Filoloxía (excepto Filoloxía Portuguesa ou Galego-Portuguesa) ou Traducción onde consten 15 créditos nas materias: introducción a lingua portuguesa, lingua portuguesa, lingua e cultura portuguesa ou gramática portuguesa (o crédito corresponde a 10 horas de ensino teórico, práctico ou o seu equivalente)	1	
ITALIANO	2º curso do Instituto Italiano de Cultura	0,5	non acumulables
	3er curso do Instituto Italiano de Cultura	1	
	Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 3 (CELI 3) Università per Stranieri, Perugia (USP)	0,5	
	Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana, Livello 4 (CELI 4) Università per Stranieri, Perugia (USP)	1	
	Certificazione di Italiano come Lingua Straniera, Livello 2 (CILS 2) Università per Stranieri di Siena	0,5	
	Certificazione di Italiano come Lingua Straniera, Livello 3 (CILS 3) Università per Stranieri di Siena	1	
	Certificado de Italiano come Lingua Due (IT2) Università di Roma 3	1	
	Licenciatura en traducción e interpretación, habendo cursado italiano como primeira lingua estranxeira	1	
	Primeiro ciclo da Licenciatura en Filoloxía Italiana	0,5	non acumulables
	Licenciatura en Filoloxía Italiana	1	

3.c) Tódolos cursos non citados anteriormente valoraranse con 0.30 puntos e deberán ser sempre superiores a 70 horas, ata un máximo de 2 puntos por idioma.

Non se valorarán estes cursos se non acreditan o número de horas. Para a acreditación destes méritos deberá aportarse certificación académica ou fotocopia compulsada das notas ou calificacións obtidas. Non se valorarán aqueles cursos de idiomas que non se acrediten deste modo e non se terán en conta como acreditación os documentos de autoliquidación de taxas para a obtención do título correspondente.

4.- Experiencia.

4.a) 0,40 puntos por cada mes de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en información e comercialización turística.

O contrato de traballo ou certificado de prácticas deberá especificar, necesariamente, o número de horas traballadas ó mes. Non se valorarán os contratos ou certificacións inferiores a un mes. A puntuación por este concepto valorarase en función do número de horas traballadas ó cabo do mes, de forma proporcional, considerando o mínimo de xornada mensual a de 80 horas/mes. Concederáselle 0.40 puntos por cada mes traballado a xornada completa, as xornadas inferiores a esta se valorarán proporcionalmente con aquela.

4.b) 0,30 puntos por cada mes de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en axencias de viaxes, hoteis, congresos, feiras, museos, institucións ou organismos vencellados ó turismo, ou calquera outra actividade relacionada co turismo ou a xestión de recursos turísticos. A puntuación, por este concepto, valorarase en función do número de horas traballados ó cabo do mes, de forma proporcional, considerando o mínimo de xornada mensual a de 80 horas/mes. Concederanse 0,30 puntos, por cada mes traballado a xornada completa (80 horas), as xornadas mensuais inferiores a esta valoraranse proporcionalmente con aquela. O contrato ou certificado de prácticas ou traballo deberá especificar, necesariamente, o número de horas traballados ó mes. Non se valorarán os contratos ou certificacións inferiores a un mes.

A puntuación máxima acumulada por todas as prácticas realizadas é de 3 puntos.

5.- Informática

0,15 puntos por cada curso de informática en centros recoñecidos, ata un máximo de 1 punto.

Non se valorarán os cursos inferiores a 40 horas. Non se terán en conta os cursos de mecanografía e tampouco se valorarán aqueles que non especifiquen o contido e número de horas.

No caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación no concurso, a selección realizarase mediante unha entrevista persoal cos/coas candidatos/as. A entrevista poderá incluír proba de coñecemento de idiomas, escrita ou oral.

Asemade, no caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación, terá prioridade aquel/a que non teña realizado prácticas con anterioridade na Concellería.

No caso de que, unha vez adjudicada a bolsa de estudos, xurdisen renuncias, adxudicaráselle automaticamente a axuda ó seguinte aspirante en puntuación, procedéndose do mesmo xeito en renuncias sucesivas.

DÉCIMO SEGUNDA: Avaliación e Resolución.

As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo cos criterios mencionados na cláusula anterior, por unha comisión de avaliación, que se constituirá a tal efecto. A comisión de avaliación estará presidida pola Concelleira

de Turismo e Comercio, e formará parte dela o Xefe do Servicio de Turismo e Comercio, e unha funcionaria do departamento de Turismo, actuará como secretaria unha funcionaria do departamento.

A Comisión de Avaliación realizará unha lista cos aspirantes admitidos e non admitidos, neste último caso, expresará a razón da exclusión.

A Comisión de Avaliación poderá realizar proba de idiomas ós aspirantes admitidos.

A Comisión de Avaliación puntuará os méritos alegados polos candidatos conforme ó baremo previsto nas bases.

Unha vez realizada a valoración, a Concellería de Turismo elevará proposta á Xunta de Goberno Local para que adxudique as becas a aqueles aspirantes que acadaran a maior puntuación.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de catro meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria.

DECIMO TERCEIRA: Notificación e publicación.

Á vista da proposta de resolución que formule a Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local resolverá a adxudicación das becas, de conformidade co establecido nesta convocatoria.

A devandita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dictou, ou ser impugnada ante a xurisdicción contencioso-administrativa, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro.

A resolución do procedemento notificarase ós interesados de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A concesión da subvención notificarase persoalmente ós interesados/as nos domicilios consignados a estes efectos na solicitude. Os/as beneficiarios/as están obrigados no prazo de cinco días naturais a comunicar á Concellería de Turismo a aceptación ou renuncia das bolsas por escrito.

No caso de aceptación, achegarase a ésta certificación bancaria da conta onde se aboará a axuda de referencia ó titular da mesma, unha vez finalizadas as prácticas e realizados todos os trámites administrativos de xustificación de libramento da subvención.

Se unha vez aceptada a beca, o adxudicatario renunciara a ela, deberá facelo de forma justificada. En todo caso, se a renuncia se producise durante os quince primeiros días de desfrute da mesma, o beneficiario non terá dereito a percibir ningunha contía polo período traballado.

Se transcorridos cinco días non se fixese manifestación en ningún sentido, tal feito entenderase como renuncia á bolsa e ésta concederase ó seguinte aspirante por orde de puntuación.

A relación das persoas que resulten designadas como bolseiros/as será publicada no Boletín Oficial da Provincia, en aplicación do artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións, 38/2003.

DECIMO CUARTA: Incumprimento das obrigas.

A Xunta de Goberno Local poderá anular as axudas concedidas, a proposta do Departamento de Turismo, se media informe negativo do incumprimento das obrigas e previa audiencia das partes.

Dada a natureza da beca que se concede, consideraranse incumprimento graves do obxecto da convocatoria e conlevaría a revocación ou interrupción da axuda concedida:

- 1.- O incumprimento de calquera das obrigas previstas nas bases desta convocatoria.*
- 2.- Non comezar no prazo que se sinala o desenvolvemento das prácticas.*
- 3.- Non realizar as actividades previstas cun nivel de adicación satisfactorio.*
- 4.- Non presentar a memoria acreditativa do traballo realizado.*
- 5.- Fallas de puntualidade ou de asistencia non xustificadas ou reiteradas.*

DÉCIMO QUINTA: Control de cumprimento do obxecto.

O control do cumprimento do obxecto, condicións e finalidade das becas concedidas efectuarase de conformidade co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, coas presentes bases da convocatoria e coa Base 38ª das de Execución do Presuposto actualmente en vigor.

As becas estarán suxeitas ó rexime de infraccións e sancións que, en materia de subvencións, establece a devandita Lei.

DÉCIMO SEXTA: Consideracións Xerais.

En todo o non recollido nestas bases lle será de aplicación directa a Lei 38/2003, de 17 de novembro.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

46(1124).- ACUMULACIÓN DO POSTO DE TRABALLO VACANTE AO CONCURSO DE TRASLADOS 2005. EXPTE. 16625/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 17.08.06, conformado pola Excma. Alcaldesa, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.No BOP nº 14, do venres 20 de xaneiro de 2006, foron publicadas as Bases do concurso de traslados correspondente ao ano 2005, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/2005.

2.O posto de traballo denominado “Xefe da Oficina da Secretaría da Xerencia de Urbanismo”, código de posto 93, pertencente o grupo C, Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, con Complemento de destino 22 e complemento específico 32, se atopa vacante por xubilación da súa titular o 22 de novembro de 2005. En reiteradas ocasións a Xerencia Municipal de Urbanismo ten solicitado a súa cobertura, concretamente en data 17 de febreiro de 2006 (expediente nº 1584/407).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O artigo 20 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, así como o artigo 2 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, do Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna na Comunidade Autónoma de Galicia -aplicable ao persoal ao servizo da Administración Local- e supletoriamente no artigo 36 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional, regulan como procedemento de provisión de postso de traballo a figura do concurso.

II. De conformidade co apartado segundo do acordo da Xunta de Goberno Local de 30/12/2005 aprobatorio das Bases do Concurso de Traslados para o ano 2005, os postos da mesma natureza que queden vacantes en función das xubilacións que se produzan ata a data do concurso e que contén con crédito no presuposto acumularanse aos ofertados, ao ser o obxecto do propio concurso a redistribución de efectivos.

III. Vistas as competencias en materia de persoal recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese ao criterio da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Acordar a acumulación ao concurso de traslados para o ano 2005 do posto de traballo denominado “Xefe da Oficina da Secretaría da Xerencia de Urbanismo”, código de posto 93, pertencente o grupo C, Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa, con Complemento de destino 22 e complemento específico 32, o cal se atopa vacante por xubilación da súa titular no ano 2006, á vista da petición formulada polo organismo autónomo municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo” en data 17/02/2006 e de conformidade co expresamente previsto nas Bases do Concurso de Traslados para o ano 2005, os postos da mesma natureza que queden vacantes en función das xubilacións que se produzan ata a data do concurso e que contén con crédito no presuposto acumularanse aos ofertados, ao ser o obxecto do propio concurso a redistribución de efectivos.

SEGUNDO.- Ordenar a súa urxente publicación no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de abrir un prazo para a presentación de solicitudes de 15 días hábiles contados dende a publicación do presente acordo.

Notifíquese o presente acordo ao interesado, Intervención Xeral, Unidade de Persoal, Organización e Métodos e Servizo de Asesoría Xurídica aos efectos que procedan.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

47(1125).- BASES DE SELECCIÓN PARA CONTRATAR INTERINAMENTE EN RÉXIME LABORAL TRES PRAZAS DE AXUDANTE DE OFICIOS, VACANTES NO CADRO DE PERSOAL. EXPTE. 16590/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.08.06 e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 27.07.06, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e pola Excmo. Alcalde Acctal., a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar-la urxencia para proceder á cobertura de tres prazas de Axudante de Oficios, contrato laboral por interinaxe, vacantes no vixente Cadro de Persoal Municipal e Relación de Postos de Traballo.

2º.- Aprobar a convocatoria de tres prazas de axudante de oficios, vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo para ser cubertas con carácter interino polo procedemento de oposición libre.

3º.- Aproba-las seguintes bases de selección:

I. **CONDICIONS DOS ASPIRANTES**

- a) *Ser español/a ou nacional dalgún estado membro da UE, de conformidade co previsto no artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro.*
- b) *Ter cumpridos 18 anos de idade, segundo nova redacción dada ó artigo 135 Rdl 781/86, pola Lei 62/03, na data de finalización do prazo de presentación de instancias.*
- c) *Estar en posesión do título de graduado escolar, FP1 ou equivalente.*
- d) *Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o exercicio das súas funcións, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións cos demais aspirantes, segundo o disposto na Disposición Adicional 19ª da Lei30/84, na redacción dada pola Lei 53/03, de 10 de decembro.*
- e) *Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidade autónoma ou administración local, nin se atopar inhabilitado/a para o desempeño de funcións públicas.*
- f) *Non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.*
- h) *Carta de pagamento acreditativa de ingreso na Tesourería municipal do Concello da cantidade de 16,35 €.*

Os extremos contidos nos apartados a) e b) acreditaranse con fotocopia compulsada do documento nacional de identidade; o do apartado c) con xerocopia compulsada do título legalmente expedido; o do apartado d) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; os do apartados e) e f) mediante declaración xurada ó efecto, o apartado g) achegando á instancia a carta de pagamento.

II. SISTEMA DE SELECCION

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

III.- EXERCICIOS DA OPOSICION

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas como mínimo, con tres respostas alternativas, tamén como mínimo, que proporá o tribunal inmediatamente antes de que se inicie o exercicio e relacionado coas materias contidas no temario que figura como anexo a estas bases, no prazo que estableza o Tribunal.

Neste exercicio teórico, cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada.

Segundo exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un suposto práctico ou realiza-las tarefas que proporá o tribunal, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo que estableza o mesmo en función da natureza da proba.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e non eliminatoiro.

Trátase da na práctica dunha proba de coñecemento do idioma galego, consistente na corrección de expresións e palabras escritas incorrectamente nunha serie de frases para un galego correcto e normativizado, nun prazo máximo de 15 minutos.

Os dous primeiros exercicios cualificaránse de 0 a 10 puntos, quedando eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de 5 puntos en cada un de eles, mentres que a proba de coñecemento de idioma galego cualificaráse cun máximo de 2 puntos, debendo participar no primeiro curso de galego que organice a Corporación, no caso de non obter 1 punto como mínimo.

Serán nomeados/as os/as aspirantes que obteñan a maior puntuación unha vez sumadas as de tódolos exercicios da oposición.

IV. PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS

Será de 10 días hábiles a contar desde ó seguinte a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A instancia deberá achegarse á documentación á que se fai referencia na base I anterior.

V. PUBLICIDADE

O anuncio da convocatoria publicarase no BOP, e a lista de excluídos e as causas que o motiva; así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio publicarase na prensa local. O resto dos anuncios no taboleiro de edictos da Casa do Concello e no de anuncios dos centros onde se realicen as probas.

Contra a exclusión da lista de admitidos poderase presentar reclamación e subsanar erros ou omisións no prazo de catro días hábiles.

VI. TRIBUNAL

Estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: O designado pola Xunta de Goberno ou órgano en quen delegue, entre os membros da Corporación ou entre o persoal ó servizo da administración pública (arts. 127.h) e 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 7/2003, do 16 de decembro).

Vocais: Tres representantes da corporación, tres do comité de persoal e o xefe do Servizo correspondente a especialidade ou técnico cualificado (con voz e sen voto).

Simultaneamente cos titulares designaranse ós respectivos suplentes.

O Tribunal cualificador contará tamén cun secretario/a con voz e sen voto, funcionario/a con habilitación de carácter nacional ou da Corporación integrado na Escala de Administración Xeral, subescala técnica, designado/a polo órgano convocante.

Tódolos membros do tribunal deberán ter titulación igual ou superior á requirida para o acceso a praza, ou estar integrados-as no grupo de titulación que corresponda a aquela.

Tódolos membros do tribunal actuarán con voz e voto. O tribunal poderá nomear asesores, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

O tribunal contará coa asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a da unidade de Persoal do Concello, con funcións vinculadas a coordinación e o desenvolvemento dos distintos exercicios no correspondente proceso selectivo, sempre dacordo coas instrucións recibidas do Presidente do Tribunal.

A actuación do tribunal rexerese polo previsto na Lei de procedemento administrativo para o funcionamento dos órganos colexiados.

ANEXO

- Tema 1.- Referencia ós principios xerais e contido da Constitución Española de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia.*
- Tema 2.- O municipio: concepto e elementos. Breve referencia á organización e competencias municipais.*
- Tema 3.- Ferramentas mais utilizadas polas brigadas de obras, albanelería, electricidade, carpintería e fontanería. Características e aplicación.*
- Tema 4.- Conservación e mantemento de parques e xardíns: ferramentas utilizadas.*
- Tema 5.- Os materiais da construción; Clases e aplicación.*
- Tema 6.- A misión do axudante en relación cos diversos oficios: especial referencia ós de albanelería, electricidade, carpintería e fontanería e pintura.*

- Tema 7.- Funcións básicas de mantemento, seguridade, vixilancia e portería nun colexio público
- Tema 8.- Seguridade e saúde laboral; riscos, proteccións personais e colectivas de carácter común os diversos oficios.

Cuarto.- Os candidatos propostos formalizaráselle contrato laboral-temporal de interinaxe, ó aveiro do disposto nos artigos 15.1.c) e do 14 do Estatuto dos Traballadores, RD 2546/94, RD 2720/98, RDL 11/98 e Lei 50/98., extingúndose automaticamente no momento no que se produza a cobertura do posto de traballo polo procedemento legalmente establecido, de conformidade co disposto no artigo 8 do RD 720/1998, de 18 de decembro.

Os aspirantes nomeados deberán subscribi-lo seu contrato laboral-temporal de interinaxe no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente resolución.

Quinto.- Os/as candidatos/as nomeados percibirán as retribucións correspondentes ó posto de traballo de vixiante de instalacións municipais do vixente cadro de persoal.

Sexto.- Os/as candidatos/as que superen tódalas probas de que consta esta oposición, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratados/as como persoal interino ou laboral, segundo o disposto na disposición transitoria do decreto 116/93, do 3 de xuño, da Consellería de Presidencia e Admón. Pública da Xunta de Galicia.

Dita lista terá validez ata a resolución da próxima Oferta Pública de Emprego.”

48(1126).- CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POR UN PERÍODO DE TRES MESES DE DÚAS AUXILIARES ADMINISTRATIVAS PARA O SERVIZO DE ESTATÍSTICA. EXPTE. 16591/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 18.08.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Alcaldía Presidencia para formalizar tres contratos laborais temporais de auxiliares administrativas baixo a modalidade de acumulación de tarefas, contrato eventual por circunstancias da produción, regulado polo RD Lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15, lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, por un período de tres meses (prorrogable por outros tres), coas seguintes candidatas que figuran incorporadas á lista de substitucións que se reflexan nas actas da convocatoria para a contratación temporal de persoal auxiliar do Organismo autónomo Parque das Ciencias Vigo-Zoo, publicadas no BOP de 23 de maio de 2006. :

- D^a. TERESA MARIA FERNANDEZ LOPEZ, N.I.F 36.089.312-N
- D^a. MONICA GARCIA GUNTIÑAS, NIF 36.078.735-S

O referido persoal prestará os servizos propios da súa categoría profesional nos diferentes servizos municipais demandantes das contratacións propostas, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 138 da Relación de postos de traballo vixente.

Con carácter previo á formalización dos correspondentes contratos as aspirantes deberán acreditar a correspondente titulación esixida para participar na convocatoria anteriormente referida.

2º.- Aceptar a renuncia contida no escrito de data 7 de agosto de 2006, da aspirante Dª. Mª Goretti González Enes, NIF 36.161.329-Q.

49(1127).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez